



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 20

Sesión Plenaria
8 de marzo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 694 (10/PNP-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.2 1347 (10/PNP-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscrición dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

4.3 2514 (10/PNP-000237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.4 3696 (10/PNP-000306)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

4.5 4321 (10/PNP-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

4.6 5105 (10/PNP-000425)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.7 5123 (10/PNP-000428)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.8 5245 (10/PNP-000440)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 5. Interpelacións**5.1 2080 (10/INT-000083)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

5.2 4113 (10/INT-000151)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

5.3 4594 (10/INT-000175)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política sanitaria na área de saúde de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

5.4 5139 (10/INT-000196)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 5695 (10/POPX-000019)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a evolución da condición da muller en Galicia durante os mandatos do actual presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

6.2 5740 (10/POPX-000020)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para frear o retroceso nas políticas de igualdade de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

6.3 5774 (10/POPX-000021)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as medidas elaboradas pola Xunta de Galicia para que os homes se involucren activamente na igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 5205 (10/POP-000668)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis**

Sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

7.2 5678 (10/PUP-000059)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e catro depuados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da oferta de emprego público do ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.3 4808 (10/POP-000620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e catro deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.4 2660 (10/POP-000250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.5 4813 (10/POP-000621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para as mulleres que traballaron nas empresas de confección e que están desempregadas na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.6 5590 (10/PUP-000061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do mantemento da oferta pública de emprego anunciada para o ensino no ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.7 5773 (10/PUP-000062)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público para o ano 2017

7.8 3581 (10/POP-000418)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis

Sobre a actividade levada a cabo no eido dos transplantes en Galicia no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.9 5095 (10/POP-000655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis

Sobre a situación do proceso de ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

7.10 5220 (10/POP-000670)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a garantía do cumprimento de todos os requisitos legais no concurso da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución da condición da muller en Galicia durante os mandatos do actual presidente da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para frear o retroceso nas políticas de igualdade de xénero. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as medidas elaboradas pola Xunta de Galicia para que os homes se involucren activamente na igualdade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 27.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación coa celebración do Día Internacional das Mulleres, declaración que se aproba por asentimento. (Páx. 28.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 30.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 31.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 36.)

Intervención do grupo emendante: *A autora da emenda, así como os demais membros do grupo parlamentario emendante, renuncian a intervir nesta rolda.* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 39.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 41.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 49.) e *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 51.)

O señor Núñez Centeno (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 52.)

As señoras Barahona Martín, Chao Pérez, Cuña Bóveda, Quinteiro Araújo, Santos Queiruga e Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, interrompen a intervención do señor

Núñez Centeno agrupándose de pé fronte á tribuna de oradores con cartolinas reivindicativas na man relativas á convocatoria do paro internacional das mulleres de 12.00 a 12.30 horas. (Páx. 52.)

O señor presidente comunica que esta situación é contraria ao Regulamento na Cámara e que, se non se retiran, suspenderá a sesión plenaria. (Páx. 52.)

As citadas señoras deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea e mais a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento de Galicia abandonan o hemiciclo e continúa a sesión. (Páx. 53.)

O señor Núñez Centeno (P) continúa a súa rolda de posicionamento respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora Vázquez Verao (EM), autora desta proposición non de lei, non está presente, e ningún outro membro do seu grupo procede á súa defensa, polo que o señor presidente dá por decaída a devandita proposición non de lei. (Páx. 54.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 54.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 59.) e Sra. García Míguez (P). (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 63.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 64.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva: rexeitada por 20 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións. (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación

que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscrición dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor López Crespo (P) para que comunique o resultado da transacción sobre a proposición non de lei que deseguido se vai votar, e este dá lectura ao texto acordado. (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro: *aprobado por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma: *rexeitado por 28 votos a favor, 41 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 68.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor Núñez Centeno (P) para que comunique o resultado da transacción sobre a proposición non de lei que deseguido se vai votar, e este dá lectura ao texto acordado. (Páx. 69.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte: *aprobado por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.* (Páx. 69.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 73.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 78.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 87.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política sanitaria na área de saúde de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 96.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica que as preguntas números 6 e 7 serán debatidas de forma acumulada ao final da quenda de preguntas. (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 98.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 105.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da oferta de emprego público do ano 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 109.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para as mulleres que traballaron nas empresas de confección e que están desempregadas na actualidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a actividade levada a cabo no eido dos transplantes en Galicia no ano 2016. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do proceso de ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 128.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a garantía do cumprimento de todos os requisitos legais no concurso da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 134.)

O señor presidente comunica a acumulación, para o seu debate conxunto, das preguntas 7.6 e 7.7. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do mantemento da oferta pública de emprego anunciada para o ensino no ano 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público para o ano 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 136.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación E Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 138.)

Réplica das autoras: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 140.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación E Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 142.)

Remata a sesión ás seis e cincuenta e dous minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución da condición da muller en Galicia durante os mandatos do actual presidente da Xunta de Galicia

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, dicía Pardo Bazán hai máis de cen anos que, se en vez de chamarse Emilia fose Emilio, a súa vida tería sido ben diferente. De certo que avanzamos moito desde aquela na igualdade da muller, pero, sen dúbida, tamén queda moito por facer. Eu estou certo de que as mulleres van gañar en pouco tempo a batalla pola igualdade de xénero, tamén no mercado laboral, e tamén en Galicia, porque o seu empuxe, a súa determinación e as súas capacidades van levar por diante todas as barreiras que teñan, a pesar das dificultades e os atrancos, que dependen parcialmente das políticas, e tamén das políticas da Xunta de Galicia. Non todo depende de vostede, eu non estou dicindo iso, pero a Xunta de Galicia ten mecanismos e ten instrumentos para derrubar barreiras, para facer desaparecer teitos.

Señor Núñez Feijóo, para un mesmo número de mulleres activas, aproximadamente hai 40.000 empregos femininos menos que no ano 2008. As mulleres demandan máis emprego por vocación e por necesidade, para compensar a perda de ingresos no fogar, pero manteñen unha taxa de paro superior á masculina. E a metade das mulleres paradas levan máis de ano e medio nesta situación, o que cómpre corrixir intensificando o nesgo de xénero nos plans de emprego; sobre todo para as mulleres de menos de 35 anos, onde se concentra con maior intensidade a lacra do desemprego.

E, sobre todo, a Xunta de Galicia ten que actuar de xeito moito máis decidido e eficaz sobre as condicións do emprego. Tres de cada catro empregos a tempo parcial son ocupados por mulleres. E non é porque queiran, é por coidados familiares ou porque non lles ofrecen outra cousa. É moi importante actuar neste terreo, discriminando positivamente a contratación a tempo completo nos plans de emprego —cousa que non se fai coa suficiente decisión— e aplicando efectivamente a Lei de dependencia. E ambas cousas dependen enteiramente da Xunta de Galicia. A temporalidade nas mulleres mozas é inaceptablemente alta, máis de 6 de cada 10. Tamén é excesiva no sector público —estratéxico para as mulleres—, que depende enteiramente, na parte autonómica, de vostede. Pór en marcha un plan de consolidación do emprego no sector público para a reducir a temporalidade vai beneficiar moi positivamente as mulleres xóvenes.

E ¿que dicir da fenda salarial? As mulleres teñen unha presenza desproporcionada nos decís máis baixos e limitada nos máis altos, nos directivos ou superiores. A fenda de xénero está

presente en toda a escala salarial, e continúa, aínda que atenuada, por máis se que teña en conta o número efectivo de horas traballadas. Maior desemprego, parcialidade involuntaria, temporalidade moi alta, marcada fenda salarial, o que provoca unha quebra intensa no acceso ás prestacións de desemprego e na súa contía —que está, ademais, en descenso, nos últimos anos—, ou nas pensións medias das mulleres, un 28 % inferiores ás masculinas.

Señor presidente, estas cifras non son aceptables. Leva gobernando oito anos, non pode ollar para outro lado. ¿Como pensa vostede corrixir esta situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, concordo con vostede, señoría, en que, se en vez de dona Emilia Pardo Bazán fora Emilio Pardo Bazán, probablemente a súa vida sería bastante distinta. Pero dáme a sensación de que as aportacións de dona Emilia Pardo Bazán non as imos esquecer nunca. E por iso, señoría, tamén concordo con vostedes en que somos un país no que na Carta Magna, na nosa Constitución, non hai lugar a dúbidas e a garantía da igualdade efectiva é un dereito constitucional. Polo tanto, señorías, estamos nun dos lugares do mundo onde a igualdade non se ten que pedir, a igualdade é un dereito. E, en consecuencia, a igualdade, que é un dereito constitucional, ás veces, efectivamente, dista da realidade.

Concordo tamén con vostede en que é necesario criticar algunhas das situacións nas que se atopan as mulleres, pero tamén é necesario que reivindicemos o traballo e os avances que entre todos conseguimos nos últimos anos.

Fálame vostede da situación e pregunta que opino da situación da igualdade desde o punto de vista das mulleres. Miren, na miña opinión, diría en primeiro lugar que en moitos casos me preocupa esa situación; noutros casos indígname esa situación. E tamén, noutros moitos casos, estamos indo polo camiño axeitado, estamos facendo as cousas de forma correcta no ámbito da sociedade galega.

Pensemos por un momento na situación das mulleres en distintos ámbitos. Na representación política, señorías, na primeira lexislatura deste Parlamento había tres mulleres. Hoxe o 45 % dos membros desta Cámara son mulleres. No poder local, señoría, na primeira lexislatura en Galicia había seis alcaldesas, agora son 37. O número de concelleiras nos concellos galegos nas primeiras lexislaturas democráticas era aproximadamente do 11 %, agora é do 37 %. Se quere seguir falando, dende que tomei posesión na Xunta de Galicia, cando cheguei ao Goberno, o 30 % das mulleres eran altos cargos, agora é o 41,7 %. Nas universidades, o 55 % son mulleres que están estudando, e o 60 % desas acadan a titulación. Por exemplo, no eido xudicial, a maioría dos xuíces e fiscais en España son mulleres: o 65 % de xuíces en España son mulleres, e o 63 % de fiscais en España son mulleres. Se vostede me di se estamos satisfeitos, direille que non. Pero vostede debería saber —porque seguro que, se me fai a pregunta, o sabe— que a fenda salarial en Galicia é bastante inferior á española.

Vostede sabe perfectamente que o paro feminino en Galicia é bastante inferior ao paro feminino en España. E, por iso, señor Leiceaga eu creo que ben vale a pena poñer en valor o que fixemos e, por suposto, poñer o foco no que aínda non conseguimos. Pero, señor Leiceaga, o que conseguimos nesta última década en materia de igualdade é moito máis do que conseguimos en décadas anteriores, seguro; entre outras cousas, polo concurso do Partido Socialista Obreiro Español.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, a verdade é que non vou criticar a súa retórica sobre a igualdade. Pero si me parece que onde debemos discutir e onde está o centro da cuestión é nas políticas que se poñen en marcha. Eu creo que aquí a política da Xunta de Galicia ten deficiencias que hai que corrixir, e necesitamos unha política máis activa e máis eficaz en moitos terreos.

Xa lle fixen algunha proposta sobre incentivos ao emprego, pero quero facerlle algunhas máis que derivan xustamente do marco legal que temos.

Cúmprense dez anos estes días da Lei de traballo en igualdade que puxera en marcha o goberno de Emilio Pérez Touriño. O seu goberno incumpriuna, conxelouna e, finalmente, integrouna parcialmente na lei aprobada no ano 2015. Pero dous anos despois, hai partes importantes desa lei que non están nin sequera desenvoltas, como o plan galego de emprego feminino previsto no artigo 30, para promover a inserción laboral efectiva das mulleres. Ocupado o señor Conde, non tivo tempo de pór en marcha este plan dous anos despois, que tería que dar respostas aos atrancos e deficiencias que eu sinaléi antes, que son sacados das cifras oficiais coas que vostedes acompañan o proxecto de orzamentos presentado este ano na Xunta de Galicia. Teñen que corrixir o que podemos chamar o «piso de lama» e o «teito de cristal» no mercado laboral. É a súa responsabilidade, non depende de ninguén máis que de vostede, está previsto na lexislación. Os plans de igualdade nas empresas, previstos nos artigos 65 e 68 desa lei, son obrigatorios para a Administración autonómica e os seus diversos entes, desde as fundacións até os organismos autónomos. Depende da Secretaría Xeral de Igualdade, á súa vez dependente do vicepresidente. Son obrigatorios, pasaron dous anos. ¿Cantos están aprobados? ¿Cantos están en funcionamento? E se non se poñen en marcha, non teñen dotación orzamentaria nin contan con decisións. O VI Plan de igualdade da Xunta de Galicia rematou en 2015. Pasou 2016 e está pasando 2017 e non foi substituído por ningunha outra cousa. Iso é indicativo do compromiso do seu goberno coa igualdade.

Vostede pode facer moito máis, do micro ao macro, pode liberalizar a concesión do teletraballo, que é unha boa ferramenta para a conciliación. Pode facer ata tres días de teletraballo, e o seu conselleiro de Facenda é remiso a conceder esas condicións. Pero podemos aplicar tamén unha perspectiva de xénero desde o principio aos orzamentos da Xunta, como fan en Suecia, en Australia, en Corea do Sur, en Austria ou na rexión de Berlín. Facéndoo así, estaremos introducindo a perspectiva de xénero desde o principio no corazón daquilo que foi tradicionalmente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...un poder masculino, como son os ministerios ou, neste caso, as consellerías de facenda.

O compromiso coa igualdade exige máis que retórica, exige decisións, recursos, programas, equipos. Iso é o que lle pido, señor Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, o VII Plan estratéxico da igualdade, que é o período 2017-2020, ímolo aprobar este mes. Non temos retraso, señoría, estamos no mes de marzo, imos aprobar para o ano 2017, ata o ano 2020, este plan estratéxico. *(Aplausos.)* De sete plans estratéxicos, cinco plans estratéxicos aprobounos o Partido Popular. Vostedes estiveron no Goberno catro anos. Aprobaron un.

Señoría, sobre os datos que a vostede lle preocupan e a min tamén: na taxa de actividade, a fenda entre ambos sexos en Galicia é do 9,65 %; en España, dous puntos máis. A taxa de paro feminino en Galicia é tres puntos inferior á taxa de paro feminino en España —en Galicia é o 17 %, e en España, o 20,25 %—. Nos últimos datos de paro rexistrado, no último ano en Galicia baixou o paro feminino nun 8,45 % respecto do ano pasado; é dicir, case 11.000 mulleres menos en paro.

Señoría, eses son os datos. Claro que hai unha fenda evidente, inferior á española; claro que hai paro feminino, inferior á media de España.

Señoría, o salario por hora das mulleres, inconcibiblemente, é inferior ao dos homes nun 13 %. Pero é un punto e medio mellor que a media de España. Pero a fenda no salario por hora das mulleres é inferior en Galicia tamén á media da Unión Europea. Mentres en Galicia está no 13 %, a media da Unión Europea está no 16,7 %; en Galicia, 13,1 %, e na Unión Europea, 16,7 %.

Señoría, se vostede me di se estou preocupado polas condicións laborais, polas fendas salariais, a resposta é que si. Pero creo que vostede debe poñer en valor o que estamos conseguindo entre todos. Todas as políticas activas de emprego teñen unha discriminación positiva en favor da muller. Dende que chegamos ao Goberno, dende o ano 2009, o 55 % das axudas para incentivar a contratación foron para empregar a mulleres, o 55 %. Seguiremos así durante esta lexislatura ata o seu final, seguiremos no ano 2017 e con máis intensidade. E seguiremos poñendo en criterios de valoración unha maior ratio de equilibrio entre homes e mulleres nos seus cadros de persoal tamén nas empresas.

Imos seguir potenciando os plans de igualdade nas empresas. O pasado ano incrementamos un 28 % o orzamento. No ano 2017, volvemos incrementar un 27 % o orzamento nestes apoios. Levamos en dous anos máis do 50 % de incremento. E, por suposto, imos seguir colaborando coa Inspección de Traballo.

Señor Leiceaga, este mes de marzo imos aprobar por decreto —e converterémonos na primeira comunidade autónoma que o aproba— a formación en igualdade, prevención e loita contra a violencia machista de todo o persoal da Xunta de Galicia, a primeira comunidade autónoma de España. *(Aplausos.)*

E, señorías, temos elaborado e aprobado no Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero un protocolo de todo, señoría, onde vostedes seguro que están: o protocolo de cooperación e o protocolo de coordinación institucional fronte á violencia machista. Estamos todos, está a Administración do Estado, a Administración autonómica, a Administración local, a Administración de xustiza, as organizacións sindicais, asociacións de mulleres, a Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Señor Leiceaga, seguro que sempre se pode facer máis, pero comprenderá que estamos no bo camiño; e, se nos comparamos cos demais, entón si que estamos en mellor situación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para frear o retroceso nas políticas de igualdade de xénero

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Permítanme que neste 8 de marzo, as miñas primeiras palabras sexan de recoñecemento a todas as mulleres que dun ou doutro xeito loitaron contra a desigualdade e o patriarcado. Non podemos esquecer que, se as mulleres temos dereito ao voto, á educación, se estamos nos parlamentos, se podemos decidir sobre o noso corpo, é porque houbo un movemento feminista que o defendeu. *(Aplausos.)*

E o feminismo é hoxe máis necesario ca nunca. É máis necesario ca nunca porque aínda temos que escoitar discursos como os dun eurodeputado da dereita máis rancia que proclama impunemente que as mulleres temos que ter salarios máis baixos porque somos máis débiles, menos intelixentes e, fíxense, xogamos peor ao xadrez.

Pero aínda hoxe temos que ver como a dereita galega mira para outro lado ante un señor Baltar imputado por acoso sexual. Todos e todas puidemos escoitar esas cintas, esas gravacións nas que ofrecía emprego público a cambio de favores sexuais. E aí está, de presidente da Deputación de Ourense e do Partido Popular.

Pero é que aínda hoxe temos que escoitar discursos paternalistas que nos din nada máis e nada menos que non mesturemos política e igualdade. Discursos como os que vostede pronunciou esta fin de semana nun acto do Partido Popular onde nos proclamou nada máis e nada menos que non se deben politizar os problemas das mulleres senón resolvelos, ligalos á política sería unha falta de respecto. Se a desigualdade non é un problema político, ¿que é para vostede?, ¿un accidente xeográfico?, ¿un fenómeno meteorolóxico?

¿Sabe o que é unha falta de respecto, señor Feijóo? Dicirnos que a desigualdade é un problema das mulleres e non do conxunto da sociedade. ¿Acaso vostede cre que é un problema das mulleres que se incumpra o principio de a igual traballo, igual salario? As mulleres cobramos un 20 % menos, e gustaríanos que deixara de mirar aos que están peor e empezar a mirar aos que están mellor, porque así avanzaremos nalgún momento.

¿É un problema das mulleres que a pobreza teña rostro feminino? Os seus recortes e a austeridade incrementaron as desigualdades, señor Feijóo. ¿Cre vostede acaso que é un problema das mulleres a escalada de asasinatos, de violencia machista, que neste ano 2017 xa segou a vida de 21 mulleres no Estado español, en dous meses, señor Feijóo? ¿Sabe cantas foron as mulleres asasinadas desde o ano 2004? Case 800 mulleres.

Como comprenderán, en tres minutos non podemos facer diagnose e poñer sobre a mesa propostas. Mais eu hoxe si que quero facerlle unha demanda: que non financie con cartos públicos a desigualdade e que se sume ás mulleres inconformistas que queremos cambiar todo o que non funciona. E podo concretarlle un pouco máis esta proposta. Non ampare a quen acosa, deixe de financiar os centros públicos que segregan os nenos e as nenas en función do seu sexo, e comprométase a que a Xunta de Galiza rescinda os contratos con aquelas empresas que vulneren principios de igualdade ou que estean condenadas por acoso sexual ou por acoso laboral.

Agardo, señor Feijóo, o seu compromiso. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si creo, señoría, no feminismo sen etiquetas, non creo no feminismo nacionalista, nin no feminismo independentista, nin no feminismo reformista. Creo no feminismo sen etiquetas.

Señoría, o nacionalista polaco ao que vostede se refire, non cre niso. Polo tanto, iso de ser nacionalista e ser feminista non é sempre compatible, como pode vostede comprobar, señora Pontón, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) como pode vostede comprobar.

Señoría, a desigualdade, efectivamente, non é un problema das mulleres, a desigualdade é un problema de todos. Do mesmo xeito, cando nos preguntaban polas nosas nais e a que se dedicaban, poñíamos no papeleño do colexio «sus labores». Iso rematou, señoría. Polo tanto, se vostede non está de acordo coas nosas propostas, compréndoo, pero ten que admitir que a primeira lei de igualdade foi impulsada e aprobada por un partido ao que hoxe represento, no ano 2004. Eramos a cuarta comunidade autónoma de España que traíamos ao Parlamento unha lei. Vostede non a apoiou —polo menos, abstívose—; o Partido Socialista votou en contra.

Señoría, esa é a historia breve da igualdade no ámbito lexislativo en Galicia. Foi unha lei novidosa, foi a primeira lei que estableceu en España o permiso de paternidade, a primeira lei. É certo que eran dez días, entre oito e dez días se era parto múltiple ou non. Agora, o permiso

de paternidade son catro semanas. Pero empezamos aquí, señoría, en Galicia, neste Parlamento, humildemente; pero temos que dicilo para o resto de España e tamén para os nacionalistas galegos. *(Aplausos.)*

Señoría, o primeiro Plan de acción contra a violencia de xénero aprobouse no ano 2002, tamén por un goberno dun partido ao que me honro en pertencer. Señoría, esa é a historia. Pero o presente é que no curso este no que estamos, 2016-2017, por fin hai unha materia de igualdade de xénero. Porque moitos dos problemas da desigualdade son consecuencia de que non somos capaces a eses rapaces que se están formando de formalos nunha cuestión tan elemental, nun dereito fundamental tan elemental.

Elaboramos o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos, o primeiro na historia do ensino público en Galicia, o primeiro plan de igualdade no ensino educativo 2016-2020. No eido da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia machista estamos axudando ás entidades de iniciativa social, e 544 mulleres que sufriron a violencia machista foron axudadas nese drama. A independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero está garantida nunha lei de hai uns meses, de xullo de 2016 —por certo, entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aplicámola, señoría. As leis en Galicia aplícanse, noutras comunidades autónomas non, e vostedes están de acordo, pero aquí si, aquí aplicamos as leis, señoría. *(Aplausos.)*

Por iso o que temos que seguir facendo, señoría, é ese VII Plan estratéxico de Galicia de igualdade de oportunidades, 2017-2020; igualdade na educación e nos valores, igualdade na xestión dos traballos e dos tempos, igualdade no emprego e na innovación, igualdade na participación e no liderado, igualdade na calidade de vida, igualdade, sensibilización e prevención, igualdade e intervención e integración.

Señora Pontón, se estamos de acordo no que imos levar mañá ao Senado —o vicepresidente do Goberno en nome da Cámara—, ¿a vostede non lle parece máis axeitado seguir nos acordos que romper os acordos? Nós non imos romper ningún acordo deste Parlamento en materia de igualdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, eu empezaría por pedirlle que retirara que o Bloque Nacionalista Galego ten calquera vínculo coa extrema dereita, porque é unha mentira, unha falta de respecto e unha difamación *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pídlle, señor Feijóo, que o retire, pídlle que o retire. O Bloque Nacionalista Galego é unha forza de esquerdas que non ten nada que ver nin coa dereita, nin coa media nin coa extrema dereita *(Aplausos.)* E, polo tanto, pídlle que o retire.

En segundo lugar, eu, señor Núñez Feijóo, non fago como algunhas das súas deputadas e deputados que queren repartirnos carnés e acreditar nos para poder falar ou non de feminismo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei como entende vostede o feminismo... (*Murmurios.*) Eu escoitei todo con absoluta tranquilidade. Non sei por que lles molesta que os demais falemos.

Eu non sei que tipo de feminismo entende vostede sen etiquetas. ¿Para vostede o feminismo sen etiquetas é o que financia centros que segregan os nenos e nenas? ¿O feminismo sen etiquetas é o que financia con cartos de igualdade congregacións relixiosas? ¿O feminismo sen etiquetas é o que nos di ás mulleres que temos que pedir permiso para decidir sobre o noso corpo e a nosa maternidade? ¿Ese é o seu feminismo? Porque esas son as propostas do Partido Popular. Polo tanto, señor Feijóo, non difame o significado do feminismo e, sobre todo, non intente desvirtuar cal é o seu sentido nin agora queira dicirnos que vostede é o máximo adalid.

En todo caso, eu fíxenlle propostas moi concretas. Vostede fálame do pasado. Temos propostas moi concretas. Mire, ten sobre a mesa a oportunidade de demostrarnos que a Xunta de Galiza ten un compromiso claro coa igualdade. Voulle contar un caso dunha muller real deste país, chámase Neli. Neli era condutora de autobús, Neli tivo unha nena con moitos problemas, e cando lle pediu á súa empresa poder exercer os dereitos de conciliación, ¿sabe o que lle dixeron? Que fora para casa a coidar a súa nena e que cando volvera tería un posto de traballo. Tivo que reclamar xudicialmente poder exercer dereitos recoñecidos. Esa empresa, señor Feijóo, ten unha concesión pública. E fíxese que paradoxos do destino: resulta que lle deron esa concesión por ter un plan de igualdade.

¿Vai vostede facer algo ou vai simplemente descualificarnos e insultarnos á oposición? Ten unha oportunidade de facer algo útil porque hai moitas Nelis neste país que non ven unha Administración que tire e que as acompañe cando sofren unha discriminación e un acoso. Non sei se sabe vostede o que significa sufrir acoso e discriminación laboral no traballo.

Pero dígolle máis. Falounos sobre violencia de xénero, e non sei se pode dicirme, señor Feijóo, se neste momento están funcionando xa as axudas do coñecido salario da liberdade. Había un compromiso de que esa orde ía estar en vigor nada máis aprobarse os orzamentos da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Por favor, dígame en que DOG está publicada esa axuda. A día de hoxe, as mulleres en Galiza non poden solicitar o salario da liberdade, pídlle que deixe de financiar os centros que segregan nenos e nenas.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: E pídlle, por favor...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que utilice os recursos, que as leis as aplique e que non veña aquí a gabarse dos seus incumprimentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

O feminismo sen etiquetas é constituír o Consello Galego de Mulleres por primeira vez no ano 2014. O feminismo sen etiquetas é a Comisión Asesora de Publicidade non Sexista, por primeira vez na comunidade autónoma no ano 2014. O feminismo sen etiquetas é aprobar o Programa da muller e da ciencia entre 2016 e 2020. O feminismo sen etiquetas é aprobar o I Plan galego de igualdade no ámbito educativo, o I Plan galego de igualdade no ámbito educativo. O feminismo sen etiquetas é investir máis que o Bipartito. Si, señoría, si, señoría, un 30 % máis en termos relativos que o Bipartito (*Aplausos.*) Un 30 % máis que o Bipartito, señora Pontón. Un 30 % máis que o Bipartito, pero, como lle dixer unha vez ao portavoz de En Marea, en Aragón, o 0,06; en Valencia, o 0,08; en Galicia, o dobre, o dobre, señoría, o dobre que en Valencia, por exemplo. O feminismo sen etiquetas é que, por primeira vez na comunidade autónoma, haxa un «bono concilia», que non existía co Bipartito, con 2.400 familias beneficiadas. O feminismo sen etiquetas é que por primeira vez en Galicia existe o «bono coidado», que non existía no Bipartito, con 3.000 familias beneficiarias. No rural o feminismo sen etiquetas é poñer casas niño onde non hai capacidade para poñer escolas infantís porque os nenos son tres, catro ou cinco; nas aldeas tamén temos feminismo sen etiquetas, señora Pontón. (*Aplausos.*) O feminismo sen etiquetas é crear escolas infantís nos polígonos industriais. O feminismo sen etiquetas é incrementar en época de recesión económica, en época de crise económica, o 75 % das prazas das escolas infantís.

Ese é o feminismo ao que me refiro, señoría. O feminismo inclusivo, o feminismo de todos, o feminismo sen ideoloxías, o feminismo sen botarlles a culpa aos demais exactamente dun problema social que afecta a toda a sociedade.

Mire, señoría, ¿quere vostede que deixe sen efecto os concertos educativos que mantivo o Bipartito durante todo o seu mandato? ¿É que acaso eses concertos cando o Bipartito —vostedes— os mantiña eran correctos e agora, por facer o que vostedes facían, non o son?

Mire, señoría, non haberá igualdade real nunca namentres haxa un só caso de violencia machista. Efectivamente, a igualdade é tamén unha cuestión de respecto. Comecemos por respectarnos aquí, señora Pontón. Determinadas acusacións, determinadas descualificacións e determinados reproches non serven absolutamente para nada. E por iso a igualdade non é unha cuestión de siglas partidistas, é unha cuestión de principios, é unha cuestión de valores, é unha cuestión de compromisos. Señoría, traballemos para a igualdade sen siglas e sen divisións. Esa é a nosa proposta.

Señora Pontón, se vostede quere traballar pola igualdade sen siglas e sen divisións, sigamos no acordo pola igualdade. Xa lle digo, señoría, mañá o vicepresidente da Xunta comparece no Senado para concretar o alcance e contido de todas as medidas nas que nos puxemos de acordo aquí para que se inclúan no pacto contra a violencia de xénero. ¿Nin sequera vostedes están de acordo coa súas propostas? Señora Pontón, estamos acostumados a iso, pero creamos que en igualdade había un pouco de unidade no BNG.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as medidas elaboradas pola Xunta de Galicia para que os homes se involucren activamente na igualdade

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados do Partido Popular, señor presidente.

Señoras deputadas do Partido Popular, señor presidente.

Falando de etiquetas e véndoos cos seus lazos morados, aínda teño curiosidade por saber que tal lle queda a Baltar o lazo morado no traxe, que tal lle quedará a Baltar o lazo morado no seu traxe machista e de macho da política. Non deixará de ser sorprendente velo hoxe vestido asistindo aos actos pola igualdade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Perdoen, esa palabra non vai constar no *Diario de Sesións*. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dixera quen a dixera. Non vai constar no *Diario de Sesións*.

Prosiga, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Eliminadas as etiquetas moradas sobre o traxe de Baltar, a primeira cuestión é que, sen as mulleres, o mundo non funciona. E isto é unha obviedade. É unha obviedade pero parece que para moitos e para moitas segue sen selo hoxe en día, porque, como xa se falou aquí, existe unha brecha salarial entre mulleres e homes en Galicia do 22 %. Polo tanto, tendo un papel fundamental na nosa sociedade —e verase tamén dentro de dúas horas aquí, cando se faga un paro de mulleres e se vexa que as institucións non funcionan sen as mulleres—, demostrárase unha vez máis, tamén no cotián, que non funciona o mundo sen as mulleres. E a pesar diso seguen recibindo un tratamento inxusto dun 22 %

menos de salario. Ante iso, queredamos saber, en primeiro lugar, que medidas concretas de inspección se teñen tomado neste sentido, porque a proclamación da igualdade formal está feita desde hai máis de corenta anos pero non a igualdade material.

Tamén nos gustaría saber que medidas de sensibilización concretas no ámbito da empresa hai para rematar con esta situación, medidas contra a desigualdade dirixidas á poboación masculina e ás que teñen postos de dirección de carácter masculino, para funcionar, efectivamente, neste sentido, no de acabar con esa brecha salarial.

En segundo lugar, exercer de pai non é un dereito, é un deber. A patria potestade é unha función na que hai un dereito e un deber. O dereito teno o menor, o de estar acompañado dos seus proxenitores, tamén do seu proxenitor masculino. E é un deber por parte do pai exercer a garda e custodia e ter na súa compañía o fillo. Sen embargo, en Galicia no ano 2016 os permisos por maternidade foron collidos polo 97 % das mulleres fronte a un 2,5 % dos homes. Igualmente as excedencias por coidado de fillo foron collidas polo 91 % de mulleres fronte ao 9 % de homes. É dicir, en Galicia os homes non deixan de traballar para coidar dos seus fillos. Gustaríanos saber, nese sentido, que fixo o Goberno galego para sensibilizar os homes na corresponsabilidade e para que sexan eles os que leven a cabo estas funcións.

Existen tamén gobernos de homes que non protexen adecuadamente as mulleres. O Ministerio do Interior e, na parte que lle corresponde, tamén a Consellería de Interior traballan sobre unhas previsións de morte por violencia de xénero cada ano. En 2014 o Ministerio de Interior do Partido Popular traballou sobre 30 mulleres vítimas de violencia e houbo 57. En 2015 traballou sobre 30 e houbo 43. En 2016 traballou sobre 30 e houbo 53, un 63 % máis das previsións do Goberno. En 2017 —vou rematando— traballa sobre 30 e levamos 20 no que vai de ano. E isto parécenos absolutamente indignante, é algo que produce indignación, porque están morrendo mulleres por riba das posibilidades previstas polo Goberno, e isto non pode ser. ¿E saben cantos efectivos incrementou o Goberno, o Ministerio do Interior, e o que lle corresponde á raquítica policía autonómica galega, en materia de xénero, o número de efectivos de vixilancia e protección de vítimas de violencia? Cero —datos oficiais do Ministerio do Interior—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Isto é o que nos indigna.

Pero existe tamén unha xungla de cristal. Non se trata dun teito de cristal, é unha xungla de cristal, un verdadeiro edificio institucional no que só un 2,5 % da poboación ocupada feminina ocupa postos de dirección nas empresas, onde só o 20 % de mulleres...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...son catedráticas, onde só o 25 % de mulleres dirixen equipos de investigación e onde menos do 10 % de mulleres están nos altos órganos da maxistratura do Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Que fixo o Goberno galego para sensibilizar os homes de que hai que acabar con esta situación?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, o pasado domingo, non unha deputada calquera senón a portavoz adxunta do seu grupo fixo unhas manifestacións na súa conta en twitter. E por respecto ao presidente da Cámara non as vou ler. Entenderá que non ten moito sentido ampliarlle a resposta. Non ten ningún respecto a este grupo, nin a este grupo nin a este goberno. Esas declaracións son impresentables, señor Villares. Ás veces os políticos cometemos erros imperdoables. Cando iso ocorre temos que, inmediatamente, solicitar desculpas formais.

Eu veño aquí a falar en nome do grupo maioritario e deste goberno, e da maioría da poboación que representa, e pedir que vostede, en nome das Mareas, se desculpe. Soamente pretendendo iso, que se desculpe. Unha desculpa, señor Villares, e seguimos falando.

Máis nada e moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(*Proseguen os aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, esta é unha boa técnica para eludir as súas funcións como presidente da Xunta e vir aquí a dar explicacións. (*Aplausos.*) A súa función constitucional e estatutaria é vir aquí e responder ás preguntas da oposición. Dentro duns anos terá oportunidade de estar vostede na oposición, facendo as preguntas. Pero ata agora as preguntas facémolas nós e vostede é quen ten obrigación de contestar. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: É unha obrigación constitucional e estatutaria en primeiro lugar, iso en primeiro lugar. En segundo lugar, non pretenderá que eu, como home, lle vaia dicir a unha muller o que ten que facer ¿verdade? (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Di este deputado que soamente debo corrixir a unha muller se di barbaridades. Pois non, non, aquí hai xente maior de idade e non hai que desculpala. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Por outra parte, respectamos, eu respéctoo, que vostedes se indignen por un erro gramatical. *(Murmurios.)* Respecto iso. Agora, ao grupo de En Marea o que o indigna é que as mulleres morran a mans dos homes, que haxa políticas que non son suficientes para acabar a desigualdade e, sobre todo, a situación de desigualdade... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...estrutural que vive a nosa sociedade. Iso é o que indigna as deputadas e os deputados de En Marea. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Señor Pazos, silencio, por favor.

(Un señor deputado: Presidente, silencio non. Nesta bancada xa tiña unha chamada á orde...)

O señor PRESIDENTE: Silencio tamén para vostede. Silencio a toda a Cámara e respecten a quen está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Sánchez, non estou en diálogo con vostede. Señor Sánchez, vouno chamar á orde, señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* Non, porque non estou dialogando con vostede.

¡Silencio!

Respectemos a quen estea no uso da palabra.

Está no uso da palabra o señor Villares.

Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pese aos intentos por eludir as súas responsabilidades de goberno, soamente hai un feminismo, efectivamente: o que se practica. E voulle poñer dous exemplos, o feminismo orzamentario e o feminismo político.

O feminismo orzamentario significa que as accións para a igualdade e protección da muller caeron desde o 2009 o 30 %; as de conciliación da vida laboral, un 70 %; para a dotación da

igualdade laboral, desaparición; para a Lei de traballo en igualdade, desaparición. Globalmente, e xa descontadas aquelas partidas que vostedes orzaron, a caída en orzamento nesta materia foi do 40 %. Teñen os datos á súa disposición na páxina web de En Marea.

Segunda cuestión, feminismo político. O PP mantén nas súas filas uns homes que non aman as mulleres. (*Murmurios.*) Mantén nas súas filas un home que puxo prezo a unha muller. ¿É aceptable que un político poña prezo a unha muller e...

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que utilice o corpo dunha muller para obter favores de carácter sexual a cambio dun traballo público?

A pregunta é: politicamente, ¿parécelle a vostede unha política feminista manter un cargo público nestas condicións?

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato xa coa pregunta.

A pregunta é dobre, a primeira pregunta é: ¿canto diñeiro gastou o Goberno galego en sensibilizar a Baltar para convencelo de que o que fixo está mal? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: E unha segunda pregunta.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate xa.

O señor VILLARES NAVEIRA: No caso de que non considere que o que fixo Baltar estea mal, a pregunta é outra: ¿canto gastou Baltar en convencelo a vostede de que o que fixo está ben? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, dentro das competencias do presidente da Xunta está velar pola dignidade do pobo ao que representa. E por iso, señor Villares, vostede confunde. Comprendo as súas dificultades. Eu tamén estiven na oposición, señor Villares. Pero ás veces hai que discrepar coa formación política, incluso coa formación política que de momento fai que vostede poida falar neste Parlamento.

Di que vostede non é quen para reprender ou para desculpar unha deputada do seu grupo. ¿Por que, señor Villares? Acredite por que. Xa sei que vostede non é quen para que os seus o nomeen portavoz, pero polo menos no Parlamento exerza como tal. Exerza como tal, se-

ñoría, como portavoz dese grupo parlamentario. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, chámoo á orde.

Agora si, chámoo á orde. Está vostede interrompendo constantemente. Chámoo á orde. Non, non perdoe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, comprendo cales son os seus límites, pero non sabía que eran tan limitados.

Eu, dende logo, non pretendo dar leccións a ninguén pero tampouco vou admitir leccións de ninguén, señoría. Moito menos daqueles respecto dos que hai probas evidentes de que teñen moito que corrixir, de vostedes. Cito. A unha pregunta dunha periodista, o seu líder contesta —cito literalmente—: «*Bonito abrigo de pieles tienes*». E se iso non era suficiente, doutra periodista di: «*La azotaría hasta que sangrase*». (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E se isto non é suficiente, a unha compañeira do partido —iso si, doutro bloque do partido—, á señora Rita Maestre, dille: «*Para miradas lujuriosas, Rita, las que tú despiertas allá donde vas*». Estes son os seus antecedentes, señor Leiceaga. (*Murmurios.*) Vostede comprenderá que admitir leccións do seu grupo é imposible. (*Murmurios.*) Perdón, señor Leiceaga, pido desculpas e rectifico formalmente, porque aínda hai moita diferenza entre o señor Leiceaga e as Mareas de Podemos, hai moita diferenza, señoría, moita diferenza. (*Aplausos.*)

Como ve, señoría, é bastante sinxelo pedir desculpas. Cando un se trabuca, pide desculpas, simplemente.

Comprendo, señoría, que no seu partido político hai diferenzas de opinións. Rita Maestre considera que Podemos é un partido machista, e o señor Errejón di, no documento da súa candidatura: «*Sigue seleccionando a hombres*» —*el señor Iglesias*— «*para los puestos más relevantes*». Iso si, vostedes mandárono ao poleiro.

Mire, señor Villares, insisto, non vou dar leccións, nin vou negar problemas en calquera formación política. Pero o que si lle digo é que, cando queira falar en serio da igualdade, cando queira falar en serio de desterrar comportamentos machistas, cando queira falar en serio de involucrar nesta loita toda a sociedade, cando queira falar en serio de fomentar a igualdade dende o ámbito educativo, aquí estaremos. Pero, señor Villares, leccións ningunha. E, lamentablemente, a partir desta sesión de control, autoridade dentro do seu grupo, ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, e que se corresponde co día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. Invito a todos os presentes a escoitala.

«Pasaron 113 anos desde o 8 de marzo de 1904, no que 129 mulleres encerradas para mellorar as súas condicións laborais morreron carbonizadas, asasinadas polo seu xefe nun incendio da fábrica onde traballaban. Desde entón, a loita das mulleres e do movemento feminista conseguiu que avanzásemos moito, mais estes avances aínda son insuficientes. Por iso, reivindicamos o Día Internacional das Mulleres para pór o foco sobre as desigualdades que persisten e a necesidade de que a igualdade forme parte da axenda política en Galicia.

Malia o carácter universal do dereito á igualdade, aínda son moitas as mulleres que non poden exercer os seus dereitos fundamentais como seres humanos. Moitas continúan a sufrir todo tipo de escravitude e discriminación. Non debemos mirar para outro lado, esta é unha loita de todas e de todos nós.

No ámbito da nosa sociedade, e a pesar de que a igualdade xa é un dereito recoñecido normativamente, aínda queda moito por facer. A conciliación laboral e familiar, a corresponsabilidade dos homes nos coidados, o emprendemento feminino, a racionalización de horarios, a loita pola non-discriminación, a igualdade laboral, o empoderamento, a igualdade salarial, a sensibilización dos e das menores, dos e das adolescentes, a educación en igualdade, a loita contra a trata e a explotación sexual, así como todas as formas de violencia machista, fan que debamos continuar traballando e esforzándonos desde todas as institucións e ámbitos sociais para chegar a unha igualdade real e efectiva.

Os cambios lexislativos aprobados nos últimos anos foron pasos á fronte na loita contra a violencia machista, mais insuficientes para erradicar todas as formas de violencia e discriminación contra as mulleres. En consecuencia, este Parlamento comprométese a escoitar a sociedade civil e a analizar todas as posibilidades de mellora sobre todo o que está a fallar. Urxe avanzar na posta á disposición dos recursos xudiciais, asistenciais, económicos e de protección necesarios para tentar rematar con este problema social.

Así mesmo, falar de igualdade é, sen dúbida, falar das nenas, o sector máis vulnerable do planeta, xa que sofren discriminación por sexo e por idade, e son vítimas de violacións dos seus dereitos. Neste senso, o Parlamento de Galicia súmase á iniciativa da loita para conseguir o cumprimento de dereitos de nenas e mulleres e o avance da igualdade de xénero coa ambición de que nos próximos cinco anos, e na liña co previsto nos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, 100 millóns de nenas consigan aprender, liderar, decidir, prosperar e participar no deseño das políticas públicas que afectan ás súas vidas.

O Parlamento de Galicia quere tamén amosar o seu apoio á sociedade civil organizada na defensa da igualdade, que é o motor dos avances da sociedade cara á igualdade entre homes e mulleres, como sucedeu co día que estamos a conmemorar hoxe.

Hoxe, día 8 de marzo de 2017, no que se conmemora o Día internacional das mulleres, o Parlamento de Galicia proclama o seu compromiso coa igualdade e coa denuncia de calquera acción individual ou colectiva que impida a súa materialización, porque a loita contra a desigualdade da metade da poboación é un elemento fundamental para a consecución dunha sociedade máis xusta.»

Moitas grazas.

(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

O señor PRESIDENTE: Tal como se comunicou onte, pasamos agora a substanciar unha pregunta para a resposta oral do Goberno.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a asistencia dunha persoa inhabilitada para o exercicio de cargos públicos á reunión levada a cabo pola delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense coa alcaldesa de Melón na sede oficial desa delegación para tratar asuntos institucionais

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Escoitando a resposta que deu hoxe o presidente da Xunta...

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Perdoe, perdoe un momento.

Ten que haber máis silencio na sala.

Por favor, silencio.

Cando queira.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Escoitando a resposta que deu hoxe o presidente da Xunta, lembro unha frase da que foi tamén unha grandísima ideóloga —¿por que non dicilo?—, Mafalda: «*Tenemos hombres de principios, lástima que nunca pasen del principio*». E quizás iso foi o que aconteceu hoxe aquí.

Pero imos ao tema en cuestión. Esta escena —ímola chamar así—, esta imaxe, vouna explicar, por se hai alguén que non coñece os personaxes desta imaxe —eu entendo que vostede, señor vicepresidente, si—. Esta que está aquí é a delegada territorial da Xunta en Ourense. Esta, a actual alcaldesa de Melón. E este que está aquí, o ex-alcalde de Melón, marido da alcaldesa —a ver se non me lío—, inhabilitado para exercer cargo público ata o ano 2021, condenado con sentenza firme por prevaricación.

Ben, non están nunha cafetaría, a ubicación é a Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense, situada na Avenida da Habana. Se isto lles parece unha película de Berlanga, esperen a escoitar a explicación que deu cada un destes personaxes a esta imaxe. E quero incidir en que non é que o fotoperiodista os pillara. Non, a delegada da Xunta convocou os medios de comunicación para dar conta dunha reunión que tiña coa alcaldesa de Melón. E cal foi a sor-

presa dos xornalistas que estaban alí que o ex-alcalde, esta persoa que está inhabilitada, se sentou na mesa coa súa libretiña, cos seus apuntes, a falar dos problemas e das posibles solucións do concello de Melón, coma se aínda fora alcalde; é dicir, un alcalde na sombra.

O ex-alcalde de Melón dixo: «Pois eu fun saudar a Marisol, a ver que tal o Congreso do PP. ¿Acaso —e por favor presten atención, precisamente neste día— hai algún home que lle dea ordes á súa señora? Se é así, que mo presenten e que me dea clases».

Explicacións da delegada da Xunta de Galicia: «Pareceume violento botar a Pardellas do meu despacho, non reparei en que estivera inhabilitado nin en que fora ex-alcalde de Melón. Eu non lle podo impedir a entrada a este señor. A próxima vez o que farei é ter máis coidado cos medios de comunicación, que son realmente os culpables».

Funcionaria do Concello de Melón: «O señor Pardellas segue atendendo a xente dende o seu despacho da alcaldía, e toma decisións no Concello, aínda que sexa de maneira indirecta». Esta non é unha opinión partidista, é unha opinión dunha funcionaria do Concello.

O certo é que o señor Pardellas colle o teléfono, que en marzo do 2016 visitou xunto coa señora Pastor o mosteiro de Melón. E posto que vostede dicía, señor Rueda, cando lle preguntaron por este tema, que non sabía en calidade de que foi, hoxe queremoslle preguntar se xa o sabe e que valoración fai ao respecto.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, presidente.

Señora Blanco, parafraseando a Mafalda, xa que é unha das súas ideólogas, dicía: «*El problema es que somos pocos y nos conocemos mucho*». E a vostede ímola coñecendo bastante ben.

Mire, o primeiro que se me ocorre para esta resposta é unha reflexión. Hai tantas cousas, e cando digo tantas cousas falo da xustiza, das emerxencias e protección civil, falo das relacións cos concellos no seu máis amplo sentido, falo da transparencia, da modernización da Administración pública, falo tamén das relacións co Parlamento, falo das relacións con Portugal, das relacións coa Unión Europea, falo da cooperación para o desenvolvemento, falo da formación dos empregados públicos, falo da igualdade e da loita contra a violencia de xénero —hoxe máis ca nunca—, e falo das cousas que ocupan o día a día da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, e resulta que vostede, no seu dereito parlamentario, por suposto, fai unha pregunta —e hoxe estou aquí para respondela— para preguntarme por que o ex-alcalde de Melón acudiu a unha entrevista pedida pola alcaldesa de Melón coa delegada territorial de Ourense para falar de temas relacionados coa Administración da Xunta de Galicia e actuacións no concello de Melón. Mire, a primeira reflexión, e xa é parte da resposta —díggollo para que non me diga que non lle estou respondendo ao que me pregunta—, é ¡que

ben van as cousas que fai a Vicepresidencia na provincia de Ourense, relacionadas coa Delegación de Ourense, para que vostede sexa a primeira vez que me vén preguntar por algo, tendo as competencias que ten a Vicepresidencia! ¡Que ben facemos as cousas na provincia de Ourense, señora Noela, para que isto sexa a cousa máis urxente que provoca que vostede, en moito tempo, me veña facer algunha pregunta! *(Aplausos.)*

Mire, non é unha pregunta difícil de responder, sinceramente así o penso. Primeiro, porque a propia delegada territorial deu as explicacións. E eu subscribo as explicacións da delegada territorial, que non lle caiba ningunha dúbida, iso en primeiro lugar. E, segundo, mire, porque lle digo, con todo o respecto que vostede me merece, por suposto, como parlamentaria, que entre as competencias da Vicepresidencia da Xunta de Galicia non está controlar *in situ* quen acode a cada reunión oficial que se celebra nun despacho. *(Murmurios.)*

Mire, se a alcaldesa de Melón estimou que tiña que ir acompañada polo ex-alcalde de Melón, eu creo que, primeiro, a cortesía persoal e, despois, o respecto institucional aconsellan —naquel momento, no momento da entrevista— respectar esta decisión da alcaldesa de Melón, e máxime cando a Xunta de Galicia confía plenamente no criterio e no saber facer da delegada territorial de Ourense. Iso si, eu comprendo que a vostedes, vendo o que lles pasa continuamente, lles resulte difícil de entender que unha compañeira de traballo, unha compañeira política, poida facer as cousas ben e non mereza descualificacións, que é o que estamos vendo entre vostedes todos os días.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica da señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Con todo o respecto que lle teño eu tamén, señor vicepresidente, gustaríame citar outra vez a Mafalda: «Admitir que se está equivocado es el harakiri del orgullo». *(Aplausos.)*

Hoxe tiña vostede a posibilidade de rectificar, tiña vostede a posibilidade de emendar un erro gravísimo, señor vicepresidente, porque —xa que o presidente antes tamén citaba frases machistas célebres de políticos, eu tamén quero facer unha— salvo que vostede pense como o señor Castelao Bragaña, que as leis están, coma as mulleres, para violalas, entendo que vostede non vaia respaldar en ningún momento un incumprimento dunha sentenza xudicial firme. Porque iso si forma parte do seu departamento. É máis, voulle dicir que este grupo, o Grupo Socialista e esta deputada, preguntan sobre o que queren, señor vicepresidente. *(Aplausos.)* Non vai vir vostede aquí a dicírnolo. Cando vostede estea na oposición, poderá preguntarlle a un presidente socialista o que lle dea a gana tamén. Mentres tanto, o que ten que facer é responder, e responder coa maior claridade posible.

Non é a primeira vez que acontece isto, señor vicepresidente. Mire, non soamente co alcalde de Melón, teñen o marabilloso costume de seguir movendo os fíos a pesar de que a xustiza

os poña fóra da vida política.

Co alcalde de Rairiz de Veiga —por desgraza, outra muller colocada como alcaldesa, outra muller que está tratada e perfectamente capaz de exercer o seu posto sen necesidade de ter un home movendo os fíos por detrás, señor vicepresidente—: reunión da alcaldesa co conselleiro de Política Social en Santiago, e non é a primeira vez tampouco que o facían. Co señor Bárcenas —a ver se o recorda—, esa persoa, ese esperpento grouchomarxista —por seguir con películas— da indemnización en diferido, *la parte contratante de la primera parte* da señora Cospedal, da Gürtel, esa persoa. Volvérono facer: esa persoa estivo dende abril de 2010 ata decembro de 2012 exercendo. E recoméndolle outra película: *El hombre de las mil caras*, de Bárcenas, moi recomendable para todos os membros do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche do señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si.

Señora Blanco, é evidente que vostede pode preguntar polo que queira, pero sérvenos —e perdóeme que llo diga— para ver as súas prioridades e os seus argumentos, porque se, de verdade, tiña escrito como parte da súa réplica falarme de Bárcenas cando me está preguntando por unha visita á Delegación de Ourense, quere dicir que argumentos ten moi poucos, moi poucos, moi poucos. (*Aplausos.*) E nin sequera os dous minutos e medio que ten lle dan para falar do tema que me pregunta. Iso si, pódeme preguntar exactamente o que queira.

Mire, imos seguir con Mafalda, que vostede empezou. Di: «Se en vez de planear tanto voláramos un pouco máis alto que ben nos iría». (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero vostede o que quere é planear. E imos seguir planeando. É que é difícil responderlle outra cousa, é difícil tomar distancia, e vostede escolleu o día ademais para facer esta pregunta. Por suposto, pode escoller a pregunta que queira e pode escoller o día que queira para facela —supoño—: o Día da Muller, o Día da Igualdade, o día de romper, de rachar dunha vez cos topicazos.

Vostede acaba de dicir aquí unha muller colocada de alcaldesa... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Vostede fala... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*) (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Vostede fala de que unha entrevista pedida pola alcaldesa de Melón, e resulta que non, e dio na súa pregunta, acompañou o ex-alcalde de Melón a unha entrevista; a alcaldesa, que foi a que a pedira, como se fose unha amiga que o acompañaba. A entrevista estaba pedida pola alcaldesa de Melón, por iso foi concedida.

E a delegada tamén. Vostede tamén na súa formulación e nas declaracións que foi facendo a raíz desta visita fala dela como se fose unha muller que ten que acatar as ordes dun home, que lle di que a ten que recibir, que non ten un criterio, que non sabe o que ten que facer e que está incluso —vostede díxoo— de cómplice de desacato á xustiza. Iso é tamén a capacidade e o recoñecemento que dá ás funcións dunha muller que está exercendo —e dígollo da mellor maneira posible— a plena satisfacción da Xunta de Galicia as funcións como delegada de Ourense. Vostede dixo iso de que estaba facendo un desacato á xustiza.

Mire, nestes plantexamentos —e perdoe que llo diga pero síntoo de verdade, teño que dicilo, máis no día de hoxe cheo de topicazos que vostede fai, o día de rematar con eses tópicos— está falando vostede sen ningún respecto dunha alcaldesa elixida dúas veces por maioría absoluta. Iso si, na súa linguaxe, ás alcaldesas colócaselles... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...A xente que as elixe con maioría absoluta son parvos porque, en realidade,...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Blanco. Xa tivo o seu turno. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...as alcaldesas resultan colocadas.

Está falando vostede dunha delegada que se esforza todos os días por facer o seu traballo o mellor posible. Polo tanto, isto foi o que pasou e esta é a opinión que vostede pregunta —insisto— amosando as súas prioridades e os seus conceptos sobre a posición das mulleres, isto é o que opina a Xunta de Galicia. Comprendo que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que estes días están...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Señora Blanco, por favor!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...con esa yenka en Lugo, sen ir máis lonxe: un día botámolo, despois traémolo, despois volvémoslo traer e agora a ver se o volven botar. E comprendo que estas cousas lle resulten difíciles de entender...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E pensar que persoas, compañeiros de partido, non

poidan estar falando nun despacho sen ter que discutir e descualificarse resúltame moi difícil de entender.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): O que me resulta incomprendible é que vostede non teña un mínimo respecto por dúas mulleres que están facendo o seu traballo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 4 da orde do día, que é o de proposicións non de lei, e debatemos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir no punto 1 da proposición non de lei o seguinte texto:

<<así como co fin de incluír a Galiza no ámbito xeográfico enunciado no artigo 4.1 do RD 675/2014, con todos os dereitos reflectidos no mencionado texto lexislativo.>>

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto dos puntos 3 e 4 da proposición non de lei polo seguinte texto:

<<Cuantificar as achegas económicas que lle corresponden a As Pontes e a Cerceda relativas a infraestruturas no Plan do Carbón 2006-2012, e demandar do goberno do Estado, por todas as vías posibles, as cantidades que, na vixencia do Plan, non fosen empregadas nas mencionadas actuacións.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

«Hoxe, no Día Internacional da Muller, o meu recordo é para as miñas veciñas, familiares e amigas, as mulleres das Encrobas. (*Aplausos.*) Mulleres, esposas, nais, cuidadoras e campesiñas que aquela mañá fría do mes de febreiro de 1977, armadas cos seus paraugas e o seu propio corpo, se colocaron na primeira liña de resistencia enfrontándose con decisión ao embate da Garda Civil, protagonistas porque defenderon as súas terras, as súas vivendas e as súas vidas.

O traballo dos homes na mina converteuse na base fundamental das economías domésticas e gañaron prestixio e recoñecemento, representando para eles unha oportunidade, unha gran mellora respecto das condicións económicas e laborais que tiñan na agricultura.

Elas, loitadoras, defensoras, criadoras, labregas, elas non tiveron o seu mesmo dereito. Tiñan as mesmas capacidades pero non as mesmas oportunidades.

Polas mulleres das Encrobas, por todas as mulleres das Encrobas que houbo e hai no noso país.

Moitas grazas». (*Aplausos.*)

Hoxe o Grupo Parlamentario Socialista traemos aquí unha proposición non de lei para preguntarlle ao Goberno da Xunta de Galicia que actuacións se fixeron dende a publicación o 7 de agosto do 2014 do Real decreto 675/2014 polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Como sabedes, no noso país existen dúas comarcas mineiras: As Pontes de García Rodríguez e Cerceda e as súas contornas, respectivamente. Os fondos denominados Miner son o resultado duns pactos subscritos entre o Goberno de España e as organizacións sindicais máis representativas do sector do carbón para desenvolver dende 1997 o Plan da minería do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras, co fin de impulsar o futuro destas comarcas e concas mineiras mediante un proxecto integral de desenvolvemento económico, apoio empresarial para a xeración de emprego e infraestruturas para estimular o crecemento económico e a competitividade dunhas zonas que prescindían dun recurso fundamental para o seu propio desenvolvemento económico e social. Estes fondos pactáronse en dúas fases: 1997-2005 e 2006-2016.

Na Comunidade Autónoma galega constituíuse a Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón, e estaba composta pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Comisións Obreiras, UXT, o Concello de Cerceda e o Concello das Pontes. Os fondos eran asignados polo

Estado a través do Instituto para a Reestruturación da Minería e do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, e estaban complementados nun 25 % pola Xunta de Galicia. A Mesa tiña varias competencias: entre elas, aprobar a distribución dos recursos, aprobar para o apoio empresarial e para o desenvolvemento das infraestruturas. No caso concreto das infraestruturas eran aprobadas pola Mesa e os concellos redactaban o proxecto que enviaban ao Estado. O Estado elaboraba e tramitaba o correspondente convenio de colaboración específico e posteriormente asinábase pola Xunta e, de ser o caso, polo concello correspondente.

O Goberno de Mariano Rajoy nada máis tomar posesión, no seu primeiro consello de ministros, o 30 decembro do 2011, tomou a decisión unilateral de eliminar os denominados fondos Miner, sen ter en conta as contías que xa estaban consignadas nos orzamentos que correspondían a anualidades anteriores. Polo tanto, os orzamentos xerais do Estado para o 2012 plasmaron unha drástica redución tanto en becas como en axudas empresariais, e no caso das infraestruturas a redución foi do cen por cento, é dicir, consignaron cero euros nos orzamentos do 2012, e —como dicía antes— sen ter en conta os financiamentos que xa estaban comprometidos.

A Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón da Comunidade galega reuniuse por última vez o 29 de febreiro de 2012 e nela adoptáronse, por unanimidade, os seguintes acordos no punto número 2, «Actuacións de infraestruturas pendentes de conveniar polo Instituto, análise da situación e toma de decisións». Nese punto fíxose unha exposición da situación das actuacións das infraestruturas que estaban incluídas no Plan do carbón 2006-2012 e fíxose unha análise xeral, das infraestruturas executadas, das que estaban en execución, das pendentes de conveniar e dos importes recollidos nos protocolos de colaboración do 24 de xullo do 2006.

Tras esta exposición, o presidente da Mesa, que era e segue sendo a mesma persoa, o director xeral de Industria, propuxo facer unha priorización das actuacións que xa tiñan proxecto para conveniar co Instituto para cada un dos concellos, co fin de executalos segundo se puidera ir tendo disponibilidades orzamentarias.

E no punto número 3, «Rogos e preguntas», tamén a Mesa aprobou, por unanimidade, elaborar un texto de apoio á continuidade do actual Plan do carbón e a inclusión de Galicia na negociación dos futuros plans para que se pacten.

No anexo presentábase o estado das infraestruturas: executadas había 18.593.000 euros e en execución 6.272.000 euros; pendentes de conveniar pero con convenio 55.355.000 euros; e pendentes de inclusión no protocolo 16.637.000 euros. Polo tanto, o total de obras de infraestruturas pendentes aprobadas, comprometidas e que quedaron sen financiamento para estas dúas comarcas ascendía a 71.992.500 euros.

No mes de marzo do 2013, os concellos de Cerceda e As Pontes, despois de varios intentos infrutuosos de falar co Instituto, fundamentalmente co Instituto, onde incluso se nos chegou a cortar o teléfono, e varias conversacións que se tiveron coa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, que é verdade que eles si se poñían, pero non tivemos ningunha informa-

ción. Daquela, os concellos decidiron enviar unha carta ao Ministerio, ao propio Instituto, na que se pedía información sobre a situación actual de todos e cada un dos convenios presentados pola Mesa. Solicitábase habilitar os fondos adicionais para o Plan Miner, co fin de financiar os proxectos de anualidades anteriores para que se puideran executar, e información de como se ían recuperar e materializar os investimentos en infraestruturas correspondentes ao exercicio 2012, cuxa dotación —como dixen anteriormente— era de cero euros.

O 28 de outubro do 2013, unha sentenza ditada polo Tribunal central do Contencioso-Administrativo número 4 corroborou que aquela medida do Executivo de Rajoy foi ilegal, supuxo unha quebra do mandato constitucional e dos principios democráticos, obviouse a solidariedade territorial, non se respectou a lealdade entre administracións e mesmo a seguridade xurídica foi obviada polo Goberno.

No día de hoxe seguimos sen ter nin unha soa noticia, nin de xeito oral nin de xeito escrito, sobre a situación que pon en cuestión, para rematar as obras iniciadas contando con orzamentos para este plan.

No 2014, o 6 de agosto, no BOE publícase un novo real decreto, o 675/2014, polo que se establecen bases reguladoras de axudas para o impulso económico das ditas comarcas mineiras do carbón. O dito real decreto establece na súa propia exposición de motivos que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais o marco de actuación para a minería do carbón e as comarcas mineiras, neste caso para o período 2013-2018, e a necesidade de incluír medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas. Establece tamén e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, e, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual, que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto.

Tamén establece o ámbito xeográfico para estas axudas. E no seu artigo 4 establece que con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minería do carbón na Comunidade Autónoma de Galicia, que se detallan no anexo II. Detállanse dezaseis concellos galegos. E dise tamén que para a selección das actuacións se creará unha comisión de cooperación entre o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Comunidade Autónoma galega, que se reunirá de modo ordinario unha vez ao ano.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Está pasada en cincuenta e un segundos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Ah!, ¿está pasada? Eu pensei que aínda me quedaba, señor presidente. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Está pasada. Por iso lle dixen que está pasada en cincuenta e un segundos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: As preguntas son as negociacións que fixen eu.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Xa as coñezo.

Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ¿desexa intervir algún dos seus deputados? (*Negación.*)

Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, despois de comprobar que unha vez máis hai un diferente raseiro dependendo de en que bancada sentes e que a un o chaman á orde por facer o traballo que debería facer o presidente, que é evitar que os deputados do Partido Popular ofendan a nosa bancada, aínda por riba...

O señor PRESIDENTE: Non, non vaia por aí.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...cáeme a min unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE: Non vai por aí. Imos ter o debate normalmente.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Reclamo, señor presidente, unha igualdade de trato tamén aquí.

O señor PRESIDENTE: Procuero facelo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois non o está facendo con éxito.

O señor PRESIDENTE: Pois será o seu sentir, pero eu creo que o fago.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non o está facendo con éxito porque é moi permisivo con este lado dereito...

O señor PRESIDENTE: Lamento a súa mala percepción. Prosiga, vaia ao tema, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e moi pouco con este lado esquerdo. Si, porque eu escoito, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Eu tamén.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E non é a primeira vez.

Ben, nós imos apoiar esta iniciativa, aínda que, seguramente temos unha idea diferente do que deben de ser estas axudas para estas zonas chamadas «mineiras», que xa non o son; que o foron, pero que aínda teñen centrais térmicas.

Nós partimos de que Galicia está por riba da media estatal de emisión de gases de efecto invernadoiro uns dez puntos. E iso é fundamentalmente debido ao peso que teñen as térmicas neste campo; é a translación tamén da nosa maior produción eléctrica con respecto ao Estado. Eses gases de efecto invernadoiro producen uns efectos tamén no país, acompañados de emisións contaminantes doutros elementos que non teñen, que non se miden para efectos de cambio climático, pero que teñen efectos no noso país.

Polo tanto, apoiamos porque esta paralización da transferencia duns fondos que son financiados ao 75 % do Estado, o que profunda máis é no espolio a Galicia, no roubo a Galicia. É dicir, estes fondos veñen compensar os impactos que produce a minería, que nós cremos que deben de internalizarse nos custos das empresas privadas que teñen grandes beneficios, pero que, de non ser así, exiximos estes fondos compensatorios, isto é: moitos dos impactos que producen as centrais térmicas témolos que pagar entre todos. Pero ao paralizarse durante todos estes anos a transferencia do 75 % dos fondos do Goberno central, pois o que estamos facendo é que aínda por riba non se compensen os impactos producidos en Galicia. Polo tanto, apoiamos nese sentido.

Pero o que nós cremos é que estes fondos deberían de servir para que nas zonas de Cerceda e arredores e As Pontes se empece a traballar xa nunha transición enerxética. Se temos que crer incluso as palabras da conselleira de Medio Ambiente, aquí imos ir a unha descarbonización e imos facer unha estratexia para a loita contra o cambio climático.

Ben, se as centrais térmicas representan o 28 % ou o 30 % das emisións de gases de efecto invernadoiro, teremos que ter un plan. Cando no mundo se están facendo plans para a redución da produción con base no carbón e a substitución por enerxías renovables, nós cremos que en Galicia, que temos un potencial enorme para facelo, débemolo de facer, e debemos de anticiparnos, non agardar a que se tomen decisións empresariais con base en que, por exemplo, nalgún momento suba o prezo do carbón importado e que, de repente, teñamos unhas comarcas onde hai unha grave crise social e laboral.

Cremos que o camiño hai que empezalo xa, hai que utilizar estes plans ou similares, pero mellor artellados, para diversificar a economía, para crear oportunidades de traballo noutros sectores. Nós cremos que nas renovables, pero tamén noutro tipo de actividades, para que nun futuro non haxa ese risco que acontece nas comarcas mineiras de Asturias e de León, que se produce unha auténtica catástrofe unha vez que as empresas privadas toman as súas decisións.

Cremos que independente do que se faga con este decreto, o período remata xa no 2018, a Xunta de Galicia debería de levar a cabo —e non o ten— en coordinación con todas as administracións un plan para a transición enerxética destas comarcas.

É fundamental, porque, aínda dicindo que apoiamos a iniciativa, cremos que os fondos que aquí se aplicaron nos anos anteriores do Plan Miner, etc., terían tido moito máis éxito se

houbera un proxecto de país. Coñecemos moitas iniciativas empresariais feitas e financiadas con estes fondos que non prosperaron por non estar encardinadas nun proxecto de país. Moitas iniciativas nas Pontes de empresas de renovables que se foron ao tacho polas políticas enerxéticas do señor Feijóo, pola paralización do sector eólico, etc. Se en todo isto hai un plan onde participe a Xunta, os concellos e o Estado, cremos que terá moito máis éxito, e por iso apoiamos esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular seguimos agardando polas desculpas ante as calumnias vertidas contra todos os membros do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Como acabamos de escoitar por voz da súa deputada, o Grupo Parlamentario Socialista presenta unha PNL con catro puntos, que quero abordar polo miúdo para poder aclarar deste modo cada un dos puntos que presenta esta proposición non de lei.

Señora Rodríguez Rumbo, como vostede sabe, no día de hoxe, en Galicia non hai minería do carbón; non só están aprobados e executados os plans de peche e abandono das minas, incluídos os de restauración, senón que tamén están desafectos os terreos do dominio mineiro. Vostedes gobernaron nos anos nos que comezou a funcionar o Plan do carbón 2006-2012, e non souberon ou non quixeron aproveitar os fondos mineiros. Non queiran agora facer dende a oposición o que non fixeron dende o Goberno. *(Aplausos.)*

Señorías, ¿que fixeron polos concellos mineiros durante o tempo que gobernaron? Nada. Bueno, a dicir verdade, si fixeron unha cousa: de vinte proxectos que ofrecía o Plan do carbón reducíronos a cinco. Fixérono nun protocolo de colaboración que asinaron o 24 de xullo de 2006 entre o secretario xeral de Enerxía e o conselleiro de Innovación e Industria por aquel entón. É posible que vostedes non se enterasen, pois é sabido que a comunicación cos seus socios non era precisamente fluída. Pero o Bipartito reduciu á cuarta parte as posibilidades que ofrecía o Plan do carbón para Galicia. E ademais, señoría, debo recordarlle que para facer unha modificación resultaba necesaria a intervención da Mesa Rexional do Carbón, xunto coa Subcomisión de seguimento e reactivación. Señoría, esta subcomisión nunca se constituíu. ¿Por que? Porque o Goberno do Bipartito non tivo interese. E a partir dese momento a forza xurídica para reclamar o que vostede pretende desvanecese.

Señoría, deixaron en papel mollado uns proxectos elixibles, uns proxectos acordados polas organizacións do sector para asinar un protocolo deste tipo; non concretaron proxectos claros e perderon un ano de traballo dende a firma do protocolo, o 24 de xuño de 2006, á firma

do primeiro convenio específico, o 10 de maio de 2007. Si, señoría, fixéronlles perder un ano aos concellos mineiros, ¡un ano!, para acabar recuperando só catro proxectos do inicial Plan do carbón.

No cuarto punto da súa iniciativa, o Grupo Socialista insta a que o Goberno galego se dirixa ao Goberno central a reclamar os fondos. Pero, señoría, os convenios específicos da Comunidade Autónoma galega xa están pagados, e non se pode reclamar vía xudicial porque non temos novos convenios específicos.

A comparación entre a lexislatura do Bipartito e a primeira lexislatura do actual Goberno é demoledora. Cando gobernaron vostedes só foron quen de asinar dous convenios específicos e un suplementario; sen embargo, entre o 2009 e o 2012, o Goberno galego asina un segundo e un terceiro acordo complementario, e asínanse e execútanse trece convenios específicos de infraestruturas, que paso a enumerar algún deles: ampliación do polígono industrial de Acebedo, estación depuradora de augas residuais en Cerceda, centro xeriátrico, melloras na estación de tratamento de auga potable en Cerceda, paseo fluvial, Museo da Minería, albergue da estación e moitos máis. Asináronse dous convenios para a redacción de proxectos que foron executados, e a maiores asínanse dous acordos complementarios.

O momento das mesas de negociación e das reivindicacións foi cando gobernaban vostedes, e xa pasou; agora toca traballar, que é o que se lle dá ben a este goberno. Por iso está en contacto permanente co Ministerio e co Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón.

Por todo o anteriormente exposto, a posición do Grupo Parlamentario Popular será rexeitar esta iniciativa. O actual Goberno galego traballou, está a traballar e seguirá a traballar por e para os galegos de todos os concellos, tamén os dos antigos concellos mineiros, porque esa, señoría, é a política útil: gobernar cando hai que gobernar e non lamentar dende a oposición o que non se fixo dende o Goberno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Perdoe que non recordo o seu nome, pero voulle dicir unha cousa e non llo digo por mal, pero quen lle fixo as notas non ten nin idea do que alí lle puxo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, realmente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vamos ver, estou falando de datos, ¿vale?

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Bueno, pois quen lle puxo os datos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio. Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non estou en contra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, señora Romero. ¡Señora Romero, silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Eu tamén traio notas, que me fan moitas veces porque eu non sei de todo, e a iso me refiro, non a que non o poida facer ela. ¡Coidadiño!, que eu respecto as mulleres por encima de todo, e non lle estou faltando ao respecto nin a ela nin a ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quen lle deu as notas, quen lle fixo as notas —e eu tamén traio notas feitas por min de datos que me dan— está moi equivocado.

Mire, voulle dicir unha cousa: en primeiro lugar, eu non son machista, e non lle consinto que me... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Romero, chámola á orde! Señora Romero, chámola á orde. Está ben xa.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, voulle dicir unha cousa: hai un real decreto que eu, de verdade, lle pido que o lea, porque no propio real decreto aprobado no 2014, que non gobernabamos nosoutros, aquí mesmo no anexo establécese que a Comunidade Autónoma pode facer unha mesa conxuntamente co Instituto, pactado previamente coas centrais sindicais e coas centrais empresarias, e retiránnos da mesa os concellos e as representantes sindicais. Pero a Comunidade Autónoma pode facer esta mesa. Polo tanto, estame dicindo vostede e toda a bancada do Partido Popular que Galicia se nega a constituír a esta mesa e beneficiar ou intentar beneficiar *(Aplausos.)* dezaseis concellos galegos. E, ademais, léolle os que son —xa me perdo, xa non os atopo, porque, de verdade, hai determinadas cousas—: A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, As Pontes de García Rodríguez, Muras e Xermade, que vós non queredes que teñan subvencións. *(Aplausos.)* E aquí establécese claramente que son obxecto de infraestruturas. Polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia está facendo deixación de funcións, porque non está intentando que, polo menos, estas infraestruturas veñan aquí.

E mire, vostede na última parte da súa exposición coas notas que lle deron, vostede mesma desmentíuse; hoxe mesmo é verdade que non hai produtores mineiros, pero si os houbo. E a miña primeira intervención era dedicada a unhas mulleres que defenderon ese mesmos terreos onde despois houbo minas. E, polo tanto, o que pedimos para esas comarcas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...é que se lles...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda. É que mire o reloxo. É que é un tempo...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, en calquera caso, no día de hoxe, executados soamente no concello de Cerceda ao que vostede se referiu hai 21.982.116 euros. E entre eles fixéronse

moitas das obras que tiña que ter feito a Consellería, a Xunta de Galicia. Mire, por exemplo, a estrada Cerceda-A Silva, o proxecto construtivo...

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Rumbo, por favor, sobre a emenda.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...Sogama-Mesón do Vento, o eixe Ordes-autoestrada AP-9...

O señor PRESIDENTE: Xa está claro, quedou claro. Agora a emenda, sobre a emenda.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, durante moito tempo, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Pero mire o tempo...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...a min estívoseme...

O señor PRESIDENTE: Non, pero está compensado. Mire o tempo: un minuto máis.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non está compensado.

O señor PRESIDENTE: ¡Home!, é un minuto máis. Non, creo que o está.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...increpando e chamándome «machista».

O señor PRESIDENTE: Non iso, non.

Sobre a emenda, ¿que me di? Sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Volvo dicirlle...

O señor PRESIDENTE: Non, non, sobre a emenda, por favor. Dígame sobre a emenda xa, faga o favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego, nós podemos integrar a segunda parte e a primeira si que a podemos aprobar.

En calquera caso, a Xunta de Galicia non quere...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...axudar e apoiar o que pode...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que os medios e os recursos os hai...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que os pon o Estado a través do Instituto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte

O señor PRESIDENTE: A seguinte proposición non de lei é do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Aurelio Núñez Centeno.

A ela presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Rivas Cruz, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade á Autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio con Berdoias, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura ata Cee sexa unha realidade na presente lexislatura.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Darlle continuidade a autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio coa AC-432, en dirección Camariñas, incorporando un enlace con polígono industrial de Vimianzo, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a licitación do proxecto, e garantindo que esta infraestrutura estea operativa no ano 2019.

2º) Iniciar os trámites necesarios para completar o proxecto xeral da autovía ata a súa chegada a Berdoias. Neste exercicio 2017 contratarase a redacción do proxecto, a licitación producirase en 2018 e terá un prazo máximo de finalización de 24 meses.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular seguimos esperando que a señora Santos retire o lamentable comentario que fixo nas redes sociais (*Aplausos.*) e se desculpe diante do noso grupo parlamentario e do noso partido. Os deputados do Partido Popular, «señores do PP» que ela nos chama no chío, non somos asasinados de mulleres.

E indo ao tema, como afirmamos na exposición de motivos, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia somos conscientes do grande esforzo que realizou o Goberno da Xunta de Galicia para avanzar na vertebración do territorio e para contribuír a unha maior competitividade e igualdade de oportunidades dos cidadáns de Galicia.

Aínda en tempo de crise, e coas dificultades derivadas da mesma, o Goberno do Partido Popular foi quen de continuar desenvolvendo vías de altas prestacións en Galicia, construíndo 210 novos quilómetros, e non 120 —como figura na iniciativa por un erro—, 210 novos quilómetros —como dicía— libres de peaxes, o que constitúe un incremento dun 66 % do total dos que existían no ano 2009. Estas actuacións permitiron que o 80 % da poboación de Galicia se atope actualmente a menos de quince minutos dunha vía de alta capacidade.

Dende logo, o expoñente máis importante deste avance viario témolo na autovía da Costa da Morte, posta en servizo o pasado mes de xullo do ano 2016 con 25 quilómetros de autovía libres de peaxe entre Carballo e Baio e dous quilómetros máis da variante desta localidade. Esta nova infraestrutura representou unha transformación nas comunicacións dos concellos da Costa da Morte, comarca na que habitamos 120.000 persoas, incidindo na mellora da súa calidade de vida e do seu benestar. Ademais dos cinco concellos polos que discorre o trazado: Carballo, Coristanco, Cabana, Vimianzo e Zas, hai tamén moitos concellos aos que chegan estas melloras, como serían Laxe, Fisterra, Corcubiión, Cee, Dumbría, Camariñas, Mazaricos e Carnota, aos que se pode chegar no día de hoxe nun tempo moi inferior e cun incremento da seguridade grazas á inauguración desta infraestrutura. Da súa calidade técnica falan profesionais e, sobre todo, cidadáns que xa a teñen ou a temos utilizado, con grandes rectas e radios de curva amplos que permiten unha condución tranquila e segura.

A historia desta autovía da Costa da Morte é moi longa e está chea de despropósitos. Aínda que había un anteproxecto aprobado polo último Goberno do presidente Fraga, o Bipartito decide anulalo e iniciar a redacción dun novo proxecto. En decembro do ano 2006, un ano e medio despois das eleccións, adxudica a redacción dun novo anteproxecto, que é aprobado de xeito definitivo no tramo Carballo-Berdoias a finais de maio do ano 2007. En xullo dese mesmo ano licítase a concesión para a construción da vía de alta capacidade Carballo-Berdoias, mentres que en xaneiro do ano 2008 se suspende a redacción do estudo informativo do tramo entre Berdoias e Cee. En outubro do ano 2008 solicítase por parte da concesionaria a primeira prórroga para a presentación do plan económico-financeiro, e a pesar diso dous

meses máis tarde colócase a primeira pedra da quimérica infraestrutura. En febreiro do ano 2009 a concesionaria solicita unha segunda prórroga e en abril dese mesmo presenta solicitude de reequilibrio concesional, aludindo a problemas para o financiamento da obra. E dez días máis tarde solicita unha terceira prórroga. En maio a Consellería de Infraestruturas —xa co Goberno Feijóo— remite un escrito á empresa no que a instaba a comezar as obras de inmediato. En agosto do ano 2009 a concesionaria solicita á Xunta a rescisión do contrato, que se autoriza en Consello do mes de novembro, para en decembro sacar novamente a licitación desta autovía.

¿E que pasou entón? Que unha obra valorada en 932 millóns de euros no ano 2007 se adxudica no ano 2008 en 548. Parece, señorías, unha baixa bastante temeraria. Parece tamén que se adxudicou unha obra a sabendas da imposibilidade de facela, colocando primeiras pedras pese a coñecer os problemas financeiros da empresa.

Da petición de reequilibrio económico-financeiro non se lle comunicou nada ao conselleiro Hernández por parte do Goberno saínte. E na documentación remitida pola empresa na que solicitaba ese reequilibrio, a propia concesionaria recoñece que no momento da oferta non tiñan un plan económico-financeiro aprobado polas entidades bancarias. E ademais recoñecen tamén unha delicada e inestable situación financeira da sociedade que xurdira tras a adxudicación.

A adxudicataria da concesión licitada polo Goberno Feijóo empezou a obra, que tivo que paralizar pola imposibilidade de financiamento por parte das entidades bancarias, cando xa tiña realizada parte da infraestrutura: naquel momento, a metade do movemento de terras do total do trazado, as tres cuartas partes das drenaxes transversais, o 60 % dos pasos inferiores; en total, un 20 % da execución no conxunto da traza.

E desa paralización había que saír, señorías. O Goberno do Partido Popular coa conselleira Ethel Vázquez escolleu entre as dúas opcións que había, que era non facer nada ou empezar por construír 27 quilómetros de autovía, beneficiando directamente os cinco concellos citados e indirectamente os demais. E afortunadamente para os 120.000 veciñas e veciños da bisbarra optou pola continuación desta obra nesta primeira fase ata Baio e a variante a Santa Irene, da que podemos disfrutar nas comarcas da Costa da Morte —como lles dicía— dende xullo do pasado ano. A Xunta de Galicia apostou pola eficiencia e por facer o treito con maior volume de tráfico e de maior lonxitude, con vontade de cumprir coa Costa da Morte para incrementar a competitividade dos seus emprendedores, a súa seguridade viaria e a calidade de vida dos veciños e veciñas da comarca.

E a autovía da Costa da Morte está aí e é unha realidade que se pode utilizar por toda a cidadanía, e ademais libre de peaxe. Non é un plano, non é unha maqueta, non é unha primeira pedra, é —como dicía— unha realidade. E está aí a pesar de todas as dificultades técnicas e económicas que plantexou a súa construción e a pesar tamén das dificultades políticas que se puxeron por parte de grupos da oposición. O BNG intentou paralizar as obras cunha denuncia diante da Fiscalía, en relación cunha presunta prevaricación na modificación do contrato, acusando o Goberno —e cito textualmente as palabras do voceiro do grupo naquel momento— «dunha malversación de fondos públicos no beneficio dunha empresa pri-

vada». Afortunadamente para a comarca da Costa da Morte, a dita denuncia foi arquivada en tempo récord, o que permitiu reiniciar a obra que no día de hoxe é utilizada por miles de veciños e visitantes cada día. Chegouse a intentar amedrentar os deputados deste grupo, do noso grupo, do grupo maioritario, por votar afirmativamente o proxecto de lei que autorizaba a dita modificación, cuxa legalidade estaba avalada pola Asesoría Xurídica da Xunta e por un informe do Grupo de Trabajo de Contabilidad Nacional, formado polo INE, o Banco de España e a Intervención General de la Administración del Estado, que acreditaba o reequilibrio financeiro da nova concesión que beneficiaba á administración.

O mesmo día da inauguración deste primeiro tramo o presidente Feijóo avanzou que se estaba a traballar xa para darlle continuidade por fases a esa importante infraestrutura, comezando pola conexión con Vimianzo. Esta mesma proposta figuraba no programa electoral co que o Partido Popular se presentou ás eleccións do pasado mes de setembro e co que superou o 50 % dos votos na práctica totalidade dos concellos desta zona. O Goberno da Xunta de Galicia ten comprometida a continuación deste eixo de alta capacidade, que se vai executar por vía orzamentaria e en distintas fases.

Esta decisión de acometer a obra por vía orzamentaria e non recorrer ao modelo concesional é a garantía máxima da realidade da súa construción, evitando os problemas ocorridos no pasado e relatados xa nesta intervención que atrasaron dabondo o primeiro treito. E faise deste xeito porque as circunstancias económicas actuais o permiten. Os orzamentos deste ano 2017 reflicten o compromiso do Goberno e do Partido Popular con esta infraestrutura e con estas comarcas, e contempla unha partida de 250.000 euros, necesaria para redactar o proxecto construtivo do treito entre Baio e a estrada AC-432, no concello de Vimianzo, que une o núcleo con Camariñas.

Novamente tócalle ao noso Goberno escoller entre facer e non facer. E dende este grupo, dende o grupo maioritario, dende o Grupo Popular, pedímoslle ao Goberno do Partido Popular que faga, que constrúa un novo treito da vía de altas prestacións na Costa da Morte, que continúe a potenciar as posibilidades industriais e turísticas da zona e a mellorar a calidade de vida e a seguridade dos cidadáns. Unha obra que queremos que se faga con realismo e con total responsabilidade cos orzamentos públicos, convertendo unha promesa electoral nunha infraestrutura útil para as persoas; con seriedade, sen repetir erros do pasado; con compromiso de prazos axeitado á realidade e en beneficio dos cidadáns, apostando pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra.

Por iso presentamos esta proposición non de lei, que confiamos que sexa aprobada coa unanimidade de todos os grupos desta Cámara, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade á autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC-432, en dirección a Camariñas, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura».

Esperamos — como dixen antes — o apoio dos grupos desta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Vai xa para quince anos que andamos a voltas coa autovía da Costa da Morte, e no día de hoxe está moi lonxe de verse rematada. Isto das prolongacións de prazos de execución, trabas, desculpas de mal pagador son o día a día das obras públicas neste noso país. E o incumprimento dos prazos estase a converter nun hábito nada recomendable. Hai que poñer de manifesto a irresponsabilidade do Partido Popular, que anulou o contrato que estaba adxudicado en 2008 aboando 4.180.000 euros de indemnizacións. Con posterioridade, a Xunta redacta un novo proxecto, que non só recorta o trazado previsto senón que duplica o custo. Miren, eu non lin, confeso que non lin, *Alicia no país das marabillas*, pero estou lendo aquí ou escoitando aquí ese libro de boca do Partido Popular día tras día.

A pesar de todo, esta comarca pasa por ser desde hai décadas unha das máis desenvolvidas do país, pero a falta de comunicacións, calquera que sexa o medio, fai que as oportunidades de traballo e progreso sexan case inexistentes. O peirao de Brens, en claro auxe, precisa con urxencia dunha saída digna para poder aproveitar todas as súas potencialidades.

En outubro de 2013, bromeaba ese conselleiro do que vostede falou, don Agustín Hernández, poñendo o horizonte lonxe, tan lonxe como 2016; daquela era lonxe. E repito que bromeaba porque resultou unha burla, pois iniciado o 2017 vostedes propoñen cinco quilómetros cunha euforia e triunfalismo que volve soar a mofa e burla. En fin, toda unha chapuza. Debe ser unha construción complexa e difícil, pois ten no seu haber cantidade de freadas, irregularidades, e sobre todo foi utilizada e é utilizada como propaganda dun xeito escandaloso por vostedes. Será por iso que vostedes manteñen así en suspenso a obra para botar man dela en cada convocatoria electoral. A este ritmo vailles dar para moito. ¿Ou é para ir facendo de cinco en cinco quilómetros en cada lexislatura e poder presentar flamantes PNL, alegres, dinámicas e triunfalistas, e eu diría ramplonas, que lles dean titulares nos xornais amigos, como esta que hoxe debatemos?

Pero, ¿que facemos coa Costa da Morte? ¿Continuamos dándolle caña e para rematar a ameaza de segregación das centrais de Ferroatlántica prolongamos no tempo o final desta infraestrutura de comunicación vital, vital, vital, para o seu desenvolvemento? Ben clariño quedou o outro día para quen saiba interpretar as palabras do señor Feijóo, clariño quedou. Manda moito o señor Villar Mir, e vostedes dirán amén ao que o ex-ministro do Generalísimo mande. Nós non, e os traballadores penso que tampouco. Eu creo que fiando fiando me saín do tema pero imos á autovía, porque está ligado.

Miren, desde o BNG cremos que xa son horas de abandonar o Entroido e entrar de cheo na Coresma. E para entrar de cheo na Coresma, coa seriedade dela, propoñémoslle que a resolución teña un mínimo de valentía e repare a tomadura de pelo chamándolles ás cousas polo

seu nome. E segundo o noso criterio debe rezar así: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade á autovía da Costa da Morte,» —ata aí de acordo— «comezando por unha primeira fase que conecte Baio con Berdoias,» —non cinco quilómetros, ¡fagámolo ben!— «avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura ata Cee sexa unha realidade na presente lexislatura». E miren: nós non pasamos por menos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Ensináronme que o camiño do progreso non é nin rápido nin sinxelo, pertence a Marie Curie. E como ela moitos homes e mulleres temos claro que a loita pola igualdade non é nin rápida nin sinxela; sen embargo, iso non vai frear a nosa loita. (*Aplausos.*)

Efectivamente, o 29 de xullo do ano pasado, preto das eleccións autonómicas —como non podería ser doutro xeito e como xa nos ten acostumados este goberno—, inaugurábase a autovía da Costa da Morte, despois de case catorce longos anos de espera, ¡catorce! —esta é a realidade—, catorce longos anos de espera. Neste acto de inauguración o presidente da Xunta comprometéase a darlle continuidade á autovía da Costa da Morte. Na *Voz de Galicia* do 29 de xullo récollense as palabras do presidente, que dicía: «Iniciamos este mesmo ano a contratación do proxecto construtivo que permitirá acometer a prolongación da autovía da Costa da Morte ata o concello de Vimianzo». É dicir, a mesma iniciativa que traen vostedes hoxe. Eu pregúntolles: ¿que pasa?, ¿non se fían da palabra do seu presidente?, ¿teñen que traer algo que xa é un compromiso do presidente do Goberno porque non se fían da súa palabra?, ¿teñen que traer unha proposición non de lei ao Parlamento para que o presidente cumpra cos seus compromisos? ¿Tan pouco valor ten para vostedes a palabra do presidente da Xunta?, ¿tan pouco valor? Se vostedes mesmos non confían no seu propio presidente, ¿como nos imos fiar nós?

En fin, respecto da nosa emenda, teñen anunciado reiteradamente tanto polo presidente como pola conselleira correspondente a prolongación ata a AC-432, un punto intermedio entre Pasarela e o casco urbano de Vimianzo. Cun trazado ata Vimianzo sen acceso directo ao polígono industrial, os vehículos terían que saír pola AC-432, xirar á esquerda, entrar en pleno centro urbano de Vimianzo e logo volver xirar á esquerda. Por certo, un cruzamento bastante perigoso. E repito tamén: entrar no centro urbano de Vimianzo. Iso, de ser así, crearía un gravísimo problema de tránsito rodado, tendo que entrar no casco urbano todo o tránsito que procede da zona norte; algo que non ocorre na actualidade coa AC-552. Xa se imaxinan todos os inconvenientes derivados. Isto non ten nin a máis mínima lóxica, é unha sen razón. É dicir, sacamos o tráfico da AC-552, da zona urbana, para metelo na autovía e unha vez dentro da autovía volvemos sacalo da autovía para volver ao casco urbano e na AC-552. Parece un absurdo, diría eu.

Por outro lado, estamos falando de vertebrar a Costa da Morte, de darlle vida. Se aos poucos polígonos industriais que temos lles dificultamos a entrada, se poñemos prezo máis caro nas súas parcelas como está ocorrendo co de Vimianzo, non parece lóxico que vaiamos acadar tal obxectivo, salvo que esperen con semellantes prezos que non se implante ningunha empresa, e por iso non contemplan unha saída a este polígono. Por iso incorporamos a nosa emenda, para pedir que lle dean unha saída ao polígono industrial de Vimianzo.

O punto segundo da nosa emenda o que di é facer da autovía unha realidade: «Iniciar os trámites necesarios para completar o proxecto xeral da autovía ata a súa chegada a Berdoias. No exercicio 2017 contratar a redacción do proxecto, e a licitación produciríase no 2018, e tería un prazo máximo de finalización de vinte e catro meses», é dicir, finalízalo. Téñeno fácil porque nese tramo, se van por alí veno perfectamente, hai xa investimentos realizados, expropiacións, desmontes... Todo é unha cuestión de vontade política.

Din que van traballar pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, pois eu voules contar cal é a realidade: entre o 2011 e 2016 —datos INE— non paramos de perder poboación: Laxe perdeu un 5 %, Malpica perdeu un 8 %, Ponteceso un 6 %, Cabana un 7 %, Vimianzo un 8 %, Camariñas perdeu un 11 % de poboación, Muxía un 7 %, Corcubión outro 7 %, Cee un 3 %, Fisterra un 5 %, Dumbría perdeu un 8 % de poboación, Carnota un 11 % de poboación. En doce concellos en menos de cinco anos perdemos 4.000 persoas. A xente vaise, os xóvenes marchan, os que quedan son cada vez máis velliños e velliñas, e iso é o futuro que temos na Costa da Morte, iso é o futuro da nosa comarca. E, coma sempre, iso é do que estamos a falar hoxe: de territorios e de persoas, de persoas que cada mañá se teñen a sorte de ter un traballo collen o seu coche e arrancan para Carballo, para Arteixo ou para A Coruña, pagando a correspondente peaxe.

E por iso presentamos a nosa emenda, porque recolle o compromiso do presidente, e o que teñen que facer é asumir os seus compromisos e aceptar a nosa emenda. Teñan palabra e teñan nobreza. Se non aceptan a nosa emenda, coma sempre entendemos que andan á procura dun titular, outro máis, igualiño ao que sacaron o día 29 de xullo, que foi o que dixeron, que ampliarían ata a autovía en 5,5 quilómetros.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todos.

Despois do desastre do *Prestige*, o Goberno do Estado e o de Galicia comprometeron dentro das compensacións á comarca a construción da autovía da Costa da Morte. Catorce anos despois, a comarca segue a esperar.

O trazado ata Berdoias está desde hai anos expropiado e explanado, pero a construción da autovía non ten datas nin compromisos orzamentarios concretos.

A proposta non de lei do Partido Popular insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade á autovía da Costa da Morte, avanzando neste mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo. Nós non pensamos que non hai que avanzar nos trámites; iso é cercano ao fume. Unha verdadeira proposta non de lei de impulso da actuación do Goberno debería de solicitar a redacción concreta do proxecto este ano, non avanzar os trámites, senón a realización concreta do proxecto este ano, e comprometer o orzamento concreto que garanta a finalización das obras antes de finalizar esta lexislatura. Falar só de futuribles non é —penso— obxecto dunha proposta non de lei de impulso ao Goberno, hai que concretar.

Se non fan isto, será unha nova entelequia para a comarca, parecida ao infausto plan industrial que Ferroglobe lles plantexa para consentir a venda das centrais hidráulicas. Esta mesma fin de semana, o ex-director xerente de I+D de Ferroatlántica, nun *post* que publicou o domingo, dio claramente. Ademais doutras cousas di: o primeiro que queren facer é caixa e despois que cada un se apañe. Ademais, o que ofrecen de plan industrial non soporta a máis lixeira análise, é sencillamente ridículo. Todo o noso apoio aos traballadores. Bueno, pois esperemos que o que saia adiante desta PNL non sexa tamén sencillamente ridículo; esperamos que se concreten datas concretas.

O que debería concretar esta PNL debería de ser: ¿vaise facer o proxecto este ano?, ¿vaise pechar o proxecto?, ¿sería factible nun ano facer o proxecto? ¿Consideran que 250.000 euros dos orzamentos de 2017 supoñen un forte compromiso co desenvolvemento da obra? Dado que afirman que se vai facer vía orzamentaria, ¿que orzamento se concretará para esta obra nos próximos tres exercicios?, ¿canto consideran que é necesario e canto pensan comprometer? ¿En que formato chegará esta infraestrutura a Berdoias?, ¿será como autovía, como estaba prometida?

Penso que todas estas son as cousas que deberían de preocuparlles. Bueno, a verdade é que isto e tamén a nova que acaba de saír, de que o xuíz Velasco acaba de encontrar os papeis concretos con todo o financiamento ilegal do Partido Popular de Madrid. Iso tamén debería de preocuparlles no día de hoxe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu non son goberno para contestar as preguntas, vostede pode facerlle as preguntas cando queira á conselleira...

(As señoras Barahona Martín, Chao Pérez, Cuña Bóveda, Quinteiro Araújo, Santos Queiruga e Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, érguense dos seus escanos e agrúpanse de pé fronte da tribuna de oradores con cartolinas reivindicativas na man, para seguiren a convocatoria do paro internacional das mulleres de 12.00 a 12.30 horas.)

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, señor Núñez Centeno.

Isto creo que non forma parte do decoro da Cámara e, polo tanto, isto non é permitido pola Presidencia. Non, non, non é permitido pola Presidencia. Prégolles que volvan aos seus escanos ou que fagan o que consideren oportuno, pero isto non é permitido pola Presidencia. Vostedes verán; se non, suspendo o pleno momentaneamente. *(Murmurios.)*

Non, non. Perdón, eu estouno sinalando que isto non está contemplado no Regulamento da Cámara. Pódense poden forzar as situacións ata onde queiran. Eu se vostedes non se van retirar, eu suspendo o pleno. Non teño problema ningún. ¡Vostedes verán! *(Aplausos.)*

(As citadas señoras deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea e mais a vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento de Galicia abandonan o hemiciclo e continúa a sesión.)

Grazas.

O señor NÚÑEZ CENTENO: É unha pena que se retire a señora Santos, porque dende a boa relación persoal que teño con ela mantéñome na petición de desculpas para as deputadas e deputados do Grupo Popular. *(Aplausos.)*

Ben, con respecto á intervención do señor Casal, falou de todo menos da autovía. Falou de toda outra serie de cousas menos da autovía da Costa da Morte. Sorprende dende logo, señorías, o que temos que escoitar neste hemiciclo. Aqueles que prometeron e non cumpriron coa Costa da Morte veñen agora con présas e con exixencias. Aqueles que utilizaban o trazado para manifestarse sen cidadáns, soamente con políticos, veñen dar leccións do que ten que facer o Goberno do Partido Popular. Aqueles que se limitaron ás primeiras pedras nun só metro cadrado de obra veñen a esta Cámara con reivindicacións que eles mesmos saben que non se poden cumprir. Eu supoño que as emendas estarán feitas para poder xustificar o voto negativo a esta iniciativa, que non ten outro obxecto que construír un novo tramo de vía para favorecer a comodidade e a seguridade dos veciños da comarca.

Miren, señorías, os cidadáns son moito máis espabilados do que moitos de vostedes pensan. Señor Rivas, os cidadáns non creo que estean moi contentos con esa interpretación que fai vostede de dicir que, como é publicitario, votan o Partido Popular simplemente porque os enganamos coa publicidade. Eu creo que os cidadáns da Costa da Morte terán en conta o que vostede di. E a súa opinión manifestárona claramente o pasado 25 de setembro demostrando a quen cren e a quen non cren. ¿Recórdolles resultados? Mazaricos, maioría absoluta do Bloque Nacionalista Galego no concello, 64,67 % de voto ao Partido Popular; Zas, maioría absoluta do BNG, 63,75 % de voto ao Partido Popular; Vimianzo, maioría absoluta cando se presentaron do BNG, agora da Marea, 57,28 % de voto ao Partido Popular; Muxía, maioría absoluta no concello do Partido Socialista, 55,19 % ao Partido Popular; Camariñas, maioría absoluta do Partido Socialista no concello, e agora mesmo 49 % nas últimas eleccións de voto ao Partido Popular. Esta é a realidade das persoas que viven na Costa da Morte sobre a autovía, sobre o Goberno do Partido Popular e o seu compromiso cos cidadáns dos distintos concellos.

Dende logo, quen tombou o anteproxecto que había entre Berdoias e Cee non foi o Partido Popular, foi tombado na época do Goberno bipartito.

Con respecto ás emendas, pide ata Cee o BNG. Como lle dicía, foron vostedes os que acurtaron o proxecto inicial en tempos de vacas gordas. Non podemos aceptar esa emenda porque é absolutamente irrealizable en prazos e en cantidades económicas, facéndoo por vía orzamentaria. Sería absolutamente irrenunciabile.

Podemos tratar de consensuar coa deputada do Grupo Socialista o primeiro punto da súa iniciativa, da súa emenda, no tema do desvío ou da saída ao polígono de Vimianzo.

Desde logo, a prolongación desta infraestrutura vaise facer pola vía dos orzamentos, non pola vía concesional, non sendo posible asumir os investimentos que nos piden vostedes nos prazos que marcan nas súas emendas coas previsións de ingresos actuais. Eu supoño que vostedes non pretenderán que retiremos partidas de sanidade, educación ou de política social para acurtar prazos na construción desta vía.

Lamentamos o non apoio en principio dos grupos da oposición para continuar esta infraestrutura, continuando coa súa política de bloqueo da mesma, pero os cidadáns da Costa da Morte coñecen o compromiso do Partido Popular coa comarca, e así llo fixeron ver no pasado mes de setembro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo parlamentario referido á apertura dunha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan a recuperación dos salarios ata acadar a media estatal e acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020, así como dar resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar

O señor PRESIDENTE: Non estando presente Paula Verao, se algún deputado de En Marea quere defendela... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Entón, dámola por caída. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, señor Trenor e señor Villares, silencio. Estou lendo o que imos debater agora. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, silencio por favor.

Vou ler o que imos debater, que creo que é importante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!, se non, chamareinos á orde aos dous. É que é a única maneira de garantir un certa orde aquí no Pleno. ¡Parece mentira! Creo que, en fin, non sei... Vostedes verán.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: Formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego acorda:

— Instar a Xunta de Galiza a elaborar un estudo sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade en colaboración co Parlamento galego e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.

— Estudar a modificación do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para o fomento de plans de igualdade en empresas de máis de 150 traballadores e traballadoras.

— Modificar o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para mellorar os capítulos V de erradicación do acoso moral por razón de xénero e capítulo IV de medidas de prevención e de sanción do acoso sexual, especialmente os artigos 60 e 61 referidos ao procedemento e infraccións disciplinarias de cara a incrementar o réxime sancionador ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestión de xénero e garantir unha maior atención ás vítimas.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia acorda:

1. Que, dentro do plan de traballo da Comisión non Permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres se inclúa o estudo e a avaliación do impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, contando coa participación dos axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas.

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver o Protocolo contra o acoso laboral na administración pública no que atinxe ao acoso sexual».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe, 8 de marzo, é para nós, especialmente para as mulleres, unha data importante. Entendemos desde o Bloque Nacionalista que o obxectivo da igualdade debe ocupar un lugar prioritario nas nosas axendas os 365 días do ano, e a consolidación dunha data coma esta permítenos, precisamente, a oportunidade de aproveitala tamén para parármonos por un momento e reflexionar, mirar cara atrás, avaliar até onde chegamos e, sobre todo, mirar cara adiante asumindo novos retos.

Hai máis de cen anos xa que esta data simboliza a loita incansábel de moitas mulleres e de colectivos de mulleres que foron ocupando espazos e conseguindo dereitos de forma que todas as que estamos hoxe aquí presentes poidamos gozar, aínda que sendo insuficiente, dunha serie de conquistas e de oportunidades; sen o seu esforzo non tería sido posible. Para todas elas, as que foron, as que son e as que serán, o noso profundo recoñecemento desde o Bloque Nacionalista Galego.

Porén, o optimismo do alcanzado e a confianza en que as feministas seremos quen, desde os diferentes ámbitos, de impulsar cada vez máis conquistas, non debe impedirnos sermos críticas, avaliar o termómetro da igualdade na Galiza de marzo de 2017 e facérmonos varias preguntas. Preguntámonos, por exemplo, en que punto estamos, e facemos unha reflexión desde Galiza para o mundo. Pensando globalmente, hai diferentes informes que alarman da situación na que estamos. Por mencionar un, sobre o que debullamos tamén na nosa iniciativa, o Foro Económico Mundial —que non é un organismo directamente controlado polo Bloque Nacionalista Galego, como imaxinan— elabora desde hai máis de dez anos un informe anual sobre igualdade. Nel avalíanse, con datos de diferentes países, indicadores como a educación, a saúde, a participación e oportunidades económicas, en canto a salarios, liderados e empoderamento político, é dicir, á representación nas estruturas onde se toman as decisións.

Este informe permítenos facernos unha idea da evolución da igualdade do mundo. Ademais, nos últimos anos, nos que, por certo, o Estado español non sae para nada ben parado, incorpórase un cálculo que estima canto tardaríamos para acadar a igualdade. Ademais, calquera de nós pode acceder á páxina *web* do Foro Económico Mundial e empregar unha aplicación informática na que ti introduces a túa idade, o teu sexo e o estado no que resides, e fai un cálculo de canto tardarías ti individualmente en acadar a igualdade. Pois eu fixen esa mesma proba, ¿e saben vostedes cantos anos se supón que vou tardar? Cento noventa e nove. A esperanza media de vida para as mulleres galegas é de máis de 86 anos, e, aínda así, aínda que particularmente en Ourense a temos un pouquiño máis alta, precisaría máis de dúas vidas para ser igual ao resto de homes que comparten comigo este Pleno da Cámara do Parlamento. Nós consideramos —e agardamos que os demais o compartan— que esta é unha situación realmente alarmante e que debemos tomar partida.

Este informe 2016 advirte de que a igualdade entre homes e mulleres podería tardar de media global uns 170 anos, pero é que en 2015 este mesmo informe estimaba esa duración en 118. Entón, nós preguntámonos por que nun ano un aumento de máis de cincuenta anos. ¿Por que? Pois o propio informe —que, como digo, non é para nada algo que estea estritamente nas nosas coordenadas ideolóxicas— di que este aumento se debe sobre todo a unha redución drástica nos avances en materia de igualdade, e desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que iso pasa mundial e localmente, que acontece a nivel mundial nun contexto de ofensiva do capitalismo e que acontece tamén aquí e agora na Galiza do 2017 nun contexto de recesión económica onde investir nos nosos dereitos non é unha prioridade. Acontece nun contexto no que, baixo a desculpa da crise, as políticas austericidas do Partido Popular e as reformas legais como as reformas laborais do Partido Popular e do Partido Socialista no Estado español contribuíron a empobrecer a clase traballadora e, ademais, a conxelar as políticas de igualdade, así como a recortar dereitos das mulleres traballadoras.

Neste contexto onde se nos repite reiteradamente que o cadro macroeconómico é positivo, que o PIB aumenta, que a ocupación por segundo ano aumenta a nivel global, nós analizamos que, se debullamos realmente o mapa laboral, vemos que os datos para nós, para as mulleres, son tremendamente preocupantes. Continúa baixando a poboación activa, por exemplo, en absolutamente todos os tramos, agás o de mulleres de maior idade, as demais ocupamos cotas de temporalidade; unha fenda salarial só acurtada nuns pequenos puntos precisamente pola diminución do salario medio dos homes, non polo aumento do das mulleres, e a consolidación do fenómeno do traballador e traballadora pobre. Isto pasa porque a igualdade non se consegue con enunciala, cómpre artellar políticas e orzamentos que a persigan. Non a conseguiremos tampouco con titulares e declaracións institucionais. Por iso reitero unha cuestión que introducía ao comezo da miña intervención. Nós entendemos que a consolidación do 8 de marzo é unha oportunidade para pararnos e pensar, para avaliar que ferramentas temos, que estamos facendo e se é suficiente.

Por iso hoxe, concretamente, queremos centrar a nosa intervención, a nosa reflexión, en dous puntos: en primeiro lugar, na necesidade dun maior compromiso coa conciliación; e, en segundo lugar, na necesidade de avaliar o impacto da Lei de igualdade, e, se é necesario, modificala ou elaborarmos unha nova.

En canto á conciliación, segundo os datos feitos públicos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial, esta nosa comunidade é a segunda, despois de Madrid, na que máis demandas por problemas de conciliación se presentan, e iso nun país coa demografía no estado en que está. Onte escoitamos con atención a comparecencia do señor Rey Varela e vimos que, coma sempre, anuncian moito e executan pouco. Entendemos que o compromiso da conciliación como ferramenta para favorecer a igualdade pasa por implementar máis recursos, e propoñemos que se acometa a necesaria modificación da lei a respecto do que ten que ver coa conciliación no marco laboral, favorecendo unha maior promoción tanto de escolas infantís en empresas de gran volume de traballadores e de traballadoras como de maiores axudas adaptadas á nosa realidade.

E, en segundo e último lugar, quería determe con máis calma noutro aspecto que nos parece absolutamente fundamental, que é en intervir sobre se é necesario ou non modificar esa Lei de igualdade da que nos temos dotado. Pasaron xa doce anos da aprobación da Lei 7/2014 —doce

anos—, e entendemos que do mesmo xeito que a permanencia da violencia machista nos fai reflexionar e chegar a consensos para reformar o marco legal e para reformar as medidas que tomamos, pois a permanencia tanto da desigualdade no eido laboral e social como a velocidade das conquistas, diminuíndo polos recortes impostos por este contexto de recesión, como o feito de que como sociedade avanzamos no recoñecemento e na visibilización dos múltiples fenómenos de violencia, diante deste contexto cambiante, temos que pararnos diante dos novos retos de futuro e valorar a necesidade de avaliar o impacto, o grao de cumprimento desta lei e tamén, en colaboración co Parlamento galego, pero sempre participado por axentes sociais, sindicais e por organizacións e colectivos feministas, valorarmos a necesidade de acometer modificacións.

Esta lei, como saben, abrangue múltiples ámbitos, pero nós queríamos centrarnos nun que entendemos que é especialmente preocupante: o acoso sexual no ámbito laboral. O acoso sexual e o acoso por razón de sexo son o exemplo vivo, preocupante e grave da violencia que sufrimos as mulleres no ámbito laboral, e que conta con tres agravantes que hai que ter en conta.

En primeiro lugar, é profundamente invisible, descoñecemos o seu impacto, non temos sequer estatísticas sobre que grao de acoso sexual pode estar habendo nos centros de traballo do noso país. O feito de que as denuncias se vehiculicen moitas veces no ámbito da propia empresa sen chegar ao ámbito legal e que no ámbito legal poidan ir por diferentes vías dificulta sabermos realmente canto acoso existe e como o podemos erradicalo.

Por outra banda, non só ten un considerable grao de invisibilización, senón que tamén está profundamente normalizado, tanto nas vítimas como nas persoas agresoras, e nun contexto, ademais, de crise económica, temos unha maior situación de vulnerabilidade e vémonos forzadas a aceptar situacións que noutro contexto económico seguro que non se aceptaban.

Diante disto, entendemos que hai que poñer máis recursos e revisar actuacións; diante desta pandemia non podemos permanecer impasibles. E temos propostas concretas para o debate.

En primeiro lugar, aclarémonos en se recoñecemos que o acoso sexual é un delito ou non, se é violencia machista, como di a lei, ou non, ou se a forza maioritaria deste país así non o recoñece.

En segundo lugar, entendemos que é fundamental asesorar —e dialogar— as empresas coa elaboración dos protocolos. O Consello Xeral do Poder Xudicial, en colaboración coa Generalitat, elaborou un informe en 2013 no que alerta de que a maioría destes informes non vinculan o acoso coa violencia, por exemplo. Avaliar tamén cuestións que entendemos que igual hai que modificar, como a idoneidade dos chamados procedementos informais no marco das empresas, que moitas veces acaban derivando en que as mulleres agredidas teñan que dialogar e negociar unha saída coa persoa que as agride. Ou, por exemplo, reforzar o sistema de atención para que as mulleres teñan onde acudir.

Temos avanzado moito en amosar ás mulleres que viven unha situación de violencia machista no seu entorno persoal que teñen ferramentas para denunciar, que teñen ferramentas ás que acudir, pero ¿temos feito o propio para que quen o viva no seu ámbito de traballo se sinta protexida e se sinta incluída nesas ferramentas? Nós temos dúbidas, e sobre todo —xa saíu aquí

hoxe pola mañá— entendemos que hai que dar exemplo como administración e que hai que rescindir de forma categórica o contrato con aquelas empresas condenadas por acoso e terrorismo psicolaboral; rescindir eses contratos, como é o caso da compañeira Neli, (*Aplausos.*) a quen vimos de apoiar as deputadas do Bloque Nacionalista Galego nunha concentración diante da impasible Secretaría Xeral de Igualdade. Aproveitamos para lanzarlle desde aquí novamente o noso apoio, e lanzarlles tamén a todas as mulleres que vivan algún tipo de situación deste tipo no seu entorno laboral que non están soas, que non é culpa nosa, que hai saída e que desde as institucións faremos o posible porque esa saída chegue canto antes, coa maior protección posible e sen impunidade nin para os agresores nin para as empresas cómplices co patriarcado.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

«Non desmontaremos a casa do amo coas ferramentas do amo», é unha sentenza da escritora, activista e feminista americana Audre Lorde. (*Aplausos.*) Confundir a loita pola igualdade das mulleres coa agresión aos dereitos dos homes é unha das mensaxes máis paralizantes desta conquista. A grandeza desta loita reside, precisamente, no feito de que os pasos máis importantes son aqueles aparentemente máis silenciosos. Por iso é de xustiza lembrar hoxe a unhas mulleres. Elas chámanse Marisa, Chelo, Isabel, Luísa, Pura, Carmiña, Elvira. Moitas foron nais, moitas son avoas e moitas xa non están entre nós; todas elas son mestras xubiladas, mulleres traballadoras que durante o pasado século ocupaban esas escolas do rural, moitas veces en aldeas illadas de Galicia, en condicións moi precarias, onde empurraban por educar a esas miles de nenas e nenos que tiñan acceso limitado á educación. Co seu esforzo tan mal pagado conseguiron mellorar a vida de todas e de todos.

Foron motores calados da mellora económica deste país, preocupadas e involucradas coas familias, arroupando os rapaces, mediadoras formativas, laborais, sociais, sacrificando o seu propio acceso á información e á cultura para dotar de futuro e igualdade de oportunidades a elas e a eles. Sirva, polo tanto, o seu exemplo para homenaxealas no día que hoxe conmemoramos, o Día Mundial da Muller Traballadora. Porque celebrar non temos nada que celebrar. Persoalmente considero que máis ben é un día que significamos para lembrar e deixar constancia do moito que temos que avanzar para acadar as conquistas negadas para as mulleres durante anos.

O pasado venres preguntábanme se consideraba que as mulleres galegas estaban mellor dende que goberna Feijóo. Vou contestar cos seguintes titulares publicados en diversos medios no día de hoxe: «O mercado laboral galego é menos equitativo a medida que avanza a recuperación», «As mulleres asinan o 89 % das excedencias por coidado familiar». Outro: «Insultáronme por ser muller», «Unha de cada dúas traballadoras teñen un emprego sen

garantía de dereitos»; e, o último: «Denegan o teletraballo a unha investigadora dun centro público con tres fillos».

Con estes titulares, ¿cren de verdade que podo contestar que as mulleres estamos mellor? Se a sociedade cada vez que dá un paso cara a adiante o fai a custa dun paso para atrás das mulleres, ¿por que imos estar satisfeitas? ¿Acaso alguén pode entender que aquel irmán que recibe menos cariño, menos protección ou menos atención dos seus pais ca outro irmán pode estar contento porque un día lle dean algo de cariño, algo de protección ou algo de atención? (*Aplausos.*) Estará contento o día que teña e reciba o mesmo; é así de sinxelo.

No mundo da construción denomínanse materiais de sacrificio aqueles que teñen como principal papel preservar o bo comportamento doutros en prol do seu propio desgaste. Iso son as mulleres, o seu papel histórico na sociedade: materiais de sacrificio, permiten o bo funcionamento da sociedade, pero sacrificando o seu propio benestar e dereitos. E non o digo eu, dino os datos do día a día, os miles de titulares que hoxe están na prensa mundial e que falan deste desequilibrio histórico.

E aos titulares anteriores sumemos o titular do pasado sábado: «Feijóo chama a non politizar a loita pola igualdade porque sería faltar ao respecto ás mulleres». Parece que o noso propio presidente se sente incómodo con aqueles que dende a política traballamos pola igualdade. As mulleres e homes concienciados coa igualdade das mulleres seguiremos reclamando eses dereitos nesta Cámara as veces que sexa preciso, porque aquí vimos facer política, debater e contraponer ideas; non tomar uns chiquitos entre amigos; iso si que sería faltar ao respecto ás mulleres, señor Feijóo. Pero non sei verdadeiramente que pretende dicir un presidente que nin sequera está presente cando neste Parlamento se trata un tema de igualdade nun día como o de hoxe. Non sei quen ten aquí que dar leccións de respecto. (*Aplausos.*)

Falaba tamén o presidente dos avances innegables. Séntese orgulloso de que aumentasen as prazas en garderías. Eu preferiría que se sentise orgulloso de que moitas nais e pais puidesen desfrutar da conciliación familiar, da posta en práctica da corresponsabilidade, de estar entre os países referentes en canto a permisos de maternidade e paternidade e de non ter que facer uso desas garderías.

Existe un mundo, *O mundo feliz*, que describía o escritor Aldous Huxley, no que as nenas e nenos se confiaban a un sistema educativo clasificatorio por aptitudes e no que o papel da familia era rexeitado dende o seu nacemento. O afectivo non era un valor da sociedade. Se non queremos progresar cara a ese mundo deshumanizado descrito, atendamos de urxencia estas necesidades sociais.

Estamos, polo tanto, a favor das proposicións que plantexa hoxe o Grupo do BNG, apoiando a creación dos plans de igualdade nas empresas e considerando incluso a súa inclusión naquelas cun mínimo de 150 traballadores e traballadoras. E presentamos emendas de modificación ás propostas desta PNL basicamente motivadas pola referencia errónea da lei xa derogada e que ten que facer referencia ao Decreto legislativo de febreiro de 2015. Agardamos que estas emendas sexan aceptadas polo Grupo do BNG. E, decreto,

por certo, do que si consideramos preciso un estudo sobre o impacto, o grao de incumprimento e vixencia do mesmo.

Nada máis que engadir. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días, señorías, presidente.

O mundo, señores, non se para cando faltan as mulleres, non é certo; párase o mundo cando faltan as mulleres e os homes, como ben vimos hai uns momentos.

As señoras de En Marea fan que decaia a proposta máis importante que traen o día de hoxe, o Día Internacional da Muller; a única proposta que traen en materia de igualdade e decae este tema. É máis importante para En Marea un *tuit* ou unha manifestación que o seu traballo pola igualdade no Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*) De todos os xeitos, seguimos esperando, os deputados e as deputadas do Partido Popular neste Parlamento, as desculpas da señora Carmen Santos. (*Aplausos.*)

Hai uns días celebrabamos os 180 anos do nacemento da poeta galega Rosalía de Castro, e ela dicía estas verbas: «Porque todavía non lles é permitido ás mulleres escribir o que senten e o que saben». Grazas a mulleres coma ela, as cousas cambiaron moito. O primeiro texto lexislativo sobre a igualdade que saíu adiante no Parlamento galego foi a Lei do ano 1991. Unha lei onde se aprobou o Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller, un proxecto dun goberno Popular que recibiu o voto en contra de toda a oposición, probablemente pola dificultade que lle supoñía asumir que fora o Partido Popular quen levara a dianteira neste tema. Hai un antes e un despois, dende logo que si, dende a aprobación desa lei.

Hoxe en día temos en vigor o Decreto lexislativo do ano 2015. Vostedes están a propoñer un traballo sobre unha lei —a de 2004— que xa está refundida na actual. A nosa proposta é moito máis ambiciosa para este día. Non encomendamos á Xunta —como vostedes propoñen— facer esa avaliación da actual normativa, senón que propoñemos traballar en conxunto —como o fixemos ata o de agora e como estamos dando exemplo do bo facer— todas as forzas políticas con representación neste Parlamento na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres pedindo que no seu plan de traballo se inclúan a avaliación do impacto, o grao de cumprimento e a vixencia do actual Decreto lexislativo do ano 2015. Como ven, con amplitude de miras, con ganas de sumar e con ganas de facer.

Dende logo, propoñemos un traballo conxunto, tal e como se fixo co Pacto galego contra a violencia machista. É o único xeito de conquistar un fin que debe unirnos a homes e a mulleres e a todos os partidos políticos que aquí estamos representados. Que non se produza ningún asasinato máis, que ningún neno e ningunha nena galega quede sen pai e quede sen nai pola situación de violencia machista que estamos vivindo na nosa sociedade. Debemos aprender dese xeito de facer para poder chegar a acordos en todo o que teña que ver contra

a discriminación e por acadar unha igualdade real entre homes e mulleres. Ese debe ser o noso xeito de facer.

Esta é a nosa iniciativa, tenderlles a man para chegar xuntos por aquilo que nos une. E nese traballo podemos falar de todos os asuntos incluídos na súa actual proposta. Podemos incluílos, podemos engadir, podemos sumar e podemos propoñer; iso si, no sitio onde temos que facelo, nunha comisión onde podemos traballar todos a unha.

En primeiro lugar, para especificar un pouquiño máis o que piden na súa proposición non de lei, solicitan estudar o fomento da igualdade en empresas de máis de 300 traballadores. ¿Non saben os señores do Bloque Nacionalista Galego que xa está implantado por lei que as empresas de 250 traballadores teñen que ter un plan de igualdade na súa empresa? ¿Propón acaso o Bloque Nacionalista Galego subvencionar as grandes empresas por cumprir coa súa obriga? Supoñemos que non.

Como vostede sabe, a lei prohibe a desigualdade, e os convenios non poden incluír ningún tipo de cláusula discriminatoria —estamos falando dun tema moi serio—. Estase a promover o emprego feminino e a igualdade de xénero con actuacións concretas. Dende o ano 2009 o 55 % de todas as axudas para mulleres tiñan unha importante incentivación na contratación. E o orzamento para este ano 2017 aumentou, hai 1.300.000 euros para o Programa Emega, de emprendemento feminino. O presidente da Xunta de Galicia dicía hai un momento que se vai aprobar un plan estratéxico de igualdade para o ano 2017-2020. Creo que estamos de noraboa neste 8 de marzo, neste Día da Muller.

Os datos son moi positivos e no informe elaborado pola Federación de Traballadores Autónomos para este día, con motivo deste día, destácanse as comunidades autónomas de Asturias e de Galicia polos bos datos e os bos resultados que temos.

Por último, a relación que facían na súa proposición non de lei con respecto ao acoso laboral e sexual. Na Administración autonómica é soamente onde podemos ter esa regulación. Como ben saben, o réxime sancionador ás empresas vén por un decreto lei que establece o Estado, e non temos competencias na nosa comunidade autónoma. (*Murmurios.*)

Bueno, non temos inconveniente en seguir avanzando sobre eses proxectos pioneiros. Continuamos tendendo a nosa man, ese é o noso espírito de traballo, indo máis alá. E por iso solicitamos á Xunta, na nosa emenda que propoñemos de substitución, desenvolver un protocolo contra o acoso laboral na Administración pública no que atinxe ao acoso sexual. Exiximos a práctica tolerancia cero con calquera tipo de violencia e moi especialmente en casos de violencia machista. Hai 300 mulleres en Galicia que non denuncian...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Creo que temos que ir da man e estar moi por riba dos nosos partidos políticos ou das súas ideoloxías partidistas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...e neste senso traballar todos a unha contra a violencia de xénero e contra a desigualdade; da man homes e mulleres.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Dende En Marea votaremos a favor desta iniciativa, porque concordamos cos puntos propostos. E queremos facer especial fincapé no primeiro, porque parécenos que ten especial urxencia a elaboración deste estudo e a avaliación.

Eu pensei que polo que falamos na Ponencia que fixemos para elaborar as recomendacións para mellorar a lei orgánica xa tiñamos acordo, precisamente, na necesidade de valorar o impacto, o grao de cumprimento e a vixencia desta lei. Porque se consideramos que isto era necesario para mellorar a actual lei orgánica, supoño que o mesmo argumento servirá para a propia lei galega.

No relativo á emenda do Partido Socialista, estamos de acordo, non temos nada que engadir.

Sen embargo, si que imos posicionarnos... Bueno, non puiden escoitar as argumentacións da portavoz do Partido Popular, porque estabamos paradas, pero lendo a emenda parécenos un erro absoluto este plantexamento. Baixo o noso punto de vista non debería empregarse a Comisión non Permanente de Igualdade como a escusa perfecta para apelar ao inmovilismo e deixar todas as decisións para un futuro máis afastado, para mañá.

Vaia por diante que para nós tanto esta comisión como a posible ponencia que se cre para traballar de cara a un pacto galego contra as violencias machistas nos parecen necesarias e positivas. Pero esta é xa a segunda ocasión na que o Partido Popular presenta unha emenda na que pide que se pospoña o debate neste pleno e se traslade a esta comisión. E vou repetir os mesmos argumentos: eu pediríalles que se tomen o debate parlamentario con seriedade, e pospoñer o debate significa tamén pospoñer as solucións, que son urxentes. Entón, eu non entendo moi ben o sentido desta emenda. Non teñan medo, amosen o seu posicionamento ante os puntos propostos, que son moi claros, son moi concisos, e baixo o noso punto de vista non deixan lugar a dúbidas ou a interpretacións.

Entón, eu espero que retiren a súa emenda e voten a favor desta iniciativa. De non ser así, esperaremos con moitas ganas os argumentos que dan para votar en contra de cuestións que reúnen tanto consenso na sociedade.

E cando falamos de violencias machistas, especialmente o Partido Popular usa a linguaxe dun xeito bastante perverso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non teño ningún problema en repetilo e pediríalles que tiveran un pouco de respecto e escoitaran as com-

pañeiras cando falamos. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Voules explicar por que digo que utilizan a linguaxe de xeito perverso, porque vostedes falan moitas veces apelando á responsabilidade e apelando ao consenso necesario de todos os grupos desta Cámara. Nós, por suposto, queremos chegar a consensos que nos fagan avanzar na loita contra as desigualdades de xénero, e queremos que a estes consensos se chegue canto antes. Pero, xustamente, nós non queremos acadar o consenso simplemente destes grupos parlamentarios, nós queremos acadar o consenso con todas as mulleres que traballan precariamente, con todas as mulleres que traballan de maneira invisible nos fogares, con todas as que son acosadas nos seus centros de traballo. E para conseguir o consenso con estas mulleres hai que votar iniciativas como a que hoxe se presenta aquí. Entón, non sei que entenden vostedes cando falan de responsabilidade, pero para nós o verdadeiramente responsable é —como dicían— non buscar o consenso dos grupos parlamentarios que estamos aquí hoxe, hai que ir moito máis alá: comezar buscando o consenso, por exemplo, con todos os colectivos feministas organizados e con todas as mulleres que resisten, e que son a verdadeira punta de lanza na loita contra as violencias machistas.

Por iso a min resúltame verdadeiramente ofensivo escoitar nun día como hoxe o presidente da Xunta falar de que o Partido Popular foi o primeiro en elaborar un Plan de igualdade no ensino, falar de que cren no feminismo sen etiquetas e escoitar como queren axudarnos ás mulleres. Vostedes deberían saber que o feminismo estivo nas rúas contra moitas das súas leis, que tomou a contrarreforma da Lei do aborto, que derrubou a un ministro. E a nós ninguén nos axudou e non queremos, ademais, a axuda de ninguén, queremos dereitos. Estes conquistámoslos nós, as mulleres, fóra deste Parlamento, nas rúas mobilizándonos. *(Aplausos.)*

Por iso, para ser verdadeiramente útiles, deberíamos comezar a ver a política como un exercicio colectivo e saír de vez en cando das paredes deste Parlamento. Deberían asumir que a única forma para acabar coas múltiples opresións e violencias que sufrimos as mulleres é practicar o feminismo. E o feminismo practícase todos os días, en todos os momentos e en todos os espazos.

Por iso lamentamos profundamente que hoxe non secundaran o paro e que non se fixeran eco da mobilización que estaba fóra destes muros; lamentamos que non estiveran ao lado das mulleres que hoxe deron un exemplo de solidariedade internacionalista, todas esas mulleres que hoxe decidiron parar. E paramos porque sóbrannos os motivos para facelo, en primeiro lugar, porque non queremos que haxa nin unha menos. Por desgraza, xa non estamos todas, están ausentes todas as asasinadas; no que vai de ano vinte e unha mulleres xa son as que non están con nós.

Por iso, este 8 de marzo, paramos para lembrar que os nosos corpos e as nosas vidas son única e exclusivamente nosas, e que se nós paramos, párase o mundo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, como a señora Quinteiro non estaba cando o Partido Popular comezou a súa intervención faltándolles ao respecto a todas as deputadas de En

Marea, que eu considero aliadas feministas, aínda que non compartan algunhas cuestións ideolóxicas moitas veces con elas, e, de feito, desenvolvín un paro a outra hora, (*Murmurios.*) pois serei eu, xa que a señora Quinteiro... Non sei que graza lles fai. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Ben, pois nada, cadaquén retrátase pola súa actitude.

En todo caso, como ela non estaba escoitando, que estaba exercendo o seu libre dereito a executar ese paro, pois direilles eu que hai que ter pouca vergonza para desmerecer que a iniciativa de En Marea non se defendera porque elas estaban executando ese paro e acusarnos, ademais, ao resto de forzas da oposición de pouco ambiciosas nas nosas propostas, cando vostedes non só non traen ningunha hoxe aquí a este Parlamento, senón que non executan (*Aplausos.*) as leis, e non executan as súas propostas, e non responden ás nosas preguntas. ¡Hai que ter pouca vergonza! Pero, en fin, poden (*Aplausos.*) seguir rindo e farfallando o que queiran.

Ademais, á señora García pasoulle como ao señor Feijóo: viña co manual de que íamos centrar absolutamente todo na violencia, e ata non aprendeu ben a lección. Porque se eu non entendín mal, ata agora, cando menos tiñamos un certo consenso recollido nas leis arredor do que é violencia machista e sobre quen se executa, que ata onde eu sei era sobre as mulleres. E isto de que os homes e os nenos que quedan sen pais non o acabei de entender moi ben.

Pero, en fin, indo a algunhas das cuestións concretas que foron saíndo aquí. En primeiro lugar, a emenda do Partido Socialista —eu comparto a análise que introducía a compañeira Quinteiro— a nós non nos vale. Non nos vale porque, primeiro, desde este Parlamento temos esa ferramenta, esa comisión, que nós valoramos positivamente; de feito, participamos no seu día proactivamente desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para que se creara. Pero é que se repasamos os ditames sucesivos das anteriores lexislaturas, aquí os incumprimentos que quedan en evidencia son os dos señores do Partido Popular. E esa comisión pode ser útil se a forza maioritaria asume os seus consensos e os executa, pero, desde logo, o que non imos permitir as mulleres desta oposición é que se use como coartada para que entón aquí xa non se poida falar de feminismo nin de propostas, porque ao Partido Popular non lle apetece que veñamos a este Parlamento politizar. ¡Que locura vir a un Parlamento exercer o dereito libre e democrático a falar de problemas políticos que teñen solucións políticas! Polo tanto, non a imos aceptar.

É máis: entendemos que non é serio, porque hai estudos, hai deliberacións que podemos facer desde aquí, pero con toda humildade, con toda modestia, temos que asumir que hai cuestións que hai que estudar a maior nivel e que hai que facer estudos cuantitativos, cualitativos, estatísticos. Por exemplo, acoso sexual, dos poucos estudos que hai e que é estatal, non galego, temos un de 2006 elaborado daquela polo Estado. Elaborado daquela polo Estado e para o que se fixo, por exemplo, ademais de grupos de debate, estudos cualitativos e demais, un universo de máis de dez mil enquisas para avaliar se había mulleres en risco de acoso sexual ou con experiencias de acoso sexual no traballo. Cuestións como esas para facer un estudo amplo sobre o impacto dunha iniciativa non se resolven cunha comisión de deliberación.

Por ir falando de máis cuestións, dos protocolos e dos plans de igualdade. Nós non propoñemos na nosa iniciativa que se fagan máis plans de igualdade. É que os plans de igualdade se van a ese estudo que lles recomendei do Consello Xeral do Poder Xudicial do 2013, verán

como na súa maioría os protocolos que teoricamente nacen para protexer as mulleres de sufrir acoso sexual, un 3 % son os que indican o acoso sexual como un delito de violencia machista, cando iso está recollido na lei galega e na lei estatal. ¿De que vale ese plan?, ¿de que vale ese protocolo? De mero texto, de mero accesorio, pero non trae solucións reais. Entón, avaliemos se funcionan ou non, avaliemos se hai que dar outros pasos.

Máis cuestións que foron saíndo e vou rematando. Sobre o acoso sexual, agora non se pode facer nada sobre o acoso sexual porque é un delito tipificado noutro ámbito legislativo. Moi ben, pero desde aquí temos ferramentas, temos ferramentas para previr, temos ferramentas para acompañar e temos ferramentas para exemplificar. E repito: primeiro, decidamos se vostedes acatan a lei e acatan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: ...que o acoso sexual é un delito, como é no caso que xa saíu hoxe aquí do señor Baltar, ou, se non, van seguir facendo de cómplices e de caladiños, ou executen decisións que están nas súas mans...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: ...como rescindir contratos con empresas que practican o acoso sexual.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: E, por último, dicir que si, que lamentablemente estamos no dereito democrático a exercer o feminismo que queiramos, porque o feminismo, por definición, é plural. Por iso falamos sempre de «feminismos», e o noso, mal que lles pese, é nacionalista e de clase. E chegaremos a consenso, si, pero eses consensos non van ir a cambio de cesións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: ...coas que non concordemos, nin de silenciar o que opinamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Presas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar as proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez.*

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de analizar e consensuar todos os aspectos da adscrición dos centros das ensinanzas artísticas superiores ás universidades mediante convenio, así como posibilitar a súa incorporación ao Sistema universitario galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia e o Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro.*

Hai pendente unha transacción. Se a hai... ¿Perdón?

Déanlle voz ao escano do señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: *¿Hai que lela ou vale con entregarlla a vostede? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Hai que lela.*

O señor PRESIDENTE: *¿É moi longa?*

O señor LÓPEZ CRESPO: *«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que promova a elaboración dun informe de carácter anual sobre a situación do sector pesqueiro galego por parte do Consello Galego de Pesca no que plasmar as inxerencias e problemas, así como tamén obxectivos e liñas de actuación a curto, medio e longo prazo, co senso de mellorar a competitividade e sostibilidade do noso sector pesqueiro.*

Este informe debe propoñer as reformas que considere precisas na regulamentación pesqueira, marisqueira e acuícola, co fin de mellorar a competitividade e sostibilidade do sector, e debe ser remitida ao Parlamento de Galicia a efecto de celebración dunha sesión informativa sobre el no seo da Comisión 8ª, de acordo co establecido no artigo 143 do Regulamento do Parlamento.>>

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

Votamos, polo tanto, esta transacción que acaba de ser lida. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Consello Galego de Pesca para a elaboración dun informe bianual destinado a mellorar a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa da señora Santos Queiruga.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da señora Rodríguez Rumbo.

Non hai transacción, non se aceptaron as emendas. Votamos, polo tanto, tal e como está formulada a proposición non de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno

galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para o desenvolvemento en Galicia do Real decreto 575/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Fernández Prado.

Parece ser que hai unha transacción. Se fai o favor de lerma, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Hai unha transacción entre o texto orixinal e o primeiro punto da emenda do Partido Socialista, quedando ao final: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a darlle continuidade á autovía da Costa da Morte, comezando por unha primeira fase que conecte Baio e a AC-432 en dirección a Camariñas, analizando a viabilidade de incorporar un enlace co Polígono industrial de Vimianzo, avanzando este mesmo ano nos trámites necesarios para a redacción do proxecto construtivo e dispoñendo as anualidades necesarias nos orzamentos da Xunta para que esta infraestrutura sexa unha realidade na presente lexislatura.»

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Votamos o texto que se acaba de ler.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para darlle continuidade á autovía da Costa da Morte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Presas Bergantiños.

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a debater o punto 5^o, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector da automoción

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Cando nos pediron aos deputados e deputadas unhas notas para publicar na páxina web da Cámara, unhas notas biográficas, eu quixen poñer que era o neto de Pepa das Laceiras e non me deixaron. (*Murmurios.*) Seica había un formato ríxido e que non se axustaba a ese formato. Eu quería poñer alí que son o neto de Pepa das Laceiras, en primeiro lugar porque me sinto moi orgulloso de ser o seu neto, porque era unha muller de coraxe, unha muller de traballo, unha muller analfabeta e enormemente sabia. E ademais deume unha lección, unha gran lección, que ten moito que ver co que facemos aquí, ou polo menos o que facemos no meu grupo político aquí. Porque cando eu lle preguntaba: Avoa, ¿que hai? Ela dicíame: Hai moito, pero mal repartido. Polo tanto esa é unha motivación para estar en política, para traballar en política, para estar neste Parlamento. (*Aplausos.*) E tráioa a ela aquí en representación tamén desas mulleres coma ela, de Ponte Sampaio, que se enfrontaron ás dragas que querían espoliar a ría de Vigo, das mulleres de Lourizán que se enfrontaron á celulosa e que sufriron malleiras e cárcere por iso, das mulleres, en fin, de Vilaboa ou de Salcedo que se enfrontaron aos destrozos da autoestrada. Son exemplo para as loitas de hoxe, tamén para a loita en defensa dos postos de traballo da automoción, en defensa dos dereitos laborais, en defensa de todos os dereitos que están sendo aniquilados co pretexto da crise.

Vimos aquí falar do sector da automoción, que é un sector, desde logo, estratéxico para o noso país e, sobre todo, estratéxico para a comarca de Vigo. Un sector que supón máis de 19.000 postos de emprego directos, que supón unha facturación en 2005 de máis de 8.200 millóns de euros, o 15 % do PIB ou o 31 % das exportacións galegas. Son datos cuantitativos.

É un sector que ten fortalezas pero, desde logo, tamén ten ameazas, ten debilidades, ten riscos de cara ao seu futuro e tamén ao seu presente. Está nunha situación de risco, nunha

situación de emerxencia. Nos últimos anos perdéronse aproximadamente 2.000 empregos directos no sector, mentres que no norte de Portugal se incrementaron en 6.000 postos de traballo novos.

E non falamos só de destrución de emprego. Como dicía, tamén co pretexto da crise e da competencia de Portugal, hai cada vez máis presión á baixa, unha chantaxe permanente para atacar dereitos, conquistas laborais e salariais. Vemos como baixan os salarios, como os ritmos de traballo son cada vez máis abusivos, o que está afectando gravemente tamén á saúde, e como saltan sistematicamente os convenios do sector, contratando empresas de servizo con convenios propios, ou estatais, que son inferiores en dereitos laborais e salariais.

Polo tanto, estamos a falar dunha situación moi grave, denunciada, desde logo, polos sindicatos do sector —quero saudar a presenza aquí de representantes sindicais da automoción galega— e denunciada tamén por outros axentes económicos, sociais e institucionais de Galiza e da zona de Vigo.

É unha situación que se dá nunha comarca, ademais, onde o emprego industrial xa sufriu un duro golpe no sector naval sen que o Goberno galego, neste caso, puxese en marcha un plan de reactivación e de impulso, tan necesario no naval e tan necesario tamén na automoción. E non o vemos tampouco, ante esta grave situación, no caso da automoción.

O señor conselleiro presume moito de Industria 4.0, pero esta é unha Industria 4.0 en fuga, en desbandada para o norte de Portugal. E mentres o Goberno galego está instalado nesa compracencia, autocompracencia 4.0, Portugal, desde logo, non está parado. Portugal ten unha aposta estratéxica de país pola automoción, unha política de Estado, especialmente no caso da rexión norte.

Están captando investimentos de empresas auxiliares trasnacionais da automoción, e mesmo están captando, atraendo, empresas de matriz galega que, segundo o clúster do sector, ata un número de 27 xa están instaladas no norte de Portugal. Estano facendo cunha política de Estado, con incentivos económicos, fiscais e administrativos. E tamén, desde logo, con medidas que poden entrar en competencia desleal, e iso tamén hai que analizarlo.

E se non estivese claro que hai unha estratexia e un reparto de papeis e de funcións, a nós quedounos perfectamente claro cando lemos o documento da estratexia exterior galega cando se crea a Resoe. Non sei se lle soa ao señor conselleiro a Resoe, a rexión do suroeste de Europa, que foi un pouco un invento do señor Feijóo. Debíalle quedar pequena Galiza e entón creou unha rexión máis que Galiza-norte de Portugal, tamén con Castela-León, que despois aínda se ampliou coa rexión norte de Portugal e Asturias.

Aí creáronse uns grupos de traballo cunhas temáticas específicas nas que se pretenden especializar cada unha das zonas. E resulta que Galiza escolleu como grupo de traballo a educación e a cultura, I+D+i; Castela-León, o transporte e a loxística; a rexión centro de Portugal, a demografía; Asturias, o turismo e o emprego. E non sei se saben que escolleu a rexión norte de Portugal. Pois dígollo eu. A rexión norte de Portugal lidera o grupo sobre competitividade industrial, especificamente no ámbito da automoción. Polo tanto, está claro

que os papeis están perfectamente repartidos e que Galiza asume que o norte de Portugal vai liderar este ámbito.

¿E cal é a posición oficial do Goberno galego? O conselleiro xa sabemos que está instalado nesa autocompracencia 4.0. O señor presidente da Xunta, que está ausente neste debate, falou recentemente, no último pleno —tamén cun discurso triunfalista—, de que a industria do automóbil en 2016 tivo un incremento na súa facturación de entre un 5 % a un 8 % ou un 9 %. Non sei, entre un 5 %, un 8 % ou un 9 % aínda hai algunha diferenza. Que a industria auxiliar incrementou en 2.000 postos de traballo. Non sei como se entende isto, que se estean deslocalizando as empresas ao norte de Portugal, que se estean eliminando postos de traballo, e que aumenten 2.000 postos de traballo. E que tamén se incrementou a facturación neste sector.

O señor Rueda, por outro lado, xa ten un discurso un pouco máis prudente, un discurso máis comedido. Tivo o outro día en Pontevedra un ataque de sinceridade, debía ser que estaba relaxado nun almuerzo —dicía que era de traballo— cos xornalistas, e dixo que estaban moi preocupados, que era un problema moi importante e que estaban analizando as causas. Espero que non tarden moito en analizar as causas —que non tarden tanto como levan coa Plisan, que falaremos despois dela—, facerlle fronte e poñerlle remedio a esta situación.

Unha das claves ten que ver —non a única, pero unha das principais— precisamente cunha vantaxe competitiva que está a ter Portugal na oferta de solo empresarial e no prezo do solo. Nos últimos anos instalouse unha empresa auxiliar da automoción nun parque empresarial galego, no de Molle, a un prezo de 150 euros o metro cadrado, mentres se instalaron 14 en Portugal e hai 20 novos proxectos en marcha para instalarse no norte de Portugal. E iso ante a pasividade da Xunta de Galiza para poñer no mercado solo a prezos competitivos.

E temos que falar, desde logo, do caso da Plisan, que leva 17 anos de tramitación, 8 gobernando vostedes. Polo tanto, isto non é un asunto —como soen dicir vostedes— do Goberno bipartito. Non é un asunto do Bipartito, isto é do tripartito: da Xunta, do Porto de Vigo e da Zona Franca, que son quen teñen que sacar adiante este proxecto.

Polo tanto, póñanse as pilas, póñanse en marcha, creen solo empresarial, poñan solo no mercado a prezos competitivos, porque ese tren xa o estamos perdendo, xa o perdemos, e a cousa aínda pode ser moito máis grave. E mentres, vemos como Portugal si que aposta pola creación de máis solo empresarial en Monção, ampliando o polígono de Valença con Vilanova de Cerveira, en Viana, ou con esa macroplataforma loxística portuaria do Porto, que vai ser outra competencia máis para o porto de Vigo. E con múltiples incentivos fiscais, administrativos e económicos.

Vostedes din que van estudar as causas. Esperemos que o fagan pronto. En todo caso, queremos facerlles preguntas concretas. Queremos saber que estratexia teñen a respecto do sector da automoción, se teñen algunha, porque o que estamos vendo é que non hai ningunha. Queremos saber que plan teñen, se é que teñen algún, para crear solo empresarial e poñelo no mercado a prezos competitivos e cando van poñer en marcha a Plisan de Salvaterra-As Neves.

No último anuncio que fixeron, faláron de sacar ao mercado 100.000 metros cadrados e que as primeiras empresas se instalen no 2018, dezoito anos despois de iniciarse este proxecto.

Isto sen ter en conta algúns furados, ademais do enorme furado dun millón de metros que hai alí e que teñen que arranxar. Xa llo dixo a mesma Administración galega, que abriu un expediente disciplinario para arranxar ese enorme furado que hai aí e que reduciu nunha cuarta parte a extensión da Plisan.

Queremos saber tamén sobre as axudas económicas ao sector. Xa o preguntamos na Comisión de Industria, pero a verdade é que vostedes son moi pouco transparentes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...nesta cuestión.

Se eses millóns de euros que lles están dando ás empresas van servir para evitar a precariedade laboral, para evitar a perda de postos de traballo, as baixas salariais, as contratacións de empresas de servizos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...e a deslocalización. Se pensan utilizar liñas de subvencións para comprometer as empresas no mantemento dos postos de traballo e para evitar a deslocalización. E ademais queremos preguntarlle tamén por que non aproveitan vantaxes competitivas que tería Galicia, por exemplo, se establecese unha tarifa eléctrica propia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señor Bará.

Se queremos falar do sector da automoción en Galicia, aí encontramos rapidamente sinónimos. Entón, falamos de innovación, falamos de experiencia, de emprego de calidade e falamos de competitividade, porque aí é onde está a traballar o Goberno da Xunta de Galicia.

Vostede sabe que a modernización dun sector como é o sector da automoción non se leva a cabo con demandas de último momento —que parece ser que é o que vostede vén facer aquí esta mañá, simplemente buscando un titular—, senón que a modernización dun sector produtivo se leva a cabo con feitos. Feitos que se veñen desenvolvendo por parte deste Goberno dende o ano 2009 e que responden a unha política industrial que parece que vostede descoñece ou que simplemente quere omitir.

Unha política industrial centrada no sector da automoción; que leva concedidos apoios por máis de 100 millóns de euros nos últimos cinco anos e que leva mobilizados 600 millóns de euros. Uns apoios que, por certo, o seu grupo permanentemente, nesta Cámara e fóra desta Cámara, sempre cuestiona e pon en dúbida, cando vostede sabe que as convocatorias son públicas, son visibles e son transparentes.

En calquera caso, sabe tamén que estes apoios teñen servido para que hoxe a industria da automoción en Galicia teña un horizonte consolidado para a próxima década, que eses 19.000 postos de traballo están vinculados a decisións importantes da factoría de Vigo para desenvolver dous novos modelos en Vigo, tanto a nova furgoneta K-9 como o modelo V-20, e uns postos de traballo que levan crescendo nos últimos anos.

Eu recomendaríalle que recollera as estatísticas do propio clúster, porque eses postos de traballo levan crescendo nos últimos anos a un ritmo medio do 7 %. Efectivamente, eses apoios aos que antes me refería son os que están a permitir que hoxe o sector da automoción en Galicia sexa recoñecido pola súa competitividade e permita atraer novos proxectos ao noso país.

Ese emprego na automoción, loxicamente, parte de proxectos e, sobre todo, parte da capacidade que ten o noso país para diferenciarnos e, polo tanto, para poder competir con outros países, como fixemos, por exemplo, para gañar ese modelo da furgoneta —onde tivemos que competir cun país como era Eslovaquia— e que Vigo sexa recoñecido dentro do propio grupo PSA como un dos máis competitivos.

Iso faise, loxicamente, cunha política concreta e con actuacións concretas. Efectivamente, aínda que non lles guste, este goberno aposta pola Industria 4.0, porque, señor Bará, a Industria 4.0 é a que permite ser competitivo, é a que permite introducir as novas tecnoloxías, é a que permite introducir novos procesos construtivos, é a que permite, en definitiva, que hoxe Galicia sexa máis competitiva e, polo tanto, que permita gañar novos modelos. *(Aplausos.)*

Iso significa apostar pola innovación e, polo tanto, polo desenvolvemento de unidades mixtas, cunha mobilización de 22 millóns de euros, e iso significa que hoxe o Grupo PSA ten a Vigo como unha referencia no desenvolvemento da fábrica 4.0 no Grupo PSA Citroën. Se isto a vostede non lle parece relevante, entendo, loxicamente, as diferenzas que mantén con este Goberno.

En calquera caso, hai unha aposta firme pola Industria 4.0, hai unha aposta pola mellora dos procesos de innovación e, polo tanto, por crear un ecosistema aberto do coñecemento. Debería vostede recoñecer o éxito que para Galicia tivo o desenvolvemento do coche autónomo, e como Galicia e a fábrica de Vigo foi quen de poñer en marcha ese proxecto de coche autónomo que permitiu que un coche fixera un desprazamento dende Vigo ata París pasando por Madrid. Iso, señor Bará, é innovación, iso é coñecemento e iso é diferenciación do sector de automoción en Galicia.

Pero tamén estamos apostando, loxicamente, pola formación, estamos apostando pola eficiencia enerxética, estamos respaldando novos proxectos a través tanto das axudas do Igape como de XesGalicia, e facilitando o acceso ao financiamento ao sector da automoción. E, finalmente, estamos apostando por ese emprendemento innovador a través da Business Fac-

tory Auto, que vai permitir desenvolver proxectos innovadores e, polo tanto, diferenciadores do sector. Porque iso é, señor Bará, o que nos vai diferenciar non só de Portugal, senón de calquera outro país como pode ser Eslovaquia, como pode ser Marrocos ou como pode ser calquera outro ámbito xeográfico. A innovación é o elemento diferenciador.

Polo tanto, nós non compartimos esta visión catastrófica que vostede vén traer aquí esta mañá, nin sobre o sector industrial nin...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, señor conselleiro.

Perdón, un momento.

Recórdolle á xente que está na tribuna que non se pode facer ningún signo de aprobación ou desaprobación. É o regulamento que está nesta Cámara... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Entón, pídlle ao servizo de seguridade que expulsen a estas persoas do pazo porque están a incumplir o Regulamento desta Cámara. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, abandonen o Pazo do Parlamento. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Pídlles que tomen a documentación e o nome destas persoas por se é necesario facer as dilixencias oportunas. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Por favor, abandonen o pazo.

Moitas grazas. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, abandonen a sala. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Conselleiro, desculpe. Pode vostede continuar.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Loxicamente, como lle dicía, señor Bará, nós non compartimos nin este tipo de actitudes nin compartimos tampouco esta visión catastrófica que vostede trae aquí hoxe á Cámara. *(Aplausos.)* E non a compartimos porque este Goberno está desenvolvendo esa política industrial; porque este goberno está traballando como autoridade laboral para preservar os dereitos laborais dos traballadores do sector da automoción; porque estamos tamén facilitando que se chegue a acordos no eido laboral, e debería saber tamén que o salario medio bruto do sector da automoción supera amplamente o salario medio do sector industrial.

Vostede fálame de deslocalización, e eu sinto non compartir con vostede esta visión porque, sinceramente, en Galicia non cabe nomear a palabra deslocalización se falamos do sector da automoción. Porque o que está facendo Galicia no sector da automoción co esforzo de PSA, co esforzo da industria da automoción, co esforzo do Goberno e coa falta de colaboración do BNG, é fixar tecido industrial aquí no sector da automoción. E debería recordarlle eses datos de volume de compra dos compoñentes da K-9 en Galicia, que se manteñen en niveis simi-

lares ao seu antecesor, o B-9, mentres que a cifra de negocio que se deriva da fabricación da furgoneta se vai incrementar en máis dun 6 %. Polo tanto, son datos, señor Bará, suficientemente contundentes. E sabe tamén que o V-20 vai permitir unha facturación de 250 millóns de euros, son 7.500 millóns de euros nos próximos dez anos que están garantidos por estes dous proxectos que se vinculan a fábrica de PSA.

Polo tanto, creo sinceramente que é tendencioso pola súa parte afirmar que o crecemento da industria da automoción de Portugal se está a producir a costa da industria galega. É, sinceramente, tendencioso porque vostede sabe que moitos dos investimentos que se están a producir, en todo caso, proceden doutros países, pero en ningún caso, señor Bará, e vostede o sabe, en ningún caso de Galicia.

Polo tanto, nós seguiremos a colaborar co sector da automoción. Seguiremos a colaborar tamén na eurorrexión, que parece que a vostede agora non lle parece oportuno. Efectivamente, Galicia está traballando no grupo... está traballando en todos os grupos, por se non teñen esa referencia. Outra cousa é que, efectivamente, estamos liderando o grupo de educación e de I+D+i, e iso significa, señor Bará, innovación tamén no sector da automoción. E, sobre todo, o que está a adoptar este goberno son medidas para fomentar tamén as novas instalacións en Galicia de empresas do sector, e, polo tanto, estamos desenvolvendo tamén unha política de solo empresarial. Debería saber, señor Bará, que este goberno estableceu bonificacións no prezo do solo industrial ata o 50 %, pero debería saber que —igual que no caso do norte de Portugal— este Goberno está desenvolvendo a posibilidade de adquirir solo a través do dereito de superficie, cun canon anual que está permitindo que se poida adquirir solo a través deste dereito de superficie a un prezo de 38 céntimos metro cadrado nalgúns casos, nalgúns dos polígonos que temos aquí en Galicia.

Polo tanto, seguiremos apoiando a innovación, seguiremos apoiando a política do solo industrial e seguiremos tamén introducindo novas medias que permitan o asentamento de empresas aquí en Galicia. E para iso imos promover unha lei de fomento da implantación empresarial que permita unha maior simplificación administrativa, na fixación de proxectos. Imos tamén colaborar coa Fegamp. Seguramente algún concello, nomeadamente Pontevedra, non o fará, pero nós si imos intentar colaborar para aqueles concellos que aposten pola industrialización aquí en Galicia, que aposten pola fixación do tecido industrial en Galicia, para que a través dun código de boas prácticas se permita facilitar a tramitación administrativa dos diferentes proxectos e tamén se permita beneficiarse das diferentes actuacións no eido fiscal.

Polo tanto, señor Bará —e conclúo—, a estratexia de automoción galega pasa por fabricar cos mellores custos e cunha mellor relación calidade-prezo. Iso significa innovación, iso significa industria 4.0 e iso significa novas tecnoloxías.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a rolda de réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, efectivamente, vostede móvese moi ben cos slogans, coa industria 4.0, coa innovación, coa modernización, coa competitividade e tamén coas fotos propagandísticas. Fíxonos aquí un canto, desde logo, ás grandezas de PSA, e nós non imos negar a importancia económica que ten esta empresa en Galiza, pero vostede falou moito de PSA e pouco de todo o tecido empresarial da industria auxiliar que hai arredor. Falounos de grandes investimentos, de cen millóns de euros, de mobilización de ata seiscentos millóns de euros, pero o que nos está dicindo é que todo iso para o que está servindo é para deslocalizar empresas fóra de Galicia, para levalas a Portugal. Porque non é só que se instalen empresas que veñen de fóra, senón que empresas con matriz galega tamén se están deslo- cando para o norte de Portugal.

Falounos de postos de traballo, de datos cuantitativos. Está ben, son 19.000 postos de tra- ballo, pero nós non queremos falar só de números, tamén queremos falar de calidade do traballo, de condicións laborais, de dereitos laborais que se están perdendo, que se están vendo ameazados coa desculpa, coa escusa, da crise e coa escusa tamén da competencia de Portugal. E unha cousa é a posibilidade de recuperar os salarios, que están nos niveis dos anos noventa nestes momentos, e outra cousa é a dificultade para recuperar os dereitos la- borais que se están perdendo con todas as reformas laborais que vostedes implantaron.

Eu o que lle recomendaría é que se puxese de acordo co señor Rueda, porque teñen discursos distintos. Non sei se están no mesmo goberno, pero teñen discursos distintos. Vostede di que non hai deslocalización, crinlle entender isto, ¿non?, foi o que dixo. Dixo claramente aquí: non hai deslocalización en Galiza. Pois mire o que dixo o señor Rueda, voullo ler: Es- tamos analizando as causas da fuga de empresas. A iso de fuga de empresas ¿como lle cha- mamos? ¿Deslocalización ou traslado temporal para outro sitio? ¿Estano analizando na Vicepresidencia e na Consellería de Industria ou non o están analizando? A fuga de empresas que se está producindo ou que se pode chegar a producir cara a Portugal. Non son doutro sitio, son empresas que se están deslocalizando, e é unha cousa que nos preocupa moitísimo. Ao señor Rueda resulta que lle preocupa moitísimo, e vostede vén aquí cun discurso abso- lutamente autocompracente e triunfalista.

Di: porque son, ademais, empresas de actividade consolidada, auxiliares de grandes empre- sas que hai aquí. E di ademais: a marcha destas empresas pode chegar a converterse nun problema importante. Non pode chegar a converterse, xa é un problema moi importante e moi grave.

Polo tanto, o que estamos vendo é que non están actuando, non están poñendo medidas á altura do reto que temos, non están nin sequera recoñecendo —porque vostede non o fixo aquí— a gravidade que ten esta situación e este reto.

Vemos que hai poucas respostas a todas as preguntas que lle fixemos aquí. Dende logo, no dos parques empresariais vostedes falan aquí duns prezos que practicamente son regalados, pero a realidade é que as empresas teñen mellor competitividade e teñen parques empresariais máis grandes e mellor comunicados no norte de Portugal e estanse trasladando para alí, porque ademais teñen outras vantaxes competitivas tamén, como dixen antes, a respecto de medidas fiscais ou medidas administrativas.

Polo tanto, señor Conde, vostede presume aquí de resultados, pero eu voulle traer un resultado que ademais pertence a unha noticia que se produciu hoxe. Resultados por comunidades autónomas, taxas de variación anual da produción industrial. Resulta que Galiza está de penúltima neste ranking. Encabézao Estremadura, a media estatal é de 7,1 % e Galiza ocupa o triste penúltimo lugar con taxas do 3,5 %, só por riba de Castela-A Mancha, co 2,1 %. Esta é a realidade das cifras do sector industrial, e a realidade tamén é o que pasou co sector naval e o que está pasando co sector da automoción.

Polo tanto, pedímoslles compromiso, pedímoslles que teñan unha estratexia, pedímoslles que se poñan de acordo, que apoien o sector, que loiten por el e que o defendan, porque realmente merece a pena ter un sector industrial forte, un sector da automoción forte, no noso país, e dende logo nós ímolo defender, alí onde esteamos, a capa e espada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, eu entendo que vostede non estea atento cando eu interveño, enténdoo perfectamente, pero eu fállolle de feitos concretos, eu non falo de slogans, salvo que vostede entenda que a decisión de PSA-Peugeot-Citroën de construír a nova furgoneta K9 aquí en Galicia, e que a decisión do grupo PSA de desenvolver aquí o modelo V20, iso sexa un slogan. Señor Bará, iso é unha decisión empresarial que é resposta á situación do sector da automoción.

Tampouco creo que sexa un slogan o desenvolvemento do coche autónomo, que, por certo, debería de saber que se puido desenvolver grazas a unha unidade mixta entre o CTAG, PSA e a Xunta de Galicia, por un importe de 4 millóns de euros, que permitiu o proxecto que levou a ese traxecto do coche autónomo entre Vigo e París. Señor Bará, non son slogans, son realidades da competitividade do noso sector.

Efectivamente, cando falamos do sector da automoción, temos que falar de competitividade, e creo que eu llo trasladei moi claramente: Galicia non vai competir en salarios, Galicia non vai competir en condicións laborais con Portugal nin con ningún outro país. Galicia quere competir, no sector da automoción, en innovación, en coñecemento, en talento e en Industria 4.0. Esa é a realidade e esa é a política industrial que nós estamos a desenvolver, e fácelo con feitos concretos.

Debería de coñecer, porque está publicada no *Diario Oficial de Galicia*, esa orde de axudas Industria 4.0, que vai permitir captación de investimentos de I+D+i por un importe de 60 millóns de euros e que está aberta tamén ao sector da automoción.

E debería de saber que o sector da automoción tamén participa no proxecto Concurso de ideas 4.0, no cal Ceaga está participando con empresas do sector. Polo tanto, creo que se

está confundindo vostede da realidade do sector da automoción, e esa realidade plásmase aquí con feitos moi concretos.

E debería saber tamén que para o desenvolvemento do proxecto da K9 e da V20 Citroën ten anunciados investimentos de máis de 600 millóns de euros. E debería de saber —porque así se fixo por parte do propio sector— que a industria galega de compoñentes vai incrementar ese investimento ata os 3.000 millóns de euros.

E vólvolle falar de realidades, señor Bará, realidades que vostede non coñece porque, realmente, a industria ao Bloque Nacionalista Galego non lle interesa, simplemente.

E concrétolle: hai investimentos xa concretados polo Grupo GKN, polo Grupo Copo, cun investimento de 33 millóns de euros para un proxecto de interiores de automoción. Debería de saber que Benteler xa ten investidos 20 millóns de euros para ampliar as súas instalacións situadas no Parque Tecnolóxico de Valadares. Ou debería de saber como o Grupo BorgWarner fixa aquí, en Vigo, o seu centro de I+D+i en recirculación de gases de escape para todo o grupo mundial, e esa é unha resposta clara de como a industria de compoñentes tamén está sendo competitiva.

E claro que esa política industrial centrada na I+D+i, centrada na Industria 4.0, a estamos acompañando cunha política de solo industrial, bonificando o solo industrial —como lle dicía— e tamén adxudicando o dereito de superficie cun canon anual, polo que debería saber, señoría, que hoxe o prezo do solo industrial propiedade da Xunta non supón ningún problema para o asentamento de empresas en Galicia. Hoxe estamos ofrecendo o solo industrial a 12 euros por metro cadrado en compravenda, e estamos ofrecendo —como lle dicía— a 38 céntimos por metro cadrado e ano en dereito de superficie. E iso é unha política de solo industrial.

Igual que desenvolveremos unha política de acción concreta para facilitar e axilizar os trámites administrativos no sector industrial e tamén no sector da automoción, simplificando toda a tramitación administrativa a través dunha lei do fomento da implantación empresarial. E tamén invitaremos aos concellos a que asinen ese protocolo de boas prácticas para dar publicidade e dispoñibilidade de solo industrial e tamén para trasladar as súas axudas.

Polo tanto, señor Bará, hai unha política industrial no sector da automoción clara, transparente e sólida que está permitindo consolidar o sector industrial, e eu lamento que vostede veña falar aquí de deslocalización.

Mire, deslocalización é o que o seu partido fai en Pontevedra, iso é deslocalización activa, con políticas que levan a que unha empresa como Ence decida anular un investimento de 50 millóns de euros en Galicia e levar esa planta de biomasa a Huelva. Iso é deslocalización activa por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas. Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, quixera aproveitar este momento para mostrar o meu rexeitamento, e o rexeitamento do noso grupo, á actitude que acaba de ter o presidente cos traballadores de Citroën. Creo que é excesivo tomarlles os datos. Non creo que houbera ningunha razón para ter unha actitude dese tipo. Simplemente queremos mostralo.

Tamén quero aproveitar porque esta mañá creo que foi a mañá na que peor o pasei neste hemiciclo, houbo moitos momentos en que perdín os nervios, porque nun día tan importante coma hoxe, no que estamos reivindicando e loitando contra a discriminación que sofren as mulleres e contra as violencias machistas, que se levan a vida de tantísimas mulleres todos os anos e que fan que miles de mulleres vivan con medo por culpa desta situación, ver algunhas reaccións e actitudes na bancada do Partido Popular a verdade é que me frustrou e me xerou unha incomodidade importante.

Quero recordar dende aquí —díxeno dende a bancada porque non fun capaz de conterme, pero quero dicilo agora dende aquí, que estou no estrado— que o compromiso coa igualdade se demostra nos orzamentos, e o Partido Popular recortou un 30 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Ogando, vaia á cuestión. É a primeira chamada á cuestión.

O señor CAL OGANDO: ...nos presupostos de igualdade e máis dun 50 % no Estado (*Murmurios.*) Entón, se queren vostedes mostrar o compromiso, recuperen o investimento que tiñamos antes, que xa era insuficiente, e auménteno, e así demostrarán algún tipo de compromiso.

Vou ao tema. Vou ao tema, presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Un minuto. (*Murmurios.*)

O señor CAL OGANDO: Vou ao tema.

A interpelación que traíamos hoxe, traíámola o anterior Pleno, cando se ía pechar a venda de billetes e a atención persoal en diferentes estacións de ferrocarril do territorio galego. Foi unha pena que non puideramos debatelo nese momento, para ver con sinceridade cal era a opinión da Consellería. Agora, a toro pasado, é moi fácil adaptar o relato á situación actual. Non sabemos cal foi o motivo da ausencia, pero veulle ben á señora conselleira.

Dende que se coñeceu a nova intención de Renfe e o Adif de eliminar a atención presencial en diversas estacións do rural galego, plataformas cidadás, sindicatos e organizacións políticas mobilizámonos para exixirlle a Fomento que dese marcha atrás nesta decisión para no precarizar máis o servizo. En Valdeorras e Sarria houbo unha gran actividade cidadá en contra dos recortes nestes servizos ferroviarios. Houbo varias concentracións veciñais dos veciños e veciñas destas comarcas, recollidas de firmas, reparto de folletos, e en Valdeorras organizaron tamén unha viaxe reivindicativa dende A Rúa ata O Barco, dúas das estacións afectadas, onde participaron preto de 500 veciños e veciñas.

A rápida mobilización da cidadanía visibilizando a inxustiza que pretendía cometerse nestas vilas galegas, xunto coa presión dos sindicatos ferroviarios, conseguiron facer retroceder ao Goberno do Partido Popular da Gürtel nesta tentativa de seguir aniquilando servizos no rural.

Onte, un deputado do Partido Popular de Bárcenas falaba nesta Cámara de maneira despectiva da participación dos membros da oposición nas mobilizacións cidadás, mobilizacións que non lle gustan ao Partido Popular, excepto algunhas excepcións que todos e todas coñecemos. E non lle gusta a mobilización cidadá porque a mobilización acada melloras para a cidadanía e reverter situacións inxustas en contra dos plans do Goberno.

Se non fose pola mobilización cidadá, posiblemente o Goberno da ditadura con Fraga de ministro non remataría cando rematou. E quero recordar que Fraga foi ministro da ditadura, porque onte un deputado do Partido Popular tamén dixo sorprendido, señor Crespo —non sei se sorprendido, indignado ou con que sentimento—, que ás veces dende a oposición se vinculaba ao Partido Popular co Goberno da ditadura, por iso quero recordar que o pai fundador do Partido Popular foi un ministro da ditadura que firmou sentenzas de morte. Entón, como onte ninguén llo dixo, dígollo para recordar que ese pode ser un dos motivos polos que existe esa vinculación.

Tamén pode ser outro motivo que condecorasen a División Azul, ou tamén pode ser outro motivo que hai uns días saíran na defensa da Fundación Francisco Franco no Congreso ou que destinen cero euros dos orzamentos á recuperación da memoria histórica. Empecen a corrixir ese tipo de cousas e, ao mellor, deixan de vincularlos co Goberno da ditadura. (*Aplausos.*)

A intención de Renfe e o Adif era a de pechar a venda de billetes e información das estacións de Guillarei, O Carballiño, Sarria, O Barco, A Rúa e Ribadavia neste 2007, deixando importantes núcleos de poboación sen o servizo presencial de información e de venda de billetes, ademais de que suporía o peche das estacións, que quedarían nalgún caso sen o persoal que atende unha importante cantidade e viaxeiros, precarizando máis o servizo ferroviario no rural galego; nunha situación xa ben precaria, como sabemos.

En total, pretendía deixar sen atender a máis de 50.000 persoas que, ao cabo do ano, van mercar billetes a estas estacións, e a case 200.000 viaxeiros e viaxeiras que cada ano utilizan estas estacións como orixe ou destino. Non terían persoal de información e venda a quen dirixirse se os plans de Renfe viaxeiros, do Adif e Fomento se levasen a efecto.

Esta lamentable intención de pechar a atención presencial ao viaxeiro nas estacións de Sarría, Guillarei, O Carballiño, O Barco, A Rúa e Ribadavia forma parte dun proceso continuo e imparabile de degradación do servizo que se vén aplicando nos últimos anos.

Este peche, ademais de tratar de furtarlle a unha parte da sociedade galega un servizo básico fundamental como é a venda, a información persoal e a apertura dos vestíbulos, suporía o traspaso deste persoal a outras divisións da compañía, coas consecuencias que todos podemos entender que suporía para eles.

O proceso destes últimos anos persegue un obxectivo último: o desmantelamento de todos os servizos de viaxeiros de todas as estacións que non sexan nas cidades galegas, co fin de acadar un descenso de utilización e de ocupación que sirva despois de pretexto para o seu peche definitivo. Esta decisión deixaría sen servizo a case 200.000 viaxeiros e viaxeiras, dificultando o servizo para os usuarios habituais, pero tamén diminuíndo a calidade e, polo tanto, a imaxe que de nós reciben os numerosos turistas que utilizan este servizo.

Dende este grupo parlamentario non entendemos como se puido propoñer que a alternativa fosen puntos de autoventa, que unicamente aceptan o pago con tarxeta, facilitando, unha vez máis, o negocio bancario fronte á realidade actual, onde o 90 % dos usuarios e usuarias mercan os billetes en metálico.

As traballadoras de venda directa tamén garanten unha cuestión de enorme importancia, a apertura dos vestíbulos desas estacións, feito que non podía facerse co novo modelo que pretendía Renfe e Adif, o que supón que en moitos casos os usuarios queden afectados ás inclemencias do tempo e, polo tanto, un elemento máis de deterioración do servizo e da perda de potenciais usuarios.

Nós cremos que había motivos máis que de sobra para nin tan sequera plantexar esta opción, e non obrigar a cidadanía a ter que mobilizarse e ter que gastar os seus cartos para denunciar esta inxustiza e poder dar marcha atrás.

A historia do ferrocarril en Galicia é a historia do desmantelamento do tren do rural, o desmantelamento do tren de proximidade, a caída dos servizos no transporte de mercadorías, a desconexión cos eixos de mercadorías europeos e a insuficiencia no servizo das liñas coas que contamos nestes momentos, que non se sostén dende unha perspectiva de gobernar en clave de país, de futuro, de sustentabilidade, de loita contra o cambio climático, de seguridade para a cidadanía, de eficiencia enerxética e de garantir o dereito da cidadanía á mobilidade. Isto último afecta de maneira dramática á cidadanía que vive no rural galego.

Non é sostible dende o sentido común, dende a racionalidade, que se invistan orzamentos en quilómetros de estradas e autoestradas —en moitos casos de dubidosa eficiencia— e non se aposte decididamente polo transporte ferroviario. Témonos que preguntar a quen benefician ditas políticas, porque se evidencia que non é á cidadanía, tanto pola perda de servizos como polas consecuencias medioambientais, de seguridade e económicas.

O transporte público sabemos que ten multitude de vantaxes económicas, ambientais e sociais sobre o transporte individual, e o ferrocarril, de todos os transportes públicos, é o que maiores vantaxes proporcional, pero en Galicia non se aproveita o seu potencial. O tren é o transporte máis seguro, ecolóxico, económico, rápido e comfortable. Polo que o máis lóxico é poñer as liñas ferroviarias galegas a transportar todo o seu potencial en viaxeiros, itinerarios e frecuencias.

En Galicia precisamos avanzar no servizo ferroviario e non retroceder, porque os datos son demoledores. A desproporción no uso do ferrocarril fronte á estrada é enorme: só arredor dun 5 % dos viaxeiros se desprazan en tren, fronte ao 91 % que o fai en coche; mentres que o 82 % das mercadorías viaxa en camión, e só un escaso 3,8 % en tren. Son cifras que están moi lonxe do desexable, que están moi por debaixo da media europea, que xa é baixa, onde vemos países coma Austria no que practicamente o 50 % das mercadorías se transportan por ferrocarril.

Na anterior comparecencia da Consellería xa botamos moito de menos —xa o comentei noutra intervención— que adicase tempo a falar do transporte ferroviario. Entón gustaríanos que aproveitara este momento para que nos explicase que teñen pensado facer, porque este tema xa está teoricamente solucionado.

Entón, o que nos gustaría saber é se pode o Goberno galego garantir o mantemento de todos os servizos ferroviarios cos que conta neste momento Galicia. E se pensa o Goberno galego traballar na mellora e dinamización do servizo ferroviario de mercadorías e pasaxeiros...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...en Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Cal, eu por suposto que lle indico o motivo do aprazamento desta pregunta: porque tamén estamos defendendo os intereses dos galegos en Madrid constituíndo a Comisión bilateral da AP-9 e tendo a primeira reunión da Comisión bilateral da AP-9. Polo tanto, defendendo os intereses dos galegos, que é o que nos corresponde.

Por certo, con moito gusto respondo a esta pregunta —xa tiven oportunidade de tratar este asunto o pasado mes de xaneiro— e digo con moito gusto porque o Adif ten confirmado que

este tema xa é cousa do pasado, é un tema xa resolto, e, de feito, co pouco tempo que lle dedicou na súa intervención a este asunto, incluso reconece vostede que o tema está resolto.

En calquera caso, sorprendida, porque o certo é que con este asunto parece que vostedes non teñen grupo parlamentario en Madrid. Pero non me entenda mal, eu voulle relatar realmente as xestións que fixo a Xunta de Galicia e como o Adif nos confirmou que o servizo está garantido e seguirá estando garantido.

No anterior Pleno xa confirmaba que o Goberno galego estamos a seguir con especial atención o proceso de reordenación de funcións do persoal de Adif Circulación e de Renfe. As posibles consecuencias que podían ter en varias estacións ferroviarias da nosa comunidade: A Rúa, O Barco, Ribadavia, O Carballiño, Sarria e Guillarei. Estabamos preocupados na Xunta de Galicia e mantivémonos vixiantes e en contacto permanente e persoal tanto co persoal e cos responsables de Renfe como cos responsables do Adif. E demandando o que nos corresponde: que se garantise a calidade do servizo e que tamén se garantise o dereito dos traballadores.

Pasado un pouco máis dun mes, eu pódolle confirmar que as xestións da Xunta e a preocupación da Xunta deron os seus resultados, e como lle digo, este xa é un tema resolto, é un tema pasado. O que eu lle podo confirmar é a confirmación do Adif de que todas as estacións de ferrocarril de Galicia permanecerán abertas e mantendo os servizos de venda de billetes. Infórmo e dou un pequeno repaso de cales foron as xestións da Xunta de Galicia e antecedentes.

Nestes momentos, como saberá, estanse a abordar con diálogo as condicións do traballo ordenado do canal comercial do Adif a Renfe; un proceso de axuste operativo e funcional entre o Adif e Renfe, co transvasamento de persoal adscrito ao canal de venda. Estamos a falar, polo tanto, do persoal do Adif das estacións que teñen persoal dedicado exclusivamente á venda de billetes sen ter en Renfe operadora, de xeito que sexan os traballadores de Renfe os que fagan ese traballo de venda de billetes. Isto parece razoable en principio, e o feito de que non teña acontecido a día de hoxe é por razóns históricas; sabe vostede da escisión levada a cabo no ano 2005 dividindo Renfe e Adif.

Polo tanto, nesta división o persoal de venda de billetes permaneceu no Adif, e nestes momentos, nas pequenas estacións, o persoal de Adif Circulación compatibiliza as tarefas de venda de billetes coas tarefas propias da xestión da propia infraestrutura. Polo tanto, nestas terminais o persoal de Circulación do Adif ten encomendadas tarefas de xestión de infraestruturas, por exemplo, o cambio de agullas, pero tamén vén realizando labores de información e de venda de billetes, aínda que ese non sexa o seu cometido principal. Polo tanto, estamos falando dun proceso de diálogo, de transvasamento de persoal, que se está a abordar con consenso entre o Adif, Renfe e sindicatos.

En calquera caso, confirmación, dende logo, de que isto non suporá, nin supuxo, nin vai supoñer, unha mingua da prestación do servizo, porque así mo ten trasladado persoalmente o presidente do Adif. O transvasamento non terá ningún impacto na prestación do servizo, ningunha mingua nin ningunha repercusión aos viaxeiros. E a verdade é que o axuste sobre o persoal do Adif e o persoal de Renfe si que xerou certo descontento e alarma social, sobre todo alarma social.

Dende o primeiro momento, dende que tivemos constancia desta inqueda, a Xunta realizou un especial seguimento. Preocupámonos, dirixímonos aos responsables do Adif e Renfe, estivemos atentos e vixiantes e —insisto— en contacto permanente cos responsables tanto de Renfe como do Adif, poñendo especial interese. Polo tanto, eu podo confirmarlle que a Xunta estivo moi activa para garantir a mobilidade e tamén os servizos de ferrocarril dos galegos. Polo tanto, asunto resolto.

Pero abondo máis, é tamén un asunto que trasladamos na xuntanza que tivemos co ministro o pasado 31 de xaneiro. Neste encontro co ministro demandámoslle tamén información puntual, que definira xa a reorganización, e, por suposto, novamente exiximos que se garantira o servizo e tamén o dereito dos traballadores.

Quince días despois dese encontro chegaba a esta Cámara unha iniciativa sobre este asunto da venda de billetes en determinadas estacións de ferrocarrís en Galicia; unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade e que o Goberno galego trasladou de forma inmediata tamén, dando cumprimento ao mandato parlamentario. Trasladámosla de forma inmediata ao Adif e solicitamos o mantemento do servizo da venda de billetes. Polo tanto, señor Cal, eu creo que ninguén pode negar a preocupación, o traballo e a iniciativa da Xunta de Galicia, e implicámonos, por suposto, para garantir este servizo.

Polo tanto, dilixencia e firmeza da Xunta de Galicia. Dilixencia, trasladando ao Adif, a Renfe e ao propio ministro de Fomento esa alarma social que se estaba xerando aquí. E actuamos con firmeza exixindo e garantindo que se prestara o servizo en calidade e tamén o dereito dos traballadores.

Por suposto que para nós o rural é imprescindible. Non entendemos unha Galicia próspera sen un rural vivo e activo, e así o vimos demostrando con todos os programas que temos en marcha. E por suposto que o tren o empregan os máis novos e tamén os maiores; polo tanto, sabendo que os nosos maiores tamén utilizan o tren e teñen dereito a utilizar o tren, tiñamos presente que había que exixir que se garantise esta venda de billetes nas estacións galegas.

Polo tanto, esforzos do Goberno galego que eu creo que mereceron a pena. Confirmamos que o Adif non vai suprimir nin suprimira servizos de venda de billetes nin vai pechar ningunha das terminais ferroviarias, e así mo trasladou —insisto— persoalmente o pasado xoves o presidente do Adif, tanto el mesmo persoalmente como por escrito, e tamén aos alcaldes dos diferentes concellos desas estacións. O responsable do Adif, polo tanto, confirma que non eliminou nin vai eliminar ningún servizo de venda de billetes nesas estacións. Ratifica que o persoal de Circulación da compañía continuará realizando as funcións comerciais. E sostén que en ningún momento se plantexou o peche destas estacións.

Tamén concreta o desconcerto sobre este servizo. O certo é que están a impulsar, realmente, a mellora do funcionamento e o obxectivo de conseguir un transporte seguro, sostible e eficiente. E ese proceso de modernización no futuro incluso poderá permitir a instalación de servizos complementarios como poden ser máquinas autoventa, pero en ningún momento implicará a perda ou a mingua dos servizos. En definitiva, o persoal de Adif Circulación con-

tinuará realizando as funcións comerciais e esas terminais seguirán abertas para a venda de billetes, polo tanto, asunto resolto.

Remato xa. Unha puntualización novamente. A Xunta de Galicia dende logo que aposta polo rural, por máis e mellores oportunidades e servizos no rural. Hai unha política integral e coordinada con todos os departamentos da Xunta de Galicia. Eu volvo insistir en que dende a Xunta de Galicia —e, dende logo, eu mesma— non entendemos unha Galicia próspera sen un rural vivo e activo.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra o señor Cal Ogando na rolda de réplica.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Alégrame escoitar que temos a garantía de que non se van retirar estes servizos, pois pola carta do Adif entendiamos que así era. E gustábanos escoitalo tamén da Consellería de Infraestruturas, xa que tiñamos esta interpelación aprazada.

Comentaba que temos grupo en Madrid. Nós temos grupo en Madrid, evidentemente, e temos moi boa comunicación; pero o grupo de Madrid tampouco podía darnos garantía absoluta, ata hai —se non me equivoco— dous ou tres días que chegaron estas cartas —ou que nos chegaron a nós—, de que isto era así. E non había ningunha garantía absoluta porque non había comunicación dicindo que iso non ía ocorrer. Levamos arredor de dous meses con este tema, con mobilizacións, con preocupación da cidadanía en relación con este asunto, e non había mensaxes dicindo que isto non ía ocorrer; e, dende logo, non había mensaxes contundentes.

Vostede agora aquí falou do que fixo o Adif, pero nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso lle dicía que xogaba con vantaxe, porque xa unha vez que ocorre é moi fácil adaptar o relato. Nosoutros queremos saber o que vostede pensa. Queremos saber que pensa a Consellería de Infraestruturas deste asunto porque durante este tempo non vimos a Consellería de Infraestruturas. Vostede di que estiveron traballando, que estiveron vixiantes, que estiveron moi activos, pero non vimos mensaxes dende a Consellería dicindo que estaban vostedes activos, que estaban vixiantes e que estaban traballando en que isto no ocorrese. Polo tanto, por iso lle digo que pode dicir vostede que estiveron traballando, pero non vimos as súas mensaxes nin os seus comunicados dicindo que estaban traballando nese asunto. Polo tanto, permítame que... Bueno, hai cousas que non podo dicir, non podo dicir o que ía dicir, pero vaime permitir que o poña, cando menos, en dúbida.

Con respecto ao rural, acábo de comentar agora, porque podemos aproveitar esta segunda intervención para falar en xenérico das apostas da consellería sobre o ferrocarril. Como lle digo, na súa comparecencia non o falou, do único que falou foi dos prazos que non se van cumprir co AVE, e nada máis. E falou do rural, esa lexislatura que para o Partido Popular é

a lexislatura do rural, e por iso tamén quizais votamos máis de menos esa contundencia durante este período, defendendo estes servizos no rural; porque para a mobilidade no rural é fundamental que se manteñan estes servizos, e por iso tamén nos sorprende, especialmente, sendo esta a candidatura do rural para vostedes, para o señor Feijóo, como durante todo este tempo non houbo esta defensa clara e pública destes servizos. Gustaríanos saber se, ademais de manter estes servizos, teñen vostedes previsto ampliar algún tipo de plan para a mobilidade en ferrocarril no rural, sabendo —como xa comentei na primeira intervención— que é o transporte máis seguro, máis ecolóxico e máis eficiente contra a loita climática.

Tamén hai outra cuestión que me gustaría saber —se pode comentar agora na segunda intervención—, que é cales son as medidas da Consellería de Infraestrutura, ou cales son as liñas a seguir, para poder compatibilizar coa Consellería de Medio Ambiente, que di que pensa facer de Galicia un referente na conservación do medio ambiente.

As vías de alta capacidade e o transporte individual a motor, evidentemente, coa xeración de CO₂, son a mobilidade máis prexudicial para este cometido. Entón, ¿dende a Consellería de Infraestruturas téñense en conta liñas políticas para ser eficientes enerxeticamente e loitar contra o cambio climático, ou hai algún tipo de medida nesta liña? Porque ata o de agora o que sabemos é que a construción de vías de alta capacidade, dende logo, non vai nesa dirección, e, ¿que vai facer vostede que a señora Mato non poida cumprir co seu obxectivo?

Quero rematar cunha última cousa. Vostedes teñen maioría absoluta aquí —creo que o dixeron algunha vez—, no Parlamento, e eu creo que aos galegos e ás galegas lles gustaría que esa maioría absoluta —que é a única maioría absoluta que hai en todo o Estado— a utilizasen para defender con contundencia os intereses dos galegos e das galegas; porque se esa maioría absoluta unicamente lles serve para recordárnolo aquí unha e outra vez, para evadir os debates e para non entrar no fondo de debate, dicir que todas aquelas cousas que se fan mal están xustificadas porque teñen maioría absoluta, eu queroos invitar a que utilicen esa maioría absoluta para construír unha Galicia mellor para os galegos e as galegas, e que a utilicen para ter contundencia cando dende o Goberno do Estado, dende Fomento, se queren pechar servizos no rural galego, que sexan vostedes contundentes e con esa maioría absoluta saian publicamente a defender os intereses de Galicia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ogando.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Cal, é que hai unha diferenza importante entre vostedes e nós. Nós traballamos polo ben dos galegos, vostedes unicamente buscan titulares. (*Aplausos.*) Eu creo que se de cada chamada de teléfono teño que facer unha nota de prensa, iso é o que farían vostedes, de cada chamada, ao mellor, farían unha nota de prensa.

Pero insisto, eu creo que parece que vostedes non teñen grupo parlamentario en Madrid. Eu con toda a modestia, e con humildade, dígolle que os resultados — así o aprendín, e o que se aprende de pequeno non se esquece nunca— se conseguen traballando, esforzándose e implicándose; non, ao mellor, falando nada máis e sacando notas de prensa. Polo tanto, isto é o resultado do traballo que viñemos facendo estes últimos meses ante Madrid.

O certo é que falando do rural, nós temos, dende logo, a folla de ruta totalmente trazada, unha política transversal e coordinada entre todos os departamentos da Xunta de Galicia para a dinamización do rural, con medidas fiscais, medidas tributarias, medidas en materia de vivenda, de infraestruturas, mobilidade sostible, claro que si; tamén estamos impulsando a mobilidade sostible en medidas como a aprobada recentemente no Consello da Xunta: un novo programa de formación e emprendemento no rural, con máis de 30 millóns de euros, e entre eles, por suposto, están a A Rúa e Ribadavia; impostos cero no rural para a compra dunha vivenda habitual no rural.

E, en relación con esta propia consellería, pois en materia de vivenda hai importantes iniciativas. As áreas de rehabilitación integral, as axudas para as chamadas ARI. Tamén o Programa Rexurde, un programa para a rehabilitación de forma directa da Xunta de Galicia para revivir os núcleos rurais, os cascos históricos, Programa Rexurde que xa iniciamos e xa puxemos en marcha.

E no transporte público tamén estamos traballando cunha planificación estratéxica. Permítanme indicarlles que os modos de transporte non deben competir entre si, deben complementarse, e o certo é que non podemos pensar en que o tren chegue a todas partes. Eu creo que teñen que complementarse os diferentes modos de transporte, así como facemos a planificación estratéxica na Xunta de Galicia.

Polo tanto, dende a Xunta de Galicia estamos comprometidos ao 100 % cos veciños do rural, iso podo garantírllelo.

Polo tanto, apostamos polo futuro dos galegos, maiores oportunidades, máis competitividade, tanto dende as nosas competencias, como tamén dos servizos ferroviarios, e nós miramos para o futuro. Mirar para o futuro é demandar e exixir unha liña de alta velocidade que conecte Galicia con Madrid, mirar polo futuro é liderar a reivindicación das melloras ferroviarias a Lugo e tamén a Ferrol, e iso liderámolo nós. E mirar polo futuro tamén é estar de forma activa e exixente para contar con calidade de servizos e mellora continua dos servizos atendendo ás demandas, ás necesidades dos cidadáns. *(Aplausos.)*

Interesámonos, preocupámonos por ese transvasamento ordenado de persoal de Adif Circulación a Renfe, estivemos —insisto— en contacto permanente, levamos o asunto á reunión que tivemos co ministro de Fomento. Trasladamos a preocupación dos veciños do Barco, da Rúa, do Carballiño de Ribadavia, de Sarria e Guillarei, trasladámola dende a Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento. E dende a Xunta podemos entender que o cambio proposto da transferencia de persoal entre Adif e Renfe se faga para acadar un mellor reparto de funcións, pero sempre defendemos que deben atenderse os dereitos dos traballadores e debe darse un servizo de calidade.

Iso foi o que defendemos todos estes últimos meses nesta cuestión, e, por suposto, no resto das cuestións.

Isto é o que insistimos, e, polo tanto, eu vou insistir: conseguímolos, temos acadado as nosas expectativas. O presidente de Adif trasladou á Xunta de Galicia que nin eliminou nin vai suprimir ningún servizo de venda de billetes nas estacións de ferrocarrís galegas. Polo tanto, nunca se plantexou o peche, non haberá peches nas estacións de Galicia de ferrocarrís sobre venda de billetes. Polo tanto, eu creo que é unha boa nova, unha boa nova da que debemos felicitar nos, e dende logo, que dende a Xunta de Galicia celebremos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política sanitaria na área de saúde de Pontevedra.

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas.

Antes de comezar, e se me permite o conselleiro, quero trasladar que non hai feminismo con etiqueta ou feminismo sen etiqueta. Esa mañá escoitamos unha cousa bastante absurda. Primeiro chamábanos feminazis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, rogo respecten a quen está intervindo. Anteriormente chamábanos feminazis, e como parece que agora o feminismo ten bastante aceptación social, pretenden facer esa técnica que é apropiarse do nome. Ou se é feminista ou non se é feminista. E, dende logo, aprobar orzamentos que recortan en políticas de xénero e en servizos sociais non é ser feminista. (*Aplausos.*)

E xa que é 8 de marzo e estamos cunha interpelación que ten que ver coa sanidade pública, hai que lembrar as mulleres que levan sostendo durante séculos a maioría das tarefas de coidados, os coidados que son, tamén, a base da miña profesión de enfermeira e a base da sanidade. Grazas ás enfermeiras, auxiliares, médicas, técnicas, celadoras, fisioterapeutas e outras que fan posible que se sosteña o noso sistema sanitario.

Cabe, por tanto, render tributo tamén aquí a Olimpia Valencia, a primeira muller médica galega, que foi tamén homenaxeada hai uns meses pola irmandade de sanitarias e sanitarios galegos.

Señor Almuíña, coido que hoxe nos adiantamos á pregunta que o Partido Popular lle traía, supoño que para que vostede puidese anunciar a licitación do Plan funcional da área sanitaria de Pontevedra. Sabiamos que estabamos ao caer, imaxinabamos que ían anunciar vostedes algo, algo co que tapar que este ano tampouco vai haber ampliación de Montecelo, e van xa oito anos. Algo co que contrarrestar que hai unha iniciativa lexislativa popular, que está en marcha, que xa rematou de recoller as sinaturas e que reclama unha ampliación do Hospital de Montecelo, que levan reclamando oito anos, con financiamento 100 % público, e o uso sanitario do hospital provincial actual, que parece que vostedes pensan baleirar.

Hoxe explícitase, polo tanto, a desidia dun goberno que perdeu dúas lexislaturas intentando vendernos a necesidade dun hospital público-privado en Monte Carrasco, cando todas, profesionais, usuarias, defensoras da sanidade pública, reclamaban a ampliación do Hospital de Montecelo. En canto entrou o Partido Popular abordou esa necesidade eliminándoa, dicindo que o que había que facer era tratar de construír un hospital PFI en Monte Carrasco, un hospital, entendemos, cos mesmos problemas, polo tanto, do novo hospital de Vigo, e coas consecuencias económicas que este está a ter nos orzamentos sanitarios.

A desidia de oito anos porfiando nun proxecto absurdo e megalómano ata que foron vencidas, precisamente, pola presión do activismo pola loita en defensa da sanidade pública. E tras gañar as eleccións, durante a propia campaña electoral, o Goberno deu marcha atrás e prometeu esa ampliación, e agora vemos como no orzamento de 2017 perden outra vez esa oportunidade orzando algo que é mísero para o que ten que ser a construción ou ampliación dun hospital, que é un millón de euros, que indica, polo tanto, que este ano tampouco se vai iniciar o proxecto.

Non imos ter ampliación de Montecelo en 2017. Sumamos un ano máis e, polo tanto, queremos interpelalo, señor Almuíña, hoxe para que nos diga cales son os prazos nos que vostedes calculan que vai ser licitado e adxudicado o proxecto de ampliación anunciado. Data, ou, se non pode —porque habitualmente nunca nos queren dar datas—, trimestre aproximado en que van licitar este proxecto.

Queremos, polo tanto, que nos trasladen que prazos manexan tamén para levar a cabo a obra, porque o que non pode ser é que, despois de perder dúas lexislaturas, as persoas que teñen que acudir ao hospital, as persoas que traballan nese hospital, as pontevedresas e os pontevedreses, continúen sen saber cando se vai ampliar ese hospital para trasladar algúns dos servizos que están agora mesmo no provincial.

Pero, ademais, señor conselleiro, interpelámolo para que aclare tamén cal vai ser o modelo de financiamento, porque claro, vostedes tiveron que dar marcha atrás no novo hospital de Monte Carrasco, nese PFI, pero non dixeron se o financiamento da ampliación vai ser enteiraamente público ou se vostedes van optar, tamén, por unha colaboración público-privada, porque poderían facelo. Queremos, señor Almuíña, que hoxe poida asegurar que o financiamento vai ser 100 % público.

Queremos que nos diga, tamén, se ten previsto, se teñen previsto, que o aparcadoiro do centro sexa de balde, que a xente enferma e as persoas traballadoras non teñan que pagar por acudir ao hospital, ou se pensan facelo de pago como xa fixeron tamén no hospital de Vigo, ou como van facer —segundo unha pregunta que responderon a esta deputada— no hospital de Ourense.

Nós xa trasladamos noutras ocasións que é inaceptable pagar para ir a que te atendan nun hospital ou pagar para poder traballar nun hospital, pero, sobre todo, cando é voluntario, cando neste caso só depende da Xunta de Galicia decidir, porque hai espazo, facer un aparcadoiro público ou privado.

Hai problemas de aparcamento en Montecelo, pero tamén os hai no hospital provincial, un centro que visitamos esta semana o compañeiro Marcos Cal e mais eu, e que ten múltiples

deficiencias que, obviamente, son as que xustifican a necesidade desa ampliación de Montecelo. Sen embargo, esas deficiencias non son desta semana, non son de despois das eleccións autonómicas, senón que son as mesmas que existían nestas últimas lexislaturas e que dan a gravidade de que vostedes non tiveran feito nada en dúas lexislaturas. Hai zonas de consultas sen baños, hai problemas con barreiras arquitectónicas, hai, ademais, persoas que teñen que traballar, como son os radiólogos e as radiólogas, en cubículos ínfimos, sen ventilación, sen ventás, con pasillos superestreitos. O edificio consta, ademais, nalgúns zonas, de tellados de uralita que legalmente deberan de estar xa retirados, hai zonas de hospitalización extremadamente incómodas e pequenas, como pode ser en medicina interna, pero, sobre todo, hai un problema que coñece todo o mundo, que é a calor que vai dentro do edificio e que fai que en verán cheguen a 35 graos centígrados dentro dun hospital. Polo tanto, iso dá a gravidade de ter agardado oito anos sen facer absolutamente nada.

E xa que parece que esta obra non se vai iniciar, porque orzando un millón de euros é obvio que non se vai rematar, que non se vai facer neste ano esa obra, queremos tamén que nos digan se mentres non se leva a cabo esta obra van tomar algún tipo de medida perante esta situación de degradación e perante a situación que viven, porque as persoas que teñen que acudir se marean. Trasladábasenos que as mulleres de consulta de obstetricia e outras persoas doentes se marean coa calor que vai no hospital nos meses de verán, e os traballadores tamén, obviamente. De feito, non permite a lei traballar nin ser atendidos nun centro a 35 graos de temperatura. Ía calor o outro día e aínda non estamos en primavera. Polo tanto, ¿que medidas van tomar para resolver os problemas máis graves, polo menos en tanto vostedes non amplían o hospital de Montecelo?

Pero, desgraciadamente, ademais, a estas preocupacións e a este problema súmase que, cando vostedes acaban de licitar precisamente a redacción do plan funcional, coñecemos que vostedes non respectan nin sequera iso, porque se lle adiantou a vostede o conselleiro de Políticas Sociais, que onte compareceu aquí no Parlamento, e xa nos confirmou que vostedes pensan baleirar de contido sanitario o actual hospital provincial en contra do que reclaman as traballadoras e traballadores e en contra do que reclaman as persoas usuarias.

É absurdo que vostedes liciten a redacción dun proxecto —que, por certo, deberan facer ese plan funcional cos e coas profesionais e non simplemente limitarse a contratalo; é un paripé— e que ao mesmo, cando aínda non está feito, trasladen xa que vostedes xa decidiron que van facer un centro residencial no hospital provincial, cando, ademais, teñen unhas dependencias moi cercanas, practicamente ao carón, que son as do asilo, totalmente baleiras.

Polo tanto, señor conselleiro, queremos que nos responda a todas estas preguntas. Pídlle, por favor, que as responda, que non faga como noutras ocasións e que non as responda. ¿Cales son os prazos para a licitación do proxecto? ¿Cales os prazos para a obra? ¿Como vai ser o financiamento desa obra? Queremos que nos diga que vai ser pública cento por cento, se teñen previsión do modelo de aparcadoiro e que van facer co hospital provincial.

Dende logo, a nós parécenos que, sentindo moito terlle estropeado o anuncio, vostede debe dar conta aquí de que van facer coa sanidade dunha área que leva oito anos agardando a desidia do Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bo día, presidente, señorías.

Señora Solla, moitas grazas polas preguntas que me fai. Non só me fai as preguntas, senón que incluso me dá as respostas. Iso facilítame bastante o traballo. (*Aplausos.*)

Curiosamente, ten unha memoria bastante curta porque fala de oito anos de desidia en Pontevedra. Parece que non inclúe o período do Bipartito. Pero quero dicirlle que no hospital Montecelo hai moitos anos que se están facendo obras. Podo recordar que entre o ano 1996 e o 2005 se realizaron actuacións que supuxeron actuar sobre 45.000 metros cadrados, 24.000 de reforma e 21.000 de obra nova; unha urbanización de 16.000 metros cadrados, cun investimento en total de 49 millóns de euros.

No 2005 saíu a licitación o servizo de redacción do proxecto do programa funcional, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal..., (*Murmurios.*) —no 2005, non sei se se acorda, exactamente na parte final do anterior goberno do presidente Fraga— que levaba a execución da fase 4 —xa se fixeran as outras tres—, cunha previsión de orzamento de 46 millóns de euros. Isto foi no 2005. De feito, en xaneiro de 2006 asinouse o contrato de redacción mencionado por importe de 997.000 e cun prazo de execución de trece meses. Ao longo do desenvolvemento da dita redacción o novo equipo sanitario xurdido tras as eleccións de 2005 —como digo, dona María José Rubio foi a conselleira nese momento— revisou o programa inicial reformulando o plan funcional do complexo, que se traduciu na arquitectura da solución proposta. Non se contempla o existente cun novo edificio, senón que se remodela de novo todo o complexo.

O proxecto do Bipartito de ampliación de Montecelo cara á ladeira, para o que presentaron varios proxectos sen concretarse ningunha actuación, entendemos que presentaba un deseño ríxido, sen posibilidades de mellora ou ampliación, con dificultades construtivas e limitacións derivadas de problemas de acceso. Ademais, o proxecto inicial planeado tiña graves incertezas acerca da viabilidade do proceso de construción e dos custos, así como as dificultades de ter que convivir durante anos as obras coa funcionalidade dun hospital.

Pasou unha lexislatura e ¿cal foi o resultado? Cero. É bastante típico cando goberna a esquerda falar moito, protestar moito, estando na oposición, pero, cando chegan ao Goberno, non fan absolutamente nada. Co cal se intentou un proxecto que era moi bo proxecto para Pontevedra, o proxecto de Monte Carrasco, pero tiña un problema para nós, que non había un consenso social nin político do que significa a magnitude do cambio a nivel dunha área como a área de Pontevedra, unha área moi importante para os próximos trinta ou corenta anos.

Nestes momentos conseguimos algo que parecía difícil —aínda que vostede dicía que vén chafar o anuncio do Partido Popular, do Goberno e da Xunta de Galicia; creo que non lle gusta, pero é así—, conseguimos incluso que ata o portavoz de En Marea no Concello de Pontevedra estivera de acordo. E, de feito, foi aprobado por unanimidade o convenio que vai

dotar a ampliación de Gran Montecelo cun orzamento, cunha aposta económica de servizos, para que consigamos isto, algo que, ademais, parece que vostede di que é bo, que é necesario, pero ao mesmo tempo fálanos de que o hospital provincial debería ter un sistema sanitario de agudos. O que pasa é que vai en contradición. Non podemos falar de que imos facer Gran Montecelo duplicando a superficie de ocupación de terreo, pero aumentando máis do dobre o edificio actual, e de que imos concentrar precisamente alí todas as actuacións, e ao mesmo tempo querer que fagamos a asistencia sanitaria de agudos no hospital provincial. O hospital provincial ten unha serie de deficiencias, como vostede ben di, e é que estamos facendo obras de forma continua. Houbo un incidente na zona de psiquiatría, e agora a zona de psiquiatría é totalmente nova, seguindo todos os últimos avances que temos en hospitalización das áreas psiquiátricas. Pero tamén hai un bloque cirúrxico recente onde se está intervindo de forma moi adecuada, está o hospital de día remozado e estanse facendo actuacións para tratar de mellorar de aquí a que consigamos concentrar no edificio de Gran Montecelo o que é a actividade asistencial.

Neste momento en Pontevedra tiñamos en Mollabao unha parte dos profesionais, no Hospital Provincial outra parte e en Montecelo outra. Desta forma imos tratar de que toda a actuación, toda a asistencia sanitaria de agudos se poida realizar nun único edificio. Si é certo —e así o apuntamos— que é posible que quede algún fin asistencial no Hospital Provincial, referido ao tema ambulatorio, referido posiblemente a algunha patoloxía que poida estar no centro da cidade, que cremos consistente; pero no enorme edificio do Hospital Provincial, evidentemente, non hai posibilidade dunha asistencia sanitaria de agudos, sobre todo porque, como dicía antes, imos aumentar de forma moi importante o que é a edificación en Gran Montecelo.

Por tanto, o que conseguimos é chegar a un acordo con todos os grupos de Pontevedra, pero non só cos grupos de Pontevedra, tamén coas asociacións de cidadáns e tamén cos concellos limítrofes. Fixémoslles presentación nos últimos días a todos eles do que queremos facer, e neste momento estamos na fase máis importante para min, que é a fase de desenrolo do plan de espazos e do plan funcional, onde estamos definindo os servizos, o tamaño dos servizos, e a implicación está sendo moi importante.

Dicía que non contamos con profesionais. Non, non, precisamente estamos contando con todos os profesionais e tamén temos liñas abertas coa cidadanía. Estamos, a través da páxina web tamén, con... Imos sacar nos próximos días a posibilidade de facelo por escrito para que deixen as opinións en buzóns no complexo, e creo que a participación está sendo moi, moi activa. Como digo, para min a parte máis importante que se pode facer da definición da área sanitaria é ese plan de espazos, ese plan funcional que nos defina para os próximos trinta ou corenta anos o hospital Gran Montecelo.

E, froito diso, como digo, en breve —por darlle datas concretas—, no mes de maio, entendemos que estará pechado, e no mesmo momento que pechemos isto abriremos xa a licitación do plan sectorial. O plan sectorial, como ben coñece vostede, é unha modificación urbanística complexa para poder facer o que queremos facer. Foi tamén unha elección entre a Consellería e o Concello de Pontevedra poder facelo como plan sectorial e non como unha incidencia supramunicipal e non facelo desde alí, porque o mesmo Concello de Pontevedra

cría que era moito máis áxil e rápido. E así o imos facer. Imos facer o plan sectorial, imos facer as expropiacións, imos facer o proxecto de impacto medioambiental e imos facer tamén o plan de execución do que é o edificio. Co cal, por iso se explica que no orzamento deste ano a cantidade que hai sexa a cantidade para facer o plan de espazos e o plan sectorial, porque os prazos son os prazos. Nós imos tratar de acurtalos todo o posible, pero, evidentemente, neste ano non imos facer obra.

Estráñame que o seu compañeiro no Concello de Pontevedra non puidera comentalo con vostede, porque alí demos prazos e sabemos —e eles tamén o saben— canto tarda un plan sectorial e, loxicamente, ata finais do ano 2018, principios do 2019 —esas son as datas que demos—, non pode haber obra en Pontevedra. Oxalá poidamos adiantalo, pero, evidentemente, non... Estes prazos non os inventamos agora, estes prazos déronse xa naquela primeira reunión cos grupos municipais, tras consultar os técnicos tanto da Consellería como tamén do Concello de Pontevedra, e son os prazos legais que temos. ¿Imos tratar de acurtalos? Si, imos tratar de acurtalos, pero teñen a marxe que teñen.

Como digo, a implicación e creo que o gran reto —e así foi aceptado— é conseguir un proxecto de futuro para a área metropolitana de Pontevedra, un reto no que tanto os políticos, as asociacións como os profesionais están de acordo; están de acordo con iso, e creo que de aí é de onde imos partir. A partir de aí, loxicamente, na definición nestes momentos dos diferentes servizos non imos entrar nin, evidentemente, no día de hoxe no tipo de aparcamento, isto vai dentro da obra. Se hai posibilidade a nivel construtivo —normalmente os arquitectos o fan así— de que poida haber un aparcamento soterrado, haberá aparcamento soterrado, pero non é o momento nin podo neste momento dicilo claramente porque debe ser no proxecto de execución. E tamén hai o compromiso, dentro do que falaba co convenio co Concello de Pontevedra, de que vai haber moitos aparcamentos en superficie que van procurar arranxar desde o propio Concello.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, normal que os concelleiros de Pontevedra estean de acordo. ¡É que levamos de acordo dende hai dez anos en ampliar Montecelo! Os que non estaban de acordo ata o de agora eran vostedes, que querían facer un hospital PFI en Monte Carrasco. Loxicamente, estamos de acordo.

E, miren, o motivo polo que eu falo dos gobernos do Partido Popular non é porque teña quenrenza co Bipartito senón porque, precisamente, había un proxecto —do que vostede falou aquí— para facer unha ampliación do Hospital de Montecelo, e vostedes foron os que mu-

daron a idea e decidiron que querían un hospital público-privado en Monte Carrasco. Foron vostedes os que mudaron o consenso que había anteriormente. Se a vostedes non lles gustaba o proxecto que había e vostede sostivo aquí que tiña deficiencias, ¿por que o primeiro ano de goberno da primeira lexislatura do Partido Popular non redactaron outro proxecto de hospital público, de ampliación do hospital público de Montecelo? Obviamente, non se sostén ese tipo de argumentación para intentar trasladar que nós temos unha posición interesada. Non a temos. Nós queremos, dende antes, obviamente, da entrada do Partido Popular, esa ampliación de Montecelo, porque claro que hai que trasladar os servizos de hospitalización a esa ampliación. Os que mudaron foron vostedes. E eu alégrome, sinceramente, dígoallo de verdade, de que recoñeza que tiveron que mudar ese modelo. Vostede dixo que non había consenso. Evidentemente, todo o mundo, agás o Partido Popular, estaba en contra dese hospital de Monte Carrasco.

E non sei se vostede me entendeu mal ou non me quixo entender porque que eu sosteña que nós defendemos o uso sanitario do hospital provincial non significa que sexa para atender agudos. De feito, acabo de trasladarlle que nós defendemos dende o inicio esa ampliación de Montecelo, antes de que o Partido Popular cambiase de opinión.

Nós o que queremos é un uso sanitario, e non necesariamente é o mesmo, como vostede sabe moito mellor ca min, porque aí pode instalarse un punto de atención continuada, pode instalarse un centro de saúde, poden instalarse consultas especializadas, que sabe vostede que agora mesmo están divididas tamén en Mollabao e no hospital provincial, e poden darse consultas de alta resolución, porque se pode deixar dotado o servizo de radioloxía ou un servizo dun pequeno laboratorio e pode, ademais, incluso instalarse a base de hospitalización a domicilio. Iso é o que se está pedindo, non que se siga mantendo o mesmo que se está solicitando, que se traslade, precisamente, a Montecelo dende hai unha década.

Vostedes teñen, ademais, outros lugares onde facer esa residencia de maiores, que, por suposto, tamén fai falla; pero a min o que me chama a atención —e permítame que llo diga, díxenllo antes— é que vostedes liciten agora o deseño do plan funcional e que, sen embargo, o conselleiro de Política Social —xa nolo dixera onte na comparecencia— diga que o que vai ir no hospital provincial non son servizos sanitarios. Díxonolo na comparecencia. Igual é que vostedes non están de acordo entre as distintas consellerías, pero iso é o que se nos trasladou. E, como xa nos imaxinabamos que iso ía ser así, en fin, imos propolo, imos trasladalo no pleno seguinte, porque, obviamente, vostede sabe que teremos ocasión de debater a moción de En Marea.

Agradézolle que me dea as datas aproximadas. Obviamente, confirmase que non se vai ter esa ampliación este ano, pero, sen embargo, vostede esqueceuse de responder acerca de cal vai ser o modelo de financiamento e se finalmente desbota unha colaboración público-privada. Penso que foi un despiste, que se esqueceu de contestalo. Gustaríame que nos aclarase que o financiamento vai ser enteiramente público e que non teñamos que sufrir o esperpento que sufrimos en relación co novo hospital de Vigo.

Vostede falaba aquí de que o modelo do aparcadoiro é relativo á construción, sen embargo, é unha decisión política. Non está nunha zona na que non poida existir aparcadoiro gratuito

e público, aínda que non se fixese en superficie. A decisión de que os aparcadoiros sexan públicos é unha decisión política, non construtiva, e, polo tanto, depende da actual Xunta de Galicia se vai levar a cabo o proxecto.

Polo tanto, señor Almuíña, xa lle traslado que o que nós imos seguir defendendo —e pídlle que nos resposte neste sentido— é que se manteñan servizos sanitarios no Hospital Provincial, que a ampliación se faga canto antes e que sexa con financiamento cen por cento público.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta interpelación, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Pois, si, señora Solla, a verdade é que, ao final, me sorprendeu a parte final desta intervención súa, porque sempre vai contra todo e, ao final, está practicamente de acordo con todo o que nós presentamos. Polo tanto, creo que é necesario ter un acordo total e absoluto.

E quero dicirlle que, mire, mudamos Montecelo... Porque fala da ampliación, pero hai moitos tipos de ampliación en Montecelo. O que se pretendía dende o Bipartito era unha ampliación que, como dicía —díxeno antes, o que pasa é que igual non me escoitou—, era sobre a ladeira, e a ladeira ía hipotecar moitas cousas, entre elas o acceso. Habería que cambiar o que era o vial de acceso, que era un vial moi importante. Pero tamén habería que romper a parte última remodelada de Montecelo e habería que traballar nun hospital con obras. Neste caso, o modelo que nós presentamos, un modelo aceptado, é unha ampliación en lateral, onde imos poder construír sen afectar para nada a actividade asistencial. Ese é un cambio moi importante.

Quero dicir que cando fala vostede do Hospital Provincial, estou de acordo con vostede, pero iso é o que están definindo precisamente, a posibilidade de que estea ao lado do 061 unha unidade de saúde mental. Niso é no que están traballando, pero o edificio do hospital provincial ten moitos metros cadrados. Evidentemente, con isto que estamos a falar, estamos falando dunha pequena parte, e non imos deixar un edificio baleiro, imos utilizalo, utilízalo para o fin que a poboación de Pontevedra necesita; e, desde logo, o socio-sanitario necesítalo a cidade de Pontevedra, e tamén necesita outro tipo de actuacións menores en canto a extensión, en canto a superficie, como estabamos a falar. Por iso está aberto e estano definindo, estano definindo os profesionais, pero, evidentemente, Política Social e o conselleiro de Sanidade van perfectamente da man e tratan de resolver problemas dos cidadáns, porque os problemas son dos cidadáns non son das consellerías. Creo que a coordinación é extraordinaria dentro da Xunta, e especialmente coa Consellería de Política Social.

Falaba vostede do esperpento de Vigo. Bueno, tamén chega en mal día falar dese esperpento de Vigo, porque unhas persoas que supoño que vostedes coñecen resulta que presentaron

na Unión Europea unha reclamación contra o procedemento de Vigo e parece que non lles gustou o que dixo a Unión Europea, que dixo que o que se fixera era correcto.

Mire, iso está dentro da normativa europea e pódese utilizar perfectamente, e digo máis, sei que vostede non pertence ao Bipartito —aínda que moitas veces non sei quen era do Bipartito e quen non era, porque houbo moitas mudanzas naquel momento—, pero o Partido Socialista —o señor Losada levanta a man, polo tanto, el era un— e o Bloque foron os primeiros que faláron da colaboración público-privada na sanidade. O secretario xeral da Consellería de Sanidade nese momento foi a ver modelos a Baleares e a outros lados. Polo tanto, non me diga que iso... Pero é que tampouco é ilegal. Isto non é ilegal, e a Unión Europea parece que ratifica que o modelo de Vigo non era ilegal.

Agora, quero dicirlle neste momento que cada cousa ten o seu momento, e neste momento entendemos que en Pontevedra non imos utilizar esa fórmula, pero non porque sexa ilegal ou sexa mala, senón simplemente porque as condicións económicas do Goberno mudaron —e creo que iso é positivo— e porque Galicia está mellor agora que cando o presidente da Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia decidiu mellorar as condicións de Vigo. A sanidade de Vigo tiña moitos déficits, moitísimos, e, polo tanto, alguén nun momento difícil di: aquí hai que facer un cambio. E fíxoo cos aspectos legais e posibles que tiñamos nese momento.

Creo que foi unha decisión acertada. Neste momento en Pontevedra non vai ser así porque as circunstancias, grazas ao traballo de todos os galegos, están mellorando; estamos nunhas condicións creo que diferentes.

Por iso, pido a colaboración de todos os grupos para apoiar este gran proxecto en Pontevedra porque creo que vai ser un cambio moi importante, pese a que en Pontevedra a día de hoxe teñen as mellores estatísticas sanitarias. Incluso o propio alcalde de Pontevedra —médico de profesión e que coñece moi ben a área e coñece a sanidade— nos recoñeceu que a área de Pontevedra ten unha boa sanidade.

Pero queremos non só falar da sanidade neste momento. A ratio de tempos de espera na actividade cirúrxica, é de 38,2 días, houbo 23.000 ingresos, 19.000 intervencións e máis de 450.000 consultas. Creo que estamos, desde logo, nun nivel alto, pero queremos que dentro de trinta ou corenta anos este nivel sexa igual ou máis alto aínda que o que temos.

Por iso agradecemos a colaboración de profesionais. Hoxe, evidentemente, é un día moi especial para dicir que a sanidade é feminina fundamentalmente. Toda a vida o foi, e grazas ao trato persoal e á profesionalidade de todos eles temos a sanidade que temos. A magnífica sanidade galega que temos, evidentemente, é grazas ás mulleres, e por iso lles pedimos e agradecemos a colaboración de todos os grupos políticos, como tamén dos profesionais e asociacións para facer un moi bo proxecto para a área de Pontevedra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata a tarde, quero comunicar unha alteración na orde do día. Xa está falado coas persoas interesadas, e será en concreto que as preguntas números 6 e 7, que debateremos de xeito acumulado, pasan a debaterse en último lugar, dentro do turno de preguntas ao Goberno.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión con interpelacións.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade no traballo entre mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moita grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas. Moi boa tarde tamén para vostede, señor conselleiro.

No día de hoxe, en que moitos deputados e deputadas estamos facendo mención especial a algunhas mulleres, eu quero que a miña sexa para Pepa Noia, unha das mulleres fundadoras das Nais da Praza de Maio —que igual moitos de vostedes non o saben, pero as súas orixes están na provincia de Ourense—, unha muller valente, da que nos sentimos especialmente orgullosas; unha muller que traballou tamén no sector téxtil, ese tan machucado e que leva sufrido tanto durante estes derradeiros anos na nosa comunidade autónoma. Para hoxe, de maneira especial, a solidariedade de todo o Grupo Socialista coas traballadoras do téxtil de Galicia, coas traballadoras de Blanco, de Viriato, de Caramelo, de Mafecco, de Adolfo Domínguez e doutras moitas empresas que sufriron ERE nestes derradeiros anos e que o pasaron mal, tanto elas como as súas familias. (*Aplausos.*)

A respecto da desigualdade no eido laboral, existen varias teorías. Hai unha que é a do negacionismo, que é certo que segue existindo. Hai persoas, se saímos aí á rúa e o preguntamos, que pensan, cren e están convencidos de que as mulleres temos a mesma capacidade para acceder aos postos de traballo e que cobramos o mesmo. Despois hai aqueles que saen da caverna de vez en cando, como ocorreu a semana pasada, que din que as mulleres cobramos menos porque somos máis débiles, menos intelixentes e máis pequenas. E nós, dende o Grupo Socialista —e supoño que moitos dos homes e das mulleres que estamos aquí hoxe—, pois a verdade é que pensabamos que dos homes de Cro-Magnon o único que quedaban eran restos, e démonos conta de que se reencarnaron nun eurodeputado de extrema dereita que estes días saía da caverna e que esperamos que volva entrar para non saír polo menos en moito tempo.

E estou convencida, señor conselleiro, de que hoxe de vostede non vou escoitar ningunha destas verbas. Téño en suficiente consideración como para saber que, aínda que haxa ocasións nas que non estamos de acordo, non vai facer este tipo de afirmacións. Espero polo menos coincidir na diagnose do problema, en que considere que é algo importante e que necesitamos poñer empeño e traballar a prol. É certo que quizás non coincidamos en que nós consideramos que hai unha certa responsabilidade do Goberno na situación en que se atopan as mulleres galegas no eido laboral.

Eu case podería asegurar, señorías, que todas as mulleres que estamos hoxe aquí nesta Cámara —algunha de vostedes— ou ben sufriron en primeira persoa ou coñecen outra que, por exemplo, lle ocorrera algo tan habitual como que nunha entrevista de traballo lle preguntaran se quere ser nai ou non, algo que non acontece de maneira habitual cos homes. Estou segura de que coñecen a alguén tamén que sufrira acoso laboral por razón de sexo, ou incluso acoso sexual. E despois están eses pequenos micromachismos que —permítanme con humildade que o diga— penso que todas nalgunhas ocasións sufrimos, eses chistes sexuais que tivemos que aguantar nos nosos postos de traballo, ignorar e devaluar as mulleres en reunións, esa choiva fina pero constante que nos acaba chegando aos ósos e que acaba producindo un baixón de autoestima terrible en moitísimas mulleres.

Ademais da actitude xeral que recibimos as mulleres nos postos de traballo, hai outros datos en materia salarial de acceso aos postos de traballo. Eu non vou ter tempo de desgranar todos os datos. Quero fixarme e poñer o foco nalgúns que me chaman especialmente a atención, como os da parcialidade, que nos din que 3 de cada 4 persoas que traballan en Galicia agora mesmo a tempo parcial son mulleres, ou no índice de desemprego: no cuarto trimestre de 2016 estaban en paro o 17 % das activas, fronte ao 15,6 % dos activos homes.

A perda de poder adquisitivo deuse en todos os traballadores e traballadoras ao longo da crise, pero incidiu de maneira especial nas mulleres; en concreto, nas mulleres un 5,6 %, e nos homes un 2,7 %, entre o ano 2008 e o 2013.

A fenda salarial xa se comentou aquí que é superior ao 20 %. Nós teríamos que traballar 79 días máis ao ano para cobrar o mesmo que os homes. Pero hai un traballo que moitas veces non contamos, e que realizamos en maior parte as mulleres. Son as tarefas domésticas e os coidados familiares, co cal, señorías, a eses 79 días habería que engadirilles outros 90 días máis ao ano, que suman un total de 169 días ao ano, que é o que traballamos as mulleres máis que os homes, sen estar remunerados. Isto equivale, nunha vida laboral, aproximadamente a uns nove anos máis.

A nós, dende o Grupo Socialista, conselleiro, estes datos parécennos escandalosos. Dinos a propia Unión Europea que necesitaríamos esperar outros setenta anos para chegar á remuneración. Nós cremos e estamos convencidos de que co esforzo de toda a sociedade, do Goberno, por suposto, das institucións e deste Parlamento, temos que poñer enriba da mesa medidas para acurtar na medida do posible eses prazos.

En canto ao acceso aos postos de responsabilidade non é ningunha novidade ese teito de cristal, imposible de romper para as mulleres. Curioso cando resulta que somos o 59 % en

postos que requiren alta cualificación, como técnicos, científicos, intelectuais. Estamos nos sectores máis precarizados e peor remunerados, outro dato que nos chama especialmente a atención. As mulleres concéntranse no sector dos servizos, xusto o sector onde hai unha maior fenda salarial, cun 32 %. Despois veñen a agricultura, gandería, silvicultura e a pesca. En consecuencia, esta disparidade de salarios ten tamén unha repercusión nos salarios que se perciben por desemprego, nas prestacións por desemprego, e por suposto, con base no tempo cotizado, nas pensións.

Levamos séculos de desigualdade, señor conselleiro, e eu non o vou responsabilizar a vostede nin ao seu goberno da desigualdade a nivel laboral que estamos a sufrir as mulleres neste país. Pero si que é certo que hai unha responsabilidade política ademais de social, porque os socialistas si que estamos convencidos de que a igualdade hai que traela ao centro da vida política. O debate sobre a igualdade ten que vir aquí, ao Parlamento de Galicia, ao centro da vida política. Non opinamos o mesmo, polo tanto, que o señor Feijóo neste senso.

E como nós consideramos a política como motor de cambio da vida das persoas, de mellora da sociedade, vostedes levan moitos anos gobernando nesta comunidade autónoma e si que teñen unha certa responsabilidade en que eses datos vaian a peor, ou, cando menos, se non imos estar de acordo, en que non melloren o suficiente como para ter unhas condicións propias deste século e telas do XIX ou, se me apura, dalgún anterior. Houbo medidas que tomou o seu goberno de recortes en servizos esenciais, como sanidade, educación ou dependencia, a imposición dunha reforma laboral inxusta e regresiva. E os orzamentos, señor conselleiro, para o ano 2017 destinan 1,2 millóns de euros de apoio á conciliación da vida laboral e persoal, e outros servizos de protección; 7 millóns para accións para a igualdade, protección e promoción da muller. Estes programas nove anos antes contaban con 5,7 e 16,2 millóns respectivamente. Está claro, señor conselleiro, que dende logo ese descenso de orzamentos non axuda a camiñar pola senda da igualdade. E quizais o que nos parece máis grave de todo, dende a chegada á Xunta do goberno do señor Feijóo, é que fixeron unha voladura incontralada —dende o noso punto de vista— de todas as iniciativas en materia de igualdade no emprego que puxo en marcha o Goberno bipartito, entre elas unha lei da que nos sentimos especialmente orgullosos e orgullosas, que é a Lei de igualdade no traballo —unha lei que está refundida agora na Lei de igualdade a nivel xeral—, que contemplaba apoio técnico para a implantación de plans de igualdade e a posta en marcha dun plan de emprego coa participación de máis de 15.000 mulleres e 300 empresas, con diferentes programas de gran importancia para poder sentar os alicerces da igualdade no traballo neste país.

Hoxe, señor conselleiro —este tema é moi amplo—, ímoslle preguntar sobre a revisión dos convenios colectivos por parte da Administración autonómica e as impugnacións que se levaron a cabo, que medidas de apoio técnico e económico está prestando o Goberno galego para a posta en marcha de maneira voluntaria de plans de emprego por parte de empresas e, en fin, todas as medidas de promoción da igualdade no ámbito laboral.

Eu comecei a miña intervención dicindo que aproveitabamos un día tan sinalado como hoxe para traer esta iniciativa, para honrar a todas as mulleres traballadoras deste país, e remato a primeira parte dicindo que non será a derradeira, porque imos insistir neste tema todos os días do ano, coma se todos os días do ano, señoría, foran 8 de marzo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora Blanco, en primeiro lugar, loxicamente, un recoñecemento a todas as mulleres, e a toda a loita que a sociedade estamos a afrontar para garantir a igualdade entre homes e mulleres. Porque esa igualdade —vostede o dicía— é unha responsabilidade de todos, e, como non pode ser doutra maneira, loxicamente é unha prioridade deste goberno. Porque entendemos que é un valor imprescindible para a cohesión económica pero tamén fundamentalmente para a cohesión social, tal e como se recolle tamén na Constitución e no propio Estatuto.

Eu hoxe o que quería trasladarlle é que esta loita polo recoñecemento da igualdade, e, polo tanto, por todas as actuacións que permitan seguir traballando conxuntamente na igualdade, é, xa digo, un obxectivo compartido. Polo tanto, eu agradézolle enormemente esta interpe-lación un día coma hoxe.

Ademais —díxoo vostede pero eu reitéroo—, aquí non hai ningún tipo de negacionismo, aquí non hai ningún tipo de caverna, aquí o que hai é realismo, realismo sobre a situación que temos en España e que temos en Galicia en termos de igualdade. Efectivamente, vostede estableceu unha diagnose que é compartida —eu así llo traslado—, no senso de que isto ten que ter unha resposta en termos de sociedade; polo tanto, hai que actuar con medidas concretas, medidas de discriminación positiva. E loxicamente eu si lle traslado a posición do Goberno, e é que efectivamente a igualdade forma parte do debate político e a igualdade debe e seguirá formando parte do debate político, non só polas actuacións e iniciativas que tras-lade a oposición, senón tamén polas iniciativas e as propostas que vai trasladar este Grupo Parlamentario do Partido Popular.

En calquera caso, nese diagnóstico eu coincido con vostede, porque así o entendín. Entendín que estamos mellor. É certo que temos que mellorar moito, e nese sentido eu creo que todo o que atinxe ao emprego é un elemento fundamental. Porque o emprego é a ferramenta clave, ou unha das ferramentas clave para combater a desigualdade. De feito, por recordar algún dato concreto e que dalgunha forma creo que debería completar o seu diagnóstico dende o punto de vista estatístico, eu si que lle podo dicir que en Galicia recuperamos case a totalidade do emprego feminino perdido durante a crise. En concreto, en xaneiro do ano 2017 temos 459.691 afiliadas na Seguridade Social. Pódolle dicir que a fenda de xénero se sitúa en mínimos históricos aquí en Galicia: un 48 % de afiliacións fronte ao 42 % que tiñan no Bipartito, e ademais a fenda salarial hoxe —e este dato, señoría, creo que é importante— é a segunda máis baixa na última década.

Galicia ten unha fenda salarial de 2,4 puntos inferior á de España, e Galicia é a quinta co-munidade autónoma coa fenda máis baixa. Polo tanto, creo honestamente, señora Blanco,

que avanzamos, que Galicia avanzou. Hoxe somos unha gran maioría a que estamos a traballar a prol dunha sociedade onde as mulleres e os homes poidamos levar a cabo todo o noso potencial en igualdade e creo que é necesario, que cómpre, recoñecelo. E a partir de aí, loxicamente, temos que seguir traballando para promover diferentes iniciativas.

E como vostede me pregunta de forma específica polas iniciativas de emprego, eu paso a concretarlle cales son as medidas que este goberno implantou en materia de igualdade laboral. É un traballo de todos, é un traballo non desta lexislatura nin da pasada, levamos vinte e cinco anos en Galicia traballando todos xuntos para mellorar esta situación. E creo que paga a pena facer un pequeno recordatorio, sobre todo porque estas medidas terán que vir acompañadas doutras medidas adicionais.

En Galicia estamos mantendo a discriminación positiva nas políticas activas de emprego de cara á muller, aspecto que forma parte da definición das políticas activas de emprego. E dende o ano 2009, señoría, o 55 % das axudas para incentivar a contratación foron para empregar mulleres. Un dato significativo, e haberá que seguir profundando e incrementando esa aposta. Pero xa digo que o 55 % das axudas para incentivar a contratación foron para empregar mulleres. E dígolle máis. Cada ano destinamos máis de 51 millóns de euros a facilitar a formación e a integración laboral das mulleres en Galicia; aspecto que en termos de política activa de emprego xa digo que é fundamental. De feito, cada ano son máis de 48.000 as beneficiarias en todas as políticas activas de emprego. Fálolle de incentivos á contratación, de axudas ao autoemprego, de formación e de obradoiros de emprego e de programas de mellora da empregabilidade. En definitiva, son medidas que marcan unha clara tendencia á discriminación positiva no emprego de cara á muller.

Teremos que seguir avanzando neste ano 2017, e pódolle xa trasladar que neste ano 2017 imos incrementar a intensidade da axuda para as mulleres, pasaremos do 15 % ao 25 % de intensidade de axuda en todas as ordes de axuda que ten a Consellería de Economía, Emprego e Industria. E, así mesmo, seguiremos a traballar —xa digo— para que esta discriminación positiva en materia de políticas activas de emprego teña un beneficio directo para esa inserción laboral e para esa maior igualdade no mercado laboral.

Tamén seguiremos a potenciar a igualdade nas empresas en Galicia. Vostede falábame dun incumprimento por parte do Goberno da Lei de igualdade. Eu téñolle que dicir que este goberno está potenciando a igualdade nas empresas, que este goberno está aplicando e está axudando a poñer en marcha plans e medidas que favorezan a igualdade laboral e a conciliación coa vida familiar e persoal. De feito, no ano 2016 esas axudas incrementáronse un 28 % e neste ano 2017 incrementaranse un 27 %. Tamén no ano 2017 imos mellorar a conciliación por maternidade ou paternidade das persoas autónomas en Galicia; unha medida nova que vai beneficiar os autónomos e que lles vai permitir aumentar en dezaseis semanas a bonificación do cen por cento da cota da Seguridade Social da persoa contratada.

E, por suposto, seguiremos traballando coa Inspección de Traballo, porque non só hai que ser proactivo senón que tamén hai que ser vixilantes e velar pola igualdade efectiva entre homes e mulleres. E a iso estase a dedicar a Inspección de Traballo. Loxicamente tamén seguiremos traballando coa Comisión de Igualdade do Consello de Relacións Laborais para

mellorar a legalidade vixente. E, de feito —que era unha das preguntas que vostede me trasladaba—, pódolle dicir que o 70 % dos convenios colectivos revisados nos dous últimos anos inclúen melloras para a muller, principalmente no eido da conciliación.

En definitiva, toda unha serie de medidas que están permitindo traballar na igualdade desde o punto de vista laboral. E seguiremos, porque, señoría, non nos conformamos. Evidentemente, en ningún caso aquí hai conformismo; todo o contrario, o que hai é un verdadeiro inconformismo porque sabemos e somos conscientes de que nos queda moito por percorrer. Iso significa poñer en marcha un novo plan de emprego en igualdade, que presentaremos nas próximas semanas a todos os interlocutores sociais para que poidamos identificar novas medidas que apoiem a consecución do espazo que lle corresponde á muller dentro do mundo empresarial e laboral.

En definitiva, señoría —e termino—, non cabe dúbida de que Galicia está a avanzar na igualdade entre homes e mulleres no eido do emprego. Tampouco creo que caiba dúbida do compromiso do traballo deste goberno para apoiar este obxectivo. E, polo tanto, seguiremos traballando conxuntamente nunha política que teña medidas transversais pero que tamén teña medidas específicas para mellorar a empregabilidade das mulleres e a igualdade nas empresas. Unha política, señoría, que intentamos levar a cabo a través dun diálogo aberto con todos os interlocutores sociais, con todas as administracións. E nós pretendemos que este diálogo aberto se traslade tamén a esta Cámara e, polo tanto, que haxa un diálogo aberto con todos os grupos políticos e que nesa nova Lei de emprego poidamos seguir traballando e identificando actuacións de mellora para que efectivamente a igualdade sexa efectiva.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu estou desexando tamén que o grupo maioritario desta Cámara traia algunha iniciativa. Creo que o Día da muller era unha magnífica ocasión, unha magnífica oportunidade para saber cal é o posicionamento do Grupo Popular en materia de igualdade, (*Aplausos.*) máis aló de poñer un laciño, que queda moi bonito. En materia de igualdade, cando se goberna, o que hai que facer é legislar por e para as mulleres e traer iniciativas a esta Cámara. Os laciños de pouco serven se non van acompañados de política.

Non coincido con vostede nos datos. Si no tema da fenda salarial. É verdade, temos a máis baixa, pero hai unha razón que non é positiva, señor conselleiro, e voullo intentar explicar. Temos o terceiro salario medio máis baixo de toda España. O salario dos homes de media no 2009 era de 20.271 euros; no 2015, era de 19.899; o das mulleres no 2009, de 15.594; e no 2015, de 15.000. É dicir, señorías, explicado graficamente, e como se lles explica aos nenos no colexio, se a diferenza salarial era esta, se o salario das mulleres segue decrecendo e o dos homes non se incrementa, quere dicir que a fenda salarial se desvirtúa, señor conselleiro, e

iso non é nada positivo. Iso quere dicir que non soamente están peor neste país as mulleres senón que os traballadores —os homes—, que tiñan un salario moito mellor do que teñen agora, están peor tamén, e todo pola súa política laboral. Non é ningún motivo de satisfacción, polo tanto, señor conselleiro.

En canto á súa colaboración coa Inspección de Traballo, eu creo que é interesantísimo, é importantísimo. E quero poñer por diante sempre o traballo dos magníficos técnicos e técnicas que hai neste organismo, que me gustaría tamén que os deixaran traballar porque sei que poden facer un traballo magnífico e non sempre se lles permite. Teño os datos da actividade realizada pola Inspección entre xaneiro e decembro do ano 2015, os datos relativos á comunidade autónoma galega. Ben, en materia de emprego e relacións laborais, exactamente na revisión da igualdade efectiva de mulleres e homes, as actuacións da Inspección de Traballo en Galicia son 34. É dicir, os inspectores e inspectoras de traballo atoparon 34 irregularidades entre discriminación no acceso ao emprego, discriminación en relación laboral —ingresos, promoción—, acoso sexual e por razón de xénero, plans de igualdade e outras obrigacións, dereitos sobre conciliación da vida familiar e laboral, discriminación en negociación colectiva. Son 34, e eu creo que as 34, se nos poñemos entre os 75 que estamos aquí, sacámolas con casos que coñecemos. ¡Vergoñento, señor conselleiro!

Se hai unha colaboración, intensifíquea e, por favor, que comecen a regularse e que comecen a poñerse en marcha as inspeccións. Porque non soamente os incrementos das ordes de axudas son necesarios —nós coincidimos con vostede niso—, ten que haber tamén un control por parte da Administración. A igualdade no traballo é un dereito que está recoñecido en todas as normas, en todas as lexislacións, e é unha das funcións da Xunta de Galicia velar por que se cumpra. E velar xunto coa Inspección de Traballo tamén, como lle estaba dicindo agora mesmo.

Falaba tamén da ganancia por horas traballadas, e é un dato que quero dar porque estamos peor que no resto de España. E nese dato non inflúe nin a temporalidade nin a parcialidade na contratación, estamos peor; por detrás, Cantabria soamente.

Señor conselleiro, eu alégrome de que hoxe vostede aquí anuncie un plan de emprego. É verdade que o Plan Aurora que tiña o Goberno bipartito o único que tiña que facer era sacalo do caixón da Consellería e poñelo en marcha. Non necesitabamos perder todos estes anos sen ter ningún plan enriba da mesa para agora de repente sacalo e poñerse a elaboralo, que non creo que sexa inmediato.

Esperamos e revisaremos ese plan que agardamos que traia a esta Cámara para poder debater. Nós, dende o Grupo Socialista consideramos importantísimo que hai que corraxir esta situación de desigualdade que sofren as mulleres. Non soamente para outorgarlles os dereitos que veñen contemplados nas leis, na normativa vixente, senón tamén —como dicía vostede, e niso coincidimos— como factor de dinamización e de eficiencia económica; por suposto que si, conselleiro. Pero, sobre todo, señorías, por unha cuestión que transcende a todo iso e que é moito máis importante: débémolles a todas as nosas devanceiras, débémolles a todas as mulleres que loitaron pola igualdade neste país e débémolles a todas as que tiveron que sufrir en silencio acoso laboral e acoso sexual sen ter ningún tipo de res-

paldo. É, señorías, non soamente unha cuestión económica, é unha cuestión social, é unha cuestión de xustiza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, eu reitero o agradecemento pola interpelación e, sobre todo, pola diagnose que está a plantexar, e polo que entendo que é loxicamente unha man tendida que eu lle devolvo para seguir traballando na mellora da igualdade e, polo tanto, en todas as medidas que nos permiten avanzar nun dos ámbitos máis importantes que temos como sociedade. É certo que nese aspecto se pode facer esa diagnose con datos seguramente distintos. Nós o que trasladamos é que, efectivamente, estamos nunha situación onde claramente melloramos a situación que ten a muller no mercado laboral e que loxicamente temos unha capacidade de mellora na cal temos que traballar.

Pero eu quería destacar aquí esta tarde que 7 de cada 10 mulleres teñen traballo indefinido en Galicia, e que 7 de cada 10 mulleres teñen un contrato a tempo completo. Esa é unha realidade que temos en Galicia que non teñen outras comunidades autónomas. Se quere, por poñerlle unha comparativa cunha comunidade autónoma gobernada polo seu partido, en Andalucía a taxa de temporalidade é 8 puntos inferior á de Galicia. *(Murmurios.)* E se quere falar de fenda salarial, en Andalucía pódolle dicir que esa fenda salarial é 5 puntos superior á que temos aquí en Galicia. Polo tanto, é unha situación que loxicamente ten moita capacidade de mellora pero creo —e dicíallo na miña primeira intervención— que hai que ter ese recoñecemento ao traballo que se está a desenvolver por parte de todos os axentes. E sobre todo ser moi respectuoso tamén con todas esas empresas, traballadores e axentes sociais que están a traballar pola igualdade efectiva. E creo que ese recoñecemento sinceramente non o traslado a esta Cámara como unha loa, trasladoo como un estímulo. E temos que ter entre todos un estímulo para continuar mantendo esa discriminación positiva para as mulleres nas políticas activas de emprego. Temos que seguir potenciando os plans de igualdade nas empresas; e aí pódolle adiantar que incluiremos de forma concreta aspectos vinculados coa formación e o asesoramento ás mulleres. E temos que velar, como non, polo cumprimento dos dereitos laborais dos galegos, coa Inspección de Traballo, que, efectivamente, desenvolve un labor moi importante. Son 2.800 actuacións as que leva desenvolvido a Inspección de Traballo dende o ano 2013 e, loxicamente, este ano, ímolas seguir continuando, e, como sabe, as actuacións da Inspección de Traballo en materia de igualdade establécense e planifícanse de oficio e tamén para atender todas as demandas que cheguen como autoridade laboral.

Polo tanto, nós imos seguir intensificándoas, non só porque están no plan anual da Inspección de Traballo, senón porque calquera denuncia que poida chegar á autoridade laboral nós tras-

ladarémosla á Inspección de Traballo, e estou seguro de que con esa profesionalidade, que eu comparto esa visión con vostede, a Inspección de Traballo vai seguir identificando calquera anomalía e calquera incumprimento da normativa.

Pero, ademais de continuar traballando nesa discriminación positiva, pódolle trasladar, facendo un pequeno inciso e respondendo á súa pregunta, que ningún convenio colectivo ten sido impugnado nos últimos oito anos, ningún. E iso, señoría, responde a que hai un traballo previo de revisión que busca, precisamente, garantir o cumprimento da igualdade.

Pero, en segundo lugar, señoría, este recoñecemento do que lle trasladaba tamén ten que ser un estímulo para dedicar máis recursos ao emprego e á formación. Este ano 2017 incrementaremos un 17 % o orzamento e seguiremos traballando no emprego de calidade e no emprego en igualdade.

En terceiro lugar, señoría, tamén ten que ser un estímulo para poñer en marcha esa Lei de emprego de Galicia, ese novo Plan de emprego en igualdade e ese plan que anunciou o presidente, o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade. Creo que son eidos nos cales temos un traballo a desenvolver nesta Cámara, e eu espero acadar o consenso e o apoio de todos os grupos parlamentarios para, precisamente, que en Galicia cada vez falemos máis e traballemos máis en igualdade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Volvemos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da oferta de emprego público do ano 2017

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Dicíanos Concepción Arenal, a finais do XIX, que a sociedade non pode, en xustiza, prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano. Ás veces isto está de plena actualidade.

Señor conselleiro, traemos esta pregunta con carácter urxente a este pleno ante as que supoñemos son falsas alarmas e, sobre todo, ante a cerimonia da confusión á que ten sometido, non a esta Cámara, senón a un conxunto importante de empregados públicos e, sobre todo, de opositores, de máis de 15.000 persoas que están pendentes de poñer en marcha as súas

expectativas e de saber, en definitiva, cales son os plans que ten a Xunta de Galicia para formar e aprobar, dunha forma definitiva, a oferta de emprego público de 2017.

Onte non tiña moito interese, falando de cuestións laborais —non deixa de ser o emprego público unha cuestión laboral—, en compararse con datos europeos, aínda que vemos que moitas veces nestes temas lles gusta compararse con outras comunidades autónomas cando presentan índices a priori favorecedores para Galicia. Pero a min si que me gusta compararnos con países europeos nos que nos temos que mirar, se ademais avogamos por esa maior integración que está actualmente en dúbida.

A Comisión Europea, xa en en 2012, establecía ou analizaba que España estaba entre os dez países da Unión Europea con menos gasto en emprego público sobre o PIB. O Partido Popular, cando chegou en 2012 ao Goberno, trazou o obxectivo de reduci-lo polo menos ao 38 % durante os seguintes exercicios, e así está sendo, efectivamente.

En Galicia, como tivemos ocasión de analizar no Pleno anterior con motivo da moción derivada daquela interpelación sobre o emprego público, os datos de evolución deste emprego dependente do sector público autonómico responden, precisamente, a esta tendencia de absoluta redución do servizo de emprego público, como mostran os propios datos publicados, como lle dicía, señor conselleiro, pola propia Consellería de Facenda. Os niveis de temporalidade, como tamén sinalabamos, téñense disparado, incrementándose nun 50 % entre 2011 e 2015, pasando de 10.000 a 15.000 contratos.

Pero resulta que xa temos en Galicia aprobada a Lei 1/2017, publicados, polo tanto, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. E non lle oculto, porque non o podo facer, porque o saben perfectamente, que o artigo 38 da Lei xeral orzamentaria establece a mecánica das prórrogas orzamentarias. Tampouco llelo podo ocultar, porque así o saben perfectamente, como seguen en plena vixencia os artigos 19 e 20 da Lei de orzamentos de 2016 do Estado, prorrogados para 2017.

En definitiva, que non sabemos a que pode responder a falsa alarma presentada ou difundida polo presidente, señor Feijóo, nos últimos días, facendo esta especie de truco ou, ás veces, dese malentendido por vostedes paternalismo, que eu entendo que ese paternalismo...

O señor PRESIDENTE: Remate. Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...pode ser unha nova versión do tradicional caciquismo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, señor, agora mesmo remato.

O señor PRESIDENTE: Non. Formule a pregunta, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Por iso, ante esta cerimonia da confusión, o que o Grupo Parlamentario Socialista, pero non o Grupo Parlamentario Socialista, senón, sobre todo, os opo-

sitores actualmente en Galicia necesitan clarificación absoluta de cando o Goberno galego vai aprobar, sen máis dilación, o plan de emprego para 2017.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Señoría, pregunta vostede pola oferta de emprego público de 2017. Tres cuestións.

A primeira. A Xunta está traballando nos prazos normais e habituais, como cada ano, para poder aprobar en tempo e forma a oferta pública de emprego. Como cada ano, é recoñecido que a máis urxente é a que corresponde ás prazas de educación, e por iso na Xunta xa demos a coñecer as especialidades e prazos en que queremos convocar. Tamén estamos traballando con normalidade polo que se refire ao ámbito do Sergas, como da Administración xeral, e queremos estar preparados para convocar a OPE de educación co obxectivo de que poidamos executala, se se desbloquea a situación no Estado, dentro dos prazos habituais.

En segundo lugar, a Xunta, precisamente porque somos responsables, tan só aprobaremos a OPE unha vez que constatemos que se dan as condicións de seguridade xurídica necesarias. E tomamos esta decisión porque pensamos que o esforzo dos opositores merece respecto.

Quixera lembrarlle que as oposicións afectan o traballo dos opositores, dos interinos, dos propios servizos públicos que prestamos aos cidadáns; polo tanto, teñen que convocarse e desenvolverse nas máximas condicións de seguridade xurídica. Como ben coñece tamén vostede, existen precedentes de comunidades que convocaron oposicións incumprindo a lei, e tivo que ser o Tribunal Constitucional o que lles emendara a plana. Faremos como fixemos dende o ano 2009. Respectaremos e esgotaremos na práctica totalidade a taxa de reposición que se fixe nos orzamentos, pero, mentres non se clarifique a situación —aínda que a alguén non lle guste—, velaremos pola seguridade xurídica dos opositores galegos, e nisto creo que estamos de acordo Xunta e sindicatos.

En terceiro lugar, pediríalle a vostede, como representante do Partido Socialista, un certo nivel de coherencia e único criterio, porque, mentres que o seu voceiro en Galicia nos pide a máxima celeridade na convocatoria de oposicións, líderes tamén do Partido Socialista en Castela-La Mancha ou en Extremadura din que non se dan esas condicións de seguridade xurídica. ¿En que quedamos? ¿En Galicia piden celeridade no que lles importa, inseguridade xurídica, que pode afectar os nosos opositores, e alí onde poden convocar oposicións non o fan? Porque mentres hai unha semana o seu voceiro nos daba de prazo tres semanas, a día de hoxe —que saibamos— non hai ningunha comunidade gobernada polo PSOE que confirmara esta convocatoria. Creo que os opositores galegos teñen as mesmas condicións e piden as mesmas condicións de seguridade que o resto de España, porque non son menos.

Señoría, en Galicia queremos convocar as oposicións e queremos facelo con seguridade, porque creo que os galegos, os opositores galegos así o merecen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, señor conselleiro, nós referímonos a Galicia, circunscribímonos ao ámbito no que, precisamente, estamos, porque, ademais, resulta que é das comunidades autónomas que si que ten aprobada a Lei de orzamentos para este ano. Vostedes fan gala sempre dese liderado, desa capacidade de ter xa aprobada esta Lei de orzamentos. Temos a Lei de orzamentos, saben perfectamente que podemos poñer en marcha a oferta de 2017 cos mecanismos legais actualmente en vigor, prorrogados de 2016, sen prexuízo de que unha nova taxa de reposición ou, mellor dito, unha liberación de taxa de reposición permitira á Comunidade Autónoma de Galicia crecer en emprego público.

Señor conselleiro, ás veces temos a dúbida de se realmente as capacidades de xestión en materia de emprego público son todas das que se fai gala, porque temos unha problemática importante, e non sei se desde este punto de vista hai cortinas de fume, porque sabemos como a Consellería de Facenda está sendo incapaz de xestionar todas as ofertas de emprego aprobadas entre 2012 e 2016 en materia de corpos de Administración xeral. Unicamente teñen aprobado un 23 % das convocatorias. Non son datos nosos, son datos das propias organizacións sindicais, coas que vostede di que están a falar.

Estamos observando como toda unha serie de sentenzas sobre tribunais de selección, como esa falta de negociación colectiva, como a modificación unilateral da Lei de emprego público, na Lei de medidas, como esta incapacidade para xestionar as ofertas de Administración xeral, non así —e hai que recoñecelo— en materia, por exemplo, de ensino, ou como o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén completamente de tombar a política de persoal, por exemplo, no Concello da Coruña, son as que dan mostra desta incapacidade para falar en serio de emprego público e dos servizos públicos de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Agrádame moito que introducira determinadas cuestións na súa réplica. Procurarei contestarllas, sobre todo cando tilda de incapacidade de xestión. E, para iso, permítame que bote man de datos do Ministerio de Facenda, os últimos datos dispoñibles e a nivel comparado en todas as comunidades autónomas.

Resulta que sobre esa incapacidade de xestión á que vostede se refire Galicia é a comunidade autónoma que presenta a menor taxa de interinidade. ¿En que quedamos? Resulta que temos un 14 % sobre o total, cando a comunidade máis próxima a nós ten un 17,1 %, cando a media de España se aproxima ao 21 % e cando hai comunidades autónomas, unha vez máis, xestionadas polo Partido Socialista, como poden ser Baleares, que se aproximan ao 29 %, ou Asturias, que a temos aquí ao lado, ao 26 %. ¿En que quedamos? (*Aplausos.*)

Polo tanto, esa mensaxe ata certo punto catastrofista, moi propia dalgunhas intervencións, incluso no alegato que fai vostede, que xa discutimos aquí o outro día, se dúas cuestións manifesta esta comunidade autónoma dende o ano 2009 é a práctica estabilidade, como ningunha outra comunidade autónoma, en termos de efectivos, en todos e cada un dos sectores da Administración, e, por outra parte, en termos de estabilidade no emprego. Cando se está empezando a falar de que o obxectivo debería ser, a partir de dentro de dous ou tres anos, acadar taxas do 8 %, dígame vostede quen está máis cerca: ¿Galicia, que ten un 14 %, ou a Comunidade de Asturias, que ten case un 26 %, ou a de Baleares, que ten case un 29 %? Por suposto que Galicia.

Efectivamente, existen moitas oposicións que están en curso. Deámoslles o prazo suficiente, coa máxima seguridade, para que sexan executadas. Temos moito que mellorar, efectivamente. Imaxine como estará o resto.

Polo tanto, como lle dicía, o máis importante que nos traía nestes momentos é que nós si que queremos convocar oposicións, fixémoslo sempre, esgotamos todas as taxas de reposición, algunhas co Goberno socialista, que foron do 10 %. ¿Acórdase vostede do que era no ano 2010, do que era no ano 2009? Lémbrese, por favor.

Polo tanto, no Goberno galego sempre velaremos polos intereses dos opositores galegos. ¿Por que? Porque lles temos todo o respecto do mundo, merecen a nosa dedicación. Neste interese da Xunta, polo tanto, para aprobar este ano, serán profundos contactos, como foron sempre. Estamos en tempo, nun tempo de normalidade, sen despistarnos, pero sempre co criterio de máxima seguridade. Volvo repetir por terceira vez: merecen o noso respecto e a nosa dedicación. Espero contar tamén —xa que falan tanto do tema— co apoio do Grupo Socialista, espero contar con ese apoio, non con ese dedo no ollo.

Polo tanto, sígolle a garantir: seguiremos traballando para convocar as oposicións cando se despexen as incertezas que pode haber neste momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Como dicía o presidente hai uns días, somos moderadamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...optimistas na evolución que está tendo a situación, pero clases, moi poucas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do novo plan de xestión do lobo

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

No ano 1929 unha icona do feminismo, Virginia Woolf, dicía: «Non hai présa, non hai necesidade de brillar; non é necesario ser ninguén salvo unha mesma.» Era Virginia Woolf —non *wolf*— e hoxe tócanos falar do lobo.

No ano 2011 a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente naquel momento, iniciara e contratara o procedemento para o desenvolvemento do Plan de xestión do lobo. Conselleira, 2011, estamos en 2017 e seguimos a esperar.

En Galicia hai lobos, en Galicia hai gando e en Galicia hai danos no gando polos lobos. A Xunta ten o deber de protexer o lobo e de indemnizar os danos. Precisamente por iso este grupo parlamentario leva anos preguntando polo imprescindible Plan de xestión do lobo. Non hai resposta; ímolo facer, ímolo facer.

A última resposta do Goberno, de abril de 2016, daba datos do ano 2014. En Galicia hai máis de noventa mandas reproductoras de lobos —dicían vostedes, en abril de 2016—. Dende entón, nada sobre a continuación do Plan de xestión do lobo, nada de orzamento para o seu desenvolvemento.

No concello de Cotobade-Cerdedo, en Viascón e en Carballedo en concreto, conselleira, o lobo está a causar estragos na cabana caprina e vacúa, especialmente durante o ano pasado e neste ano, moito máis que nos anos anteriores. Segundo a propia Administración autonómica —é dicir, vostedes—, descoñécese se é que en Cotobade-Cerdedo hai novos grupos desprazados doutros territorios, atraídos porque hai unha grande cabana de gando, ou se son exemplares máis voraces ou máis experimentados que en anos anteriores. Descoñécese polo seu lado.

E a situación é tan extrema que ata hai gandeiros que teñen un permiso oficial para facer agardas nocturnas ao lobo, aínda que se trata dun procedemento realmente inusual e realmente extraordinario.

E, mentres, ¿vostedes que fan? Pois vostedes fan, como di o meu compañeiro Abel Losada, pura publicidade e propaganda, maquillaxe e titulares de prensa. Curiosamente, tan pronto saíron, foron saíndo estas noticias na prensa, vostedes xa anunciaron que van revisar o baremo de axudas, despois de que teñan cazado dezasete exemplares na última década.

Tamén polo visto este ano van modificar o Plan de xestión. ¡Caramba, caramba! —diríamos—, porque a realidade é que hai un ano pagaron vostedes as subvencións pendentes de 2014 e de 2015 e agora están a pagar as que quedan de 2016 e están a comezar coas de 2017. Polo visto, tamén nestes titulares de prensa vostedes dicían que hai 400.000 euros para prevención, pero os gandeiros —vese que non lles chega alí nin o 4G nin o 3G— non se enteran e só esgotaron 260.000.

E, entón, as nosas preguntas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formule a pregunta, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Simplemente, presidente, remato nun segundo.

¿Cando van aprobar este Plan de xestión do lobo? Este ano, polo visto, segundo os titulares de prensa, pero gustaríame que nolo dixese.

¿Por que reducen ano a ano as indemnizacións? ¿Canto tardan vostedes de media na tramitación dun procedemento de indemnización polos danos do lobo? ¿Vostedes recoñecen especialmente a incidencia en Cotobade-Cerdedo e van estudar algunha medida de protección especial para esta zona?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Tentarei darlle resposta á única pregunta que fai vostede e que pode formular, porque isto non é unha comisión, é o pleno, nesta intervención na que me toca o turno.

¡Home!, falamos do lobo e, efectivamente, é unha especie que, como sabe vostede, é emblemática na nosa comunidade e que ten especial atención por parte da Administración autonómica. Ademais, é unha especie, como di vostede tamén, declarada de interese comunitario no ano 1992 e que ademais tamén, como especie cinexética que é, non só ten que ter medidas de protección, senón que tamén ten que ter un plan de xestión.

Os estudos a día de hoxe que veñen sendo realizados polos técnicos da Consellería confirman que a presenza do lobo é xeneralizada en todo o noso territorio. En concreto, efectivamente, coincidindo coa información que lle demos no ano 2016, hai noventa mandas reproductoras, das cales catorce son transfronteirizas, e que están distribuídas en practicamente todo o noso territorio, abranguendo dende o 72 % do territorio ata practicamente o 94 % do territorio.

Eses mesmos estudos feitos polos técnicos, non polos políticos, conclúen que as poboacións do lobo, en termos xerais, se manteñen na nosa comunidade nos mesmos termos; é dicir, nos últimos quince anos está practicamente idéntica a poboación de lobos. En concreto, por darlle máis información durante o ano pasado, rexistráronse en Galicia, na nosa comunidade, 820 avisos, con 1.573 reses afectadas.

Este goberno, señora Vilán, está fondamente comprometido coa xestión do lobo, e así o demostran as medidas que tomamos nos últimos anos e que tomaremos nos vindeiros meses. Foi xa no ano 2004 cando comezaron a pagarse as axudas e a compensar os danos producidos por esta especie nas explotacións gandeiras —falo do ano 2004—. Neste marco e dende o ano 2009 destinamos preto de 1,2 millóns de euros para aboar todas —absolutamente todas— as axudas que foron solicitadas e causadas polo lobo, que son 3.500 en concreto.

Foi no ano 2008 —e non no ano 2011, no ano 2008— cando se aproba un Plan de xestión do lobo, que a día de hoxe, señora Vilán —eu creo que hai un erro—, é o que está actualizado. É dicir, no ano 2008 apróbese ese Plan de xestión do lobo, que comeza no ano 2009, que conta con cincuenta e cinco medidas, que ten distintos obxectivos. O primeiro deles, evidentemente, é garantir a viabilidade da especie; e o segundo, compatibilizar a coexistencia desta especie co medio rural, que, ademais, o divide en distintas zonas, zonas que están preparadas para ter medidas de prevención e zonas que están preparadas para ter controis puntuais de poboación.

En definitiva, señora Vilán, eu creo que ten vostede un erro. Non hai ningún anuncio, nin hai sequera hemeroteca suficiente para recordarlle que a Xunta de Galicia anunciara no ano 2011 un novo Plan de xestión do lobo, porque xa hai un que está agora en funcionamento.

O que si que me gustaría é garantir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...que todas as axudas provocadas polo lobo se están a conceder. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Dá igual que lle faga mil preguntas, conselleira, porque vostede responde o que quere e nada do que lle estou a preguntar. Pregunteille cando vai haber un novo Plan de xestión do lobo, e eu non lle dixen que en 2011 houbese un novo Plan de xestión do lobo; hai que ler un pouco mellor as preguntas. O que dixen é que nese ano se iniciaba e contrataba un novo, se iniciaba a tramitación dun novo Plan de xestión do lobo. E si está nas hemerotecas; que vostede non as teña visto a verdade é que non é unha resposta que me poida dar aquí.

Conselleira, voulle poñer un exemplo, porque vostede di que están tremendamente comprometidos e que pagan as axudas, que teñen pagado todas as axudas polas indemnizacións do plan do lobo. *Bien*.

Aquí arriba hai un gandeiro e voulle poñer o exemplo da súa situación. Chámase Roberto, é de Cotobade-Cerdedo, ten unha explotación gandeira e de outubro a febreiro perdeu máis da metade do seu gando polos ataques do lobo. En outubro tiña noventa e unha cabras —algunhas preñadas—, tiña catro cans e tiña un becerro. Agora mesmo ten trinta e oito cabras, dous cans e perdeu o becerro. E mercar unha cabra custa uns 60 euros, vostedes pagan uns 26 euros de indemnización. Hai que sumar os gastos veterinarios. Vostedes pagan un 0,01 dos 26 euros de indemnización. Hai que sumar os desprazamentos para os trámites administrativos, hai que sumar o prezo das chamadas de emerxencia. E, fronte a isto, a media de cobro de indemnizacións é de dous anos. Vostedes non identifican as especies, vostedes non pagan máis as cabras preñadas que as que non o están.

Polo tanto, conselleira, gustaríanos que nos explique se ese compromiso, se ese compromiso que nos está vostede a dicir que, efectivamente, teñen cos gandeiros polos danos do lobo se materializa nestes datos que lle estou dando, que non son datos que invente, que son datos que pode contrastar especificamente cos gandeiros da zona.

¿Canto tardan vostedes en tramitar de media as indemnizacións —unha cousa moi complexa—?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ¿Hai especial incidencia en Cotobade-Cerdedo?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán, grazas.

A señora VILÁN LORENZO: —Un segundo nada máis—.

E ¿que medidas de protección van tomar?

O señor PRESIDENTE: Non, remate, remate xa.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas. Porque, polo de agora, moi efectivas non son.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas.

O primeiro de todo dirixirme directamente a Roberto e dicirlle que lamento profundamente a circunstancia que o ocupa e ratificarlle e informarlle e, por suposto, garantirlle que todas as axudas que ten vostede agora solicitadas, se se comproba que, efectivamente, foron danos provocados polo lobo, serán inmediatamente —e digo inmediatamente— pagadas por esta consellería, tal e como corresponde ao baremo que a día de hoxe está actualmente. E do mesmo xeito que me dirixo a Roberto, diríxome a todos aqueles que a día de agora teñen unha solicitude que está en tramitación.

E volvo ratificar: todas —e digo todas— aquelas axudas solicitadas polos nosos gandeiros que sexan certificadas e acreditadas que foron causadas polo lobo, todas, absolutamente todas, van ser pagadas. A día de hoxe, efectivamente, temos solicitudes, como a de Roberto, pendentes de pago que son do ano 2016 e que están xa mesmo a tramitarse e que se estarán a pagar inmediatamente.

E, por outra banda, non necesitamos un novo Plan de xestión do lobo, o que necesitamos é actualizalo e adaptalo evidentemente ás novas circunstancias, e é o que imos facer neste ano. O primeiro de todo, relativo ás zonas e á zonificación do seu ámbito de aplicación, que nós consideramos que é importante actualizar esas zonas como base último e tendo en conta o base último do censo que temos nas especies.

E, por suposto, xa que vostede falaba de cartos, eu quero tomar, efectivamente, esa referencia da que vostede considera unha inxustiza, porque cre que non están ben pagados. Nós tamén, e por iso imos revisar os baremos. E imos revisar os baremos, pero non unilateralmente. Querémolo facer como se fixo no seu momento, no ano 2004, que é chegando a un consenso e chegando a un acordo, non só cos sindicatos e coa representación dos gandeiros e todas as organizacións agrarias, senón tamén, evidentemente, coa Consellería de Medio Rural.

Niso traballamos e tamén en facer un estudo sobre a eficacia que teñen todas aquelas medidas que a día de hoxe estamos tentando introducir e para o cal destinamos 400.000 euros o ano pasado, precisamente medidas de prevención. Pero sobre esas medidas de prevención queremos saber e ter unha análise polo miúdo de saber que, efectivamente, están a ser efectivas, para poder establecer logo protocolos de actuación harmonizados.

En definitiva, señora Vilán, por moito que se empeñe, este é un traballo especialmente técnico, esta non é unha cuestión de políticos. O que queremos é respostarlles a un problema aos gandeiros. A miña responsabilidade, o meu compromiso é facelo inmediatamente o máis axeitado que hai ao mercado e facer compatible a súa explotación tamén coa preservación desta especie no territorio.

Polo tanto, seguir apostando —eu creo firmemente niso— pola prevención, sacando liñas de axuda para prevención e, por suposto —volvo insistir—, garantindo o que dixen na miña primeira intervención: todos aqueles gandeiros que teñan danos provocados polo lobo e así se acredite terán a súa axuda correspondente, actualmente segundo o baremo que está en vigor e despois, cando se aprrobe o novo baremo de acordo coas organizacións agrarias e sindicais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...co seguinte baremo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, señorías.

As deputadas e deputados do Grupo Popular seguimos agardando as desculpas polas calumnias da señora Santos aos membros do PP de Galicia. *(Aplausos.)*

Conselleira, a mobilidade, no seu sentido máis amplo, é un factor de progreso determinante e ademais un síntoma de modernidade que permite alonxar a desigualdade entre territorios e permite un mellor e máis cómodo acceso aos servizos, así como facer máis modernas e accesibles as cidades, as vilas, as áreas metropolitanas. O fomento do transporte público tamén é unha asignatura dos gobernos, dende calquera administración, co obxectivo de eliminar o exceso de contaminación das estradas e co fin de contribuír á mellora da calidade do ambiente.

Dito isto e logo de recoñecerlle un grande avance coa aprobación e a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano de Galicia, que está a incrementar ademais as cifras de usuarios de transporte público e está a mellorar a calidade de vida das galegas e galegos, a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería que vostede encabeza, ten planificado un ambicioso plan de estacións intermodais nas principais cidades de Galicia.

As estacións intermodais, modernas infraestruturas en lugares accesibles da cidade, permitirán focalizar nun punto común a chegada e a saída de trens e autobuses e facilitarán a combinación do uso de transporte público ferroviario e por estrada; facilitar o uso do transporte público, algo cada vez máis necesario. Polo tanto, convértese xa nun factor imprescindible —repito— para a equidade entre galegos e galegas con independencia do lugar no que residan.

Hoxe traemos a este pleno o caso de Vigo, porque nesa cidade a anulación do Plan xeral de ordenación municipal de 2008, aprobado no seu día por un goberno socialista e do BNG na Xunta de Galicia e un goberno socialista no Concello, puxo en risco esa infraestrutura.

A dilixencia da Xunta de Galicia, a dilixencia deste propio Parlamento, destes deputados, coa aprobación da Lei 2/2016, unha reacción rápida e sensata para non paralizar unha cidade, permitirá que se poida construír esa estación, pese á parálise permanente dun concello que aínda non moveu un papel para redactar un PXOM. Non sabemos se o Concello ten feito neste caso os seus deberes, se cumpriu xa cos trámites necesarios para que a construción da estación intermodal sexa por fin unha realidade.

Dende este grupo ollamos claramente, á marxe do territorio, as diferenzas entre o empeño dalgúns por mellorar a mobilidade e os servizos das áreas metropolitanas de Vigo e doutros lugares e outros que non teñen feitos que os avalen, pero si que teñen moito tempo para criticar, para buscar culpables das súas enormes meteduras de pata, empapadas de soberbia.

Nós temos unha gran preocupación pola supervivencia da estación intermodal de Vigo, tendo en conta que é fundamental a participación das diferentes administracións: o Goberno da Xunta, o Goberno central, Adif, o Concello. Por iso formulo a pregunta, señora conselleira: que-remos saber en que situación se atopa a execución da estación intermodal de Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, pois a Xunta de Galicia está a liderar a impulsar as estacións intermodais en Galicia, ter unhas estacións modernas e adaptadas á chegada da alta velocidade a Galicia. Levamos traballando dende moitísimo tempo para que nun espazo único se poidan intercambiar os diferentes modos de transporte: o autobús e o ferrocarril. Levamos moito tempo traballando, moita xente durante moito tempo. Temos conseguidos os fondos. Nestes momentos estamos a traballar de forma coordinada co Ministerio de Fomento para integrar esas terminais de autobuses nas estacións de ferrocarril das nosas cidades.

Suporá, polo tanto, que as nosas cidades dispoñan dun único espazo onde convivan o tren e o autobús, onde nese único espazo estea a información de todas as liñas e de todas as frecuencias, e tamén queremos contribuír a facer cidade.

No caso concreto de Vigo, polo que pregunta vostede, dende a Xunta de Galicia temos que dicir que levamos traballando sen descanso durante moito tempo. O que queremos é que Vigo teña a primeira estación intermodal de Galicia, e todo isto a pesar das complicacións derivadas da caída e da anulación xudicial do Plan xeral. Estamos a falar dun problema municipal. A caída do Plan xeral é un problema urbanístico municipal e no que a Xunta de Galicia dende logo puxo a solución, puxo a solución coa aprobación da Lei 3/2016, para o impulso dos proxectos de interese xeral e de interese público e de urxencia.

Polo tanto, hai un ano a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo acordamos tramitar esta estación intermodal de Vigo a través desta lei e impulsar esta terminal. E neste aspecto coincidimos nesa reunión o pasado 31 de xaneiro o Ministerio de Fomento e a Xunta en tramitar de forma conxunta este proxecto a través desa lei, unha alternativa áxil e rápida, a única alternativa como consecuencia do Plan xeral, porque outra alternativa sería esperar ao Plan xeral. O 2 de febreiro Adif emitiu a solicitude para o inicio da tramitación. Ese mesmo día solicitáronse os informes á Dirección Xeral de Mobilidade, que foron emitidos e recibidos na secretaría o 6 de febreiro, e o 7 de febreiro remitiuse o proxecto e toda a documentación ao Concello de Vigo.

Polo tanto, máxima celeridade por parte da Xunta de Galicia dende que Adif solicitou o acordo de inicio a través da lei. En catro días trasladamos o proxecto, o expediente, ao Concello de Vigo. Polo tanto, está claro que a intermodal de Vigo está a avanzar grazas á xestión da Xunta de Galicia, que está sendo unha prioridade.

Dende logo, nós estamos a traballar para contribuír a facer cidade tamén en Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas, señora conselleira.

As deputadas e deputados do Grupo Popular seguimos agardando as desculpas polas calumnias da señora Santos aos membros do PP de Galicia.

Señora conselleira, quedanos claro non só polo que expón vostede hoxe aquí, senón tamén polos feitos que observamos a diario na cidade de Vigo, que o seu empeño, o seu traballo por parte da Xunta foi e é constante; unha actitude diametralmente oposta á do alcalde de Vigo, que hoxe mesmo, ademais, decide rachar con todo, porque dixo sen escrúpulos que o Plan de transporte metropolitano de Galicia está desfasado, un Plan de transporte metropolitano que el asinou hai oito meses. Racha coa súa propia palabra o convenio que asinou, racha cos vigueses e coas viguesas, racha coa cidade, xa que Vigo está en desigualdade con respecto a outros concellos de Galicia. Non podemos aforrar co Plan de transporte metropolitano porque el non nolo permite. En Vigo temos un transporte metropolitano de segunda, mentres que noutras áreas non o teñen.

Di que o Plan de transporte non vale, pero di que vai rebaixarlles o billete aos veciños de oito concellos que o apoian. Reunións bilaterais —perdóeme a vehemencia, perdoe, conselleira, pero é que parece impresentable: ¿onde queda o espírito metropolitano?—. Di que só vai ter reunións para falar de transporte cos oito concellos que o apoian —palabras textuais por parte dun gobernante—. Iso de escoitar e atender só os que lle dan palmadas nas costas xa o facía, pero é que agora ten a cara dura de dicilo, verbalizouno formalmente hoxe nunha rolda de prensa; iso sábeno vostedes moi ben, os compañeiros de partido, do PSOE.

Pero o tempo e os feitos son implacables e veremos onde nos vai levar esta extrema e sectaria forma de gobernar, porque se a Xunta está traballando polo transporte metropolitano de Galicia, pola estación intermodal en Vigo e na súa área metropolitana, non son os políticos; o tempo continúa; Vigo e a súa área metropolitana son todas as persoas que a compoñen. Non é a primeira vez que un gran proxecto da Administración autonómica, incluso do Goberno de España, atopa trabas e dificultades por parte da Administración local.

Señora conselleira, terá vostede máis información que nós para explicarnos que está a facer o Concello de Vigo para que a estación intermodal saia adiante, porque imaxino que tamén terá que levar os seus trámites para diante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois son moitos os esforzos que a Xunta de Galicia está a realizar para sacar adiante a estación intermodal de Vigo, un proxecto estratéxico para a cidade, e en só un ano o que fixemos dende a Xunta de Galicia foi unha lei, unha lei exprés, para desbloquear urbanisticamente os proxectos de interese xeral en Galicia, un proxecto da nova terminal de autobuses, o proxecto do centro comercial por parte de Adif. Iniciamos a tramitación conxunta por esta Lei 3/2016 e tamén convocamos, xunto con Adif, xuntanzas técnicas tamén co Concello de Vigo.

Polo tanto, estamos a traballar, e lembremos que é a única alternativa a que puxemos enriba da mesa como consecuencia da caída e da anulación do Plan xeral. Traballamos, polo tanto, nos encaixes entre a nova terminal de autobuses e o futuro centro Vialia. Iniciamos o procedemento administrativo, única alternativa para desbloquear o problema urbanístico que padece hoxe Vigo, e actuamos coa máxima celeridade, máxima celeridade, e agora tócalle ao Concello de Vigo tamén realizar os trámites correspondentes, que lle corresponden dentro das súas competencias, que é a día de hoxe someter a información pública e emitir o informe preceptivo e vinculante do Concello de Vigo sobre este proxecto.

Polo tanto, o certo é que non nos deixa de sorprender de repente, de súpeto, a repentina calma do Concello de Vigo, porque ten pedido celeridade a Adif, Adif tenlle comunicado por escrito e persoalmente ao Concello de Vigo, ao alcalde, que precisa garantías xurídicas, e esa garantía xurídica é que o Concello de Vigo, dentro do expediente, se pronuncie co informe favorable e preceptivo sobre este proxecto, e a demora da información pública vai demorar seguramente, máis ben que demorar dificultar, seguramente, a adxudicación do centro Vialia a finais de marzo.

Porque demos traslado, como dixen na primeira intervención, o 7 de febreiro ao Concello de Vigo do proxecto para que o sometera a información pública e ata o 3 de marzo, polo tanto, practicamente un mes despois, é cando se inicia a información pública do *Boletín Oficial da Provincia*. Dende logo, moito tempo perdido e agora teñen que pasar vinte días hábiles e logo un máximo de dez para que o Concello de Vigo emita ese informe imprescindible para que o proxecto saia adiante. Polo tanto, sitúanos no mes de abril e, polo tanto, o Concello de Vigo dende logo que non foi áxil co procedemento de información pública e agardamos que sexa áxil co informe preceptivo que debe facer. Se o Concello de Vigo, dende logo, ten de verdade interese neste proxecto, debería ter máxima prioridade para a información pública e emitir ese informe que blinde o proxecto.

En canto aos accesos, eu agardo chegar a un acordo. Temos proposto ao alcalde de Vigo unha xuntanza e, polo tanto, agardo colaboración e sumar esforzos para que Vigo teña estación intermodal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para as mulleres que traballaron nas empresas de confección e que están desempregadas na actualidade

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

O grupo Deus está formado por seis sociedades e a actividade deste grupo depende fundamentalmente do traballo por encargo de Massimo Dutti (grupo Inditex), aínda que tamén fan confección propia e traballan para outras firmas do sector aínda que en menor volume. Ocupa unha media de duascentas traballadoras, que na súa inmensa maioría son mulleres do concello de Ordes ou da comarca.

Antes da proposición do ERE ou dos ERE, xa había atrasos preocupantes nos pagos salariais; o persoal hai días que cobrou o salario de xaneiro de 2016, cun ano de atraso, e faltan por cobrar febreiro de 2016, decembro de 2016 e a paga extra de 2016 máis os salarios de xaneiro e febreiro deste ano. É dicir, o grupo Deus, a día de hoxe, xa ten unha débeda salarial superior ao montante que aboará o Fogasa, que é a onde con seguridade terán que recorrer para cobrar cinco mensualidades de salarios e a indemnización equivalente a vinte días/ano ata un máximo dunha anualidade.

Por outro lado, os últimos datos económicos dan unha débeda total do grupo de empresas que supera os oito millóns de euros. E, por último, pesa a decisión —lóxica— de Massimo Dutti de prescindir dos seus servizos como consecuencia de ter esta firma téxtil que asumir o pago das cotas da Seguridade Social das traballadoras que non pagou o empresario á fronte do grupo Deus.

Son en realidade tres ERE, que suman 107 extincións de contratos —eufemismo de despedidos— e 72 reducións de xornada. Estamos a falar de 107 hoxe traballadoras vítimas da rapina empresarial, neste caso tinguida de paternalismo explotador. Repítese tristemente a historia no pobo e comarca de Ordes e, despois da desfeita da téxtil Viriato, vén a desfeita da téxtil Deus. Unha vez máis, unha maltratada plantilla acaba sendo vítima de irresponsable xestión dos que están á fronte dalgunhas destas empresas.

O persoal de Viriato está no desemprego desde o 11 de xaneiro, mais a día de hoxe seguen sen ter as contas saldadas e aínda non cobraron a súa indemnización, que polo de agora —e todo se andará— aínda non eliminou a reforma laboral. Peor sorte, sen dúbida, corren as traballadoras e traballadores despedidos no ERE de Viriato executado en agosto de 2015, pois, xa a piques de rematar a prestación por desemprego, seguen sen cobrar a indemnización legal que figura no acordo asinado por Comisións Obreiras.

A pregunta é sinxela: ¿ten pensado ou ten intención de poñer en marcha algún plan de reactivación de emprego na comarca de Ordes para estes centenaes de mulleres na súa maioría que deixaron a pel durante anos na confección e hoxe están desempregadas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, grazas pola súa intervención. Efectivamente, o Goberno galego comparte a súa preocupación polas traballadoras do grupo Deus e por iso temos fixada xa unha xuntanza para mañá xoves co propio comité de empresa, unha xuntanza que, como vostede saberá, está precedida por outra que tivo lugar o pasado 1 de marzo na Xefatura Territorial da Coruña.

Polo tanto, este goberno está seguindo coa máxima intensidade, coa máxima cercanía coas traballadoras, a situación que están a atravesar, e, polo tanto, a nosa máxima sensibilidade para atender as necesidades que poidan ter as traballadoras, sobre todo na propia tramitación do expediente de regulación de emprego, no ERE, que, como sabe vostede, a responsabilidade da autoridade laboral, neste caso da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é vixiar que a súa tramitación sexa de acordo co que establece a norma.

E, precisamente, por este motivo e como autoridade laboral, xa temos remitido un escrito á empresa para que emende as carencias na documentación do expediente, porque entendemos que loxicamente o expediente, independentemente da súa tramitación, ten que corresponderse segundo a normativa, e, polo tanto, a autoridade laboral está dende o primeiro momento colaborando coas traballadoras.

E, dende logo, ao mesmo tempo seguiremos velando porque todos os dereitos laborais, absolutamente todos, non só das traballadoras do grupo Deus senón tamén das traballadoras da empresa Viriato, se poidan garantir e, polo tanto, en todo momento estean protexidos non só pola lei senón tamén polo seguimento e pola atención da autoridade laboral. Facémolo con todas as empresas, facémolo con todos os traballadores. É a nosa obriga e, por suposto, é a nosa principal ocupación traballar por esta situación.

É certo que a situación do sector téxtil na comarca de Ordes atravesa por unha dificultade máxima, pola situación tanto do grupo Deus como pola situación de Viriato, e loxicamente dende o Goberno seguiremos non só a tramitación do expediente de regulación de emprego, senón que tamén intentaremos identificar diferentes alternativas e diferentes iniciativas que poidan mellorar a empregabilidade, que poidan traballar para favorecer a inserción laboral de todas estas traballadoras e en xeral de todos os traballadores que nestes momentos están buscando un emprego no concello de Ordes, e polo tanto as políticas activas de emprego intentaremos que dean resposta a esta situación tan difícil na comarca de Ordes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

A nós parécenos ben que teñan eses diagnósticos, que se reúnan, etc., etc., pero con Viriato temos constancia de que se meteron moitos cartos sen avaliar a onde ían, como ían e en que condicións ían, e o resultado viuse aí. En 2004 metéronse dous ou tres millóns do Igape, e sucesivamente fóronse engordando as arcas dos empresarios normalmente; agora toca protexer os traballadores, e a nós parécenos que sería lóxico que se andase non coa mesma celeridade, senón con moita máis celeridade e eficiencia. Porque en comisión respondéusenos que non se facía seguimento destas axudas que se facían ás empresas cando estaban con problemas, non se facía o seguimento debido e que ademais non importaba. Isto foi o que saquei, e desde logo pódese ver.

Sería ben que tomasen isto en serio, porque estamos a falar de catrocentas ou cincocentas mulleres, que moitas veces é o único salario que entra na familia nesta época de crise —da que non damos saído, a pesar do que vostedes digan—, e sería ben que tomasen en serio a comarca de Ordes, porque na comarca de Ordes, con este plan e con estes ERE e con este declive do corte e confección, o que estamos facendo é carne de emigración. E non é lóxico nin é xusto. E, ademais, estoulle a falar de zonas rurais boiantes, e onde estas traballadoras —e os que vivimos hai trinta e pico de anos alí sabémolo— deixaron a pel e a espalda amarradas a unha máquina, e iso vale cartos e vale interese por parte do Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, loxicamente este goberno está atendendo a situación que están a atravesar as traballadoras tanto do grupo Deus como de Viriato. Entendemos que é unha situación de enorme dificultade, como calquera dos expedientes de regulación de emprego que se teñen que abordar en Galicia, polo menos coa mesma intensidade, e nós nese sentido temos non só a máxima sensibilidade senón a máxima ocupación para poder dar unha resposta acorde coas posibilidades que ten o Goberno.

Fálame vostede de Viriato. Eu quero aclarar moi ben todo o que vostede vén de dicir, en primeiro lugar porque o Goberno fai un seguimento puntual de todas as axudas e de todo a financiamento que outorga ás diferentes empresas. Téñolle que aclarar dúas cousas. No caso de Viriato, cando vostede fala dun aval do Igape, ese aval xa foi cancelado e substituíuse por un financiamento, non por unha axuda, un financiamento que ten garantía —e polo tanto exerceuse con toda a responsabilidade por parte do Goberno—, dun millón de euros, que foi o préstamo que se lle concedeu a Viriato. Ningún tipo de axuda a fondo perdido, un millón

de euros de financiamento, que é o risco que ten neste momento da Xunta de Galicia, que, ademais, ten garantía.

Polo tanto, creo que a responsabilidade do Goberno en canto ás concesións neste caso de financiamento a Viriato é máxima, e loxicamente ese financiamento outórgaselle a Viriato para intentar axudar a empresa a que teña viabilidade, que esa tamén é a responsabilidade do Goberno. A termo, lamentablemente, esa inxección dun millón de euros non foi suficiente e Viriato nestes momentos ten unha situación de enorme dificultade, con ese ERE extintivo. Pero, loxicamente, o que si lle traslado é que o risco que ten a Xunta de Galicia é dun millón de euros, que ese millón de euros é financiamento e non axuda a fondo perdido, que se lle inxectou para que Viriato puidera ter viabilidade, e que está garantido.

Creo que coa máxima responsabilidade atendemos tamén as necesidades das empresas para poder darlles unha oportunidade e que poidan ter viabilidade.

No caso do grupo Deus, coñece que non recibiu ningún tipo de axuda nesta lexislatura por parte do Goberno, e polo tanto nese caso non teño que aclararlle ningún aspecto.

Pero o que si lle traslado, e sobre todo lles traslado ás traballadoras, é que nós imos seguir con toda intensidade ese expediente de regulación de emprego. A Xunta de Galicia vai garantir o cumprimento da normativa. Vai traballar, xunto coa Inspección de Traballo, polo tanto, para que as traballadoras poidan alcanzar un acordo satisfactorio, e nese sentido as traballadoras deben de saber que a Xunta de Galicia en todo momento estará con elas e sobre todo tamén, de cara ao futuro, poder identificar alternativas para mellorar a súa empregabilidade e tamén favorecer a súa inserción laboral de cara ao futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a actividade levada a cabo no eido dos transplantes en Galicia no ano 2016

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas.

As deputadas e deputados do Grupo Popular seguimos esperando as desculpas da señora Santos, polas calumnias vertidas cara aos membros do Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*)

Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, na anterior sesión plenaria, tanto durante a súa comparecencia como durante as preguntas ao presidente, tivemos que escoitar das bancadas da oposición afirmacións sobre o Sistema galego de saúde como as que lle vou referir: que non se está a garantir o dereito á saúde en Galicia, que a sanidade pública morre de abandono e mesmo que hai

ordes de denegar tratamentos como consecuencia de recortes, e que hai persoas que morren por culpa dos recortes.

Ante este tipo de afirmacións, resulta rechamante coñecer que en España, que é un país líder mundial de transplantes realizados, un non entende como, nun país no que hai unha importante comunidade na que supostamente a sanidade está abandonada, a saúde non está garantida e que se poidan alcanzar estes récords.

E, non obstante, xa sabemos, polos datos non do 2016, que agora nos comentará, senón polos que temos do 2015, que, por exemplo, o CHUAC, hospital da Coruña pertencente ao Sergas, foi o centro hospitalario español que máis transplantes efectuou en todo o Estado.

Polo tanto, non só é que o resultado estatal non se vexa lastrado por esa supostamente terrífica sanidade pública que temos en Galicia, senón que a sanidade pública galega está á vangarda neste éxito do Sistema nacional de saúde.

Isto é un éxito colectivo de Galicia, non do Partido Popular. Obviamente, sería ridículo vir aquí dicir que os centos de persoas transplantados en Galicia viven grazas ao Goberno do Partido Popular. Pero tan ridículo como isto é dicir, como fan outros cada vez que se produce un falecemento no Sistema público de saúde, que esa morte é consecuencia directa do Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Realmente é moi difícil soste que se denegan tratamentos e se recortan servizos para aforrar algúns miles de euros, cando ao mesmo tempo se ten un centro líder de transplantes, como, por exemplo, de corazón, que supón un investimento medio de 100.000 euros por paciente.

Polo tanto, dende o Partido Popular de Galicia, queremos, respecto da nosa sanidade pública, que algúns grupos tanto desprezan...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ..., saber cal é a posición e se xa nos pode dicir que posición ocupa a sanidade pública de Galicia dentro da sanidade de España.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

Señora Amigo, está claro que temos unha moi boa sanidade, unha boa sanidade en Galicia e en España, e desde logo está claro que os transplantes son un indicativo claro do que signi-

fica dentro do mundo occidental a sanidade española, e loxicamente, como dicía antes, tamén a nivel de Galicia.

Falar de recortes no ámbito sanitario creo que non é acertado, e creo que deberíamos defender entre todos o Sistema público galego, porque é o servizo máis importante, que toda a poboación coñece e valora adecuadamente. Por iso creo que desde logo Galicia está á vanguardia no que é o transplante no conxunto do mundo, e dende logo España non está nos primeiros postos.

Realizou o Servizo Galego de Saúde nos centros acreditados no 2016 un total de 299 transplantes de órganos, sendo o terceiro ano de maior actividade desde que se iniciou a nosa Comunidade. Do total de transplantes, 135 foron de ril, cun importante peso do transplante de ril de doador vivo, o que fixeron un total de 28, un 20,7 % do total do transplante de ril en Galicia; é un avance moi, moi importante. Ademais do transplante de ril, realizáronse 91 de fígado, 5 de páncreas, 29 de corazón e 39 de pulmón.

É de destacar que durante o 2016 o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña realizou un total de 235 transplantes de órganos; 29 destes transplantes foron de corazón, o que sitúa o centro como o hospital de España con máis operacións deste tipo, igualado coa Fe, de Valencia.

O CHUAC, en transplante cardíaco, ostenta desde hai anos o récord a nivel estatal de realizar 46 intervencións deste tipo en doce meses, e coincidiu coa celebración do XXV aniversario do primeiro transplante de corazón que se practicou no centro, en 1991.

A verdade é que, dentro destes vinte e cinco anos de transferencia, os transplantes son un dos principais índices que indica a evolución que tivo o Sistema sanitario galego. Partiamos dunha posición moi inferior a outras comunidades autónomas, e nestes vinte e cinco anos naceron hospitais tan importantes a nivel de servizo de transplantes como o CHUAC, da Coruña, ou tamén o Clínico, de Santiago.

É un dato tamén de interese que dende o 2001 se realizaron un total de 248 transplantes de ril de doador vivo. Ademais, as taxas de doazón de corazón, fígado, pulmón e páncreas están por riba da media nacional.

Desde que se realizou o primeiro transplante, no ano 1981, ata o 31 de decembro do 2016...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...xa se levan feitos en Galicia un total de 7.245 transplantes de órganos. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro.

Creo que estes datos falan por si mesmos e contestan sobradamente algunhas afirmacións sobre recortes e sobre falta de medios que se escoitan a cotío neste hemiciclo cando se fala de sanidade. Estes datos que vostede dá, señor conselleiro, parece que a algúns lles molesta escoitalos; é difícil comprender por que, xa que son un éxito do noso sistema público de saúde, da nosa sociedade e dos nosos profesionais.

Dende logo, nós non imos facer como algunha deputada nacional de Podemos, que argumentou que a sanidade española era líder en transplantes porque había moitas mortes de xente moza en accidentes de tráfico. Tivo que saír o presidente da Organización Nacional de Transplantes a puntualizar que este perfil era menos do 5 % dos doantes españois e a resumir as palabras da señora Bescansa cun contundente *<<es difícil decir más inexactitudes en menos tiempo>>*.

Esa é a seriedade dalgúns ao falar da sanidade pública. Nós sabemos cal é a verdadeira causa que está detrás destes datos, e non é outra que o bo facer do persoal sanitario, un sistema eficaz de coordinadores de transplantes e a xenerosidade da sociedade galega e dos seus doantes. E tendo isto claro, simplemente constatamos que a Xunta de Galicia non escatima un euro para dotar de medios e de recursos eses profesionais que salvan centos de vida ao ano neste país. *(Aplausos.)*

Finalizo xa falando do verdadeiramente importante. Queríamos pedirlle ao conselleiro que nos detallara precisamente cal é a situación actual da doazón de órganos no noso país, como evoluciona o número de doentes e cales son as actividades de concienciación que ten previstas a Consellería para convencer máis xente de que, se eles queren, o Sergas estará preparado para que os seus órganos salven vidas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Peche do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

A verdade é que, nos datos, falamos moitas veces dos órganos sólidos, pero tamén queríamos falar da medula ósea. Galicia situouse no ano 2016 como cuarta comunidade autónoma con maior crecemento en número de doadores rexistrados, acadando unha cifra total de 7.854. Deles, 2.272 rexistráronse como doadores de medula no transcurso deste 2016. Galicia incrementou deste xeito o 41 % o número de doadores.

O número de doadores de órganos cadáver en Galicia situouse en 106; 52 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 7 na de Ourense e 34 na de Pontevedra. Con este dato, Galicia rexistra o segundo mellor ano en número de doadores nun exercicio, o que supón unha taxa de 39,1 doadores por millón de habitantes. É dicir, confirmando o que dicía a señora deputada, a idade media neste momento nos doadores de órganos é 61,5. E, a diferenza do que ocorría hai bastantes anos, a maioría —o 68 %— é por accidentes cerebrovasculares, ligados, como

falamos, ao envellecemento da poboación. É importante porque, evidentemente, falamos de tipos distintos de doantes, de distintas características, pero que demostraron que a efectividade tamén é moi boa, e así continuamos a facela.

ADOS, a axencia de doantes, neste 2016 conseguiu 3.000 novas tarxetas de doadores; co cal, neste momento, temos 103.505 persoas que teñen tarxeta de doador. É dicir, que están preparados, que xa en vida dixeron que queren ser doantes de órganos.

A información e concienciación dos máis novos para fomentar a doazón é unha das principais liñas de traballo. Por iso, dende a coordinación de transplantes de Galicia, realizamos unhas cen charlas para escolares no curso académico 2015-2016, nun total de 76 centros educativos de 40 concellos, nas que participaron un total de 4.424 escolares.

Ademais, convocouse no pasado curso o primeiro concurso universitario de curtametraxes, ao que se presentaron un total de 10 traballos, procedentes de 4 centros universitarios. No ámbito da escola, convocouse tamén o quinto concurso de debuxo e lemas para escolares relacionados coa doazón e transplantes, no que participaron 323 alumnos de 16 centros procedentes de 13 concellos. Así mesmo, desenvolveuse o Plan Proxecta, educando en valores, que abrangue a 15 centros con 958 escolares e 57 profesores.

Non quero rematar sen recordar a transcendencia e importancia do acto da doazón, e agradecer a todas as persoas que o fan a súa xenerosidade, así como aos profesionais que fan posible estes resultados. Temos que recordar que neste momento a prioridade non é unha prioridade por comunidade autónoma, senón por necesidade asistencial, co cal temos a solidariedade de calquera español ante os galegos.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación do proceso de ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Ben, é mércores 8 de marzo, xa pasadas as 6 da tarde, e os deputados e deputadas do Grupo Popular seguimos a agardar pola desculpas ante as calumnias vertidas pola deputada dona Carmen Santos contra todos os membros do Partido Popular chamándonos asasinados de mulleres. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, moi boas tardes. O Hospital de Montecelo foi construído nos anos setenta. Dende os anos setenta ten pasado por diversos episodios de ampliación e de melloras. Pero é verdade que recentemente, o pasado mes de xullo do ano pasado, se chegou a un acordo, a un convenio asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra para facer

un novo hospital que, conectado co actual Hospital de Montecelo, permitirá facer unha gran ampliación e un novo hospital, que xa se está a chamar «Gran Montecelo». Boa noticia para Pontevedra, boa noticia para toda a área sanitaria de Pontevedra. E dende entón téñense producido certos avances, dos que tivemos coñecemento. Pero queremos ter coñecemento de cales son os avances que se produciron en concreto, se hai algunha novidade para cumprir este convenio de cara a facer esta gran infraestrutura, tan necesaria para Pontevedra, tan necesaria para toda a comarca, e que en verdade non ten nada que ver con aquela famosa ampliación da que se falara no tempo do Bipartito, posto que aquela ampliación —como xa dixo vostede na súa interpelación— era practicamente irrealizable, non era funcional e ía supoñer grandes problemas na súa execución posto que tiña que convivir cun hospital en marcha, cun hospital en funcionamento.

Polo tanto, queremos felicitalo por esa sinatura do convenio. E queremos saber e coñecer en detalle cales son as novidades e os fitos xa avanzados para cumprir este convenio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Deputados.

Moitas grazas, señor deputado. A verdade é que si é un día importante, no que estamos dando unha noticia que creo que vai marcar a sanidade da área de Pontevedra para os próximos trinta ou corenta anos. Pero quero partir dunha base, porque estamos sempre falando do mal que está Pontevedra no aspecto do que é o equipamento hospitalario. Pero si hai que dicir que a situación asistencial é boa nestes momentos, e, pese a todo, nós cremos que debemos pensar na próxima xeración, nestes próximos trinta ou corenta anos.

Hai que recordar que na actividade cirúrxica, o tempo medio de espera está en 38,2 días, por debaixo da media do Sergas, que é unha das máis baixas a nivel nacional, que son 67 días. En Pontevedra, 38,2. Hai 23.282 ingresos, 19.000 intervencións —52 por día—, máis de 450.000 consultas —máis de 1.800 por día—. A referencia é moi importante tamén no funcionamento das vías rápidas na atención ao cancro de mama, colorrectal, melanoma, de pulmón, de vexiga, de próstata, de otorrinolaringoloxía, que permitiron atender ao longo de 2016 —esas vías rápidas— 1.668 pacientes con sospeita de padecer estas patoloxías nun prazo inferior a catro días. En atención primaria, pois temos máis de 2.800.000 consultas en atención primaria; 192.994 urxentes, case 193.000, nos PAC da área.

Por outra parte, renovamos a alta tecnoloxía no segundo semestre deste ano 2017, e está prevista a instalación dunha sala adicional de resonancia magnética de banda avanzada no Hospital Montecelo. Tamén no Salnés neste momento estamos finalizando a ampliación, que estará finalizada no mes de xuño.

Queremos dicir que a área de Pontevedra está sendo ben tratada, estamos tratando de mellorar non só o Gran Montecelo, senón tamén os centros de saúde, a primaria e tamén o Hospital do Salnés. Dígolle que no Gran Montecelo para min o máis importante é que aceptamos todos unha solución cun gran acordo, no que vostede precisamente foi unha das persoas que tamén contribuíu a el. Cremos que é un gran proxecto, porque é o maior consenso profesional, social e político. Imos aproveitar tamén o que é a infraestrutura actual do Hospital Montecelo, que foi reformada en varias ocasións. E, tal como está deseñada a obra do novo centro, non interferirá na actividade asistencial. É moi importante nunha obra que poidamos seguir traballando pese a realizar as obras.

Vai haber unha única porta de urxencias, un dos grandes problemas que temos neste momento ao ter o hospital provincial e tamén arriba. E tamén os profesionais van estar concentrados nun único edificio. E vai haber menos expropiacións e casas afectadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Hai outro turno despois.

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica do señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moitas grazas, señor conselleiro.

Ben, estamos satisfeitos de como funciona a sanidade en Pontevedra. Eu quería trasladarlle unha reflexión que me fixo o outro día un coñecido que tiña un familiar ingresado no Hospital Montecelo. Pregunteille que tal se atopaba o familiar, e o que me transmitiu e me dixó foi: «Jacobo, se tes oportunidade de falar co conselleiro, transmítelle que temos que estar moi orgullosos da sanidade que temos». *(Aplausos.) (Murmurios.)* Esa é a reflexión de todos os usuarios que coñecen, por desgraza, as instalacións hospitalarias de Pontevedra. Por suposto que esas críticas que hai, malévolas e malintencionadas, contra a sanidade, creo que se veñen abaixo cando unha persoa ten que visitar un hospital e ver non soamente os medios que hai, que se poden mellorar sen dúbida ningunha, senón, sobre todo, o capital humano e o bo trato do persoal da sanidade. Polo tanto, eu cumpro con ese compromiso, señor conselleiro, e transmítolle esa felicitación dun cidadán, como a doutros cidadáns máis que nos transmiten diariamente a súa satisfacción polo ben que funciona a sanidade.

Polo tanto, o que esperamos é que se siga mellorando, que se siga avanzando co complexo hospitalario de Pontevedra, co Gran Montecelo, e que sigamos tendo unha sanidade de primeira, que sigamos mellorando entre todos algo que é patrimonio de todos e beneficioso para todos os veciños de Pontevedra e de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Estou totalmente de acordo con vostede (*Risos.*) (*Aplausos.*). Evidentemente, temos unha magnífica sanidade. Bueno, consigo o aplauso da oposición, e iso tamén está ben. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero creo que a oposición se equivoca se non pon en valor algo que é de todos. Porque non queremos facer bandeira disto, é un servizo público de todos. E cando un viaxa dáse conta de que a sanidade galega está por riba da media española. E non falemos do nivel europeo, onde a accesibilidade é limitada. Temos un gran servizo de saúde, que podemos mellorar, e para iso estamos todos, creo que si. Pero eu creo que a oposición debería de apoiar todas as posibles melloras.

Hoxe está claro. Estamos falando dunha gran mellora da área de Pontevedra. Pero non o dicimos nós, dino todos. Diciámolo antes: o consenso é total. No Concello de Pontevedra, no que hai unha gran variabilidade —e temos unha boa mostra do que son hoxe os grupos en Galicia e sobre todo a nivel español—, todos están de acordo co que se decidiu. É un bo sinal, ¿por que non imos aplaudir iso? Creo que hai que aplaudilo.

Porque, ademais, o que é o Gran Montecelo vai mellorar evidentemente o servizo sanitario, pero tamén vai mellorar a accesibilidade. Temos ese acordo, co convenio firmado co Concello de Pontevedra, onde hai vías novas, hai unha nova urbanización, vai haber máis zonas de aparcamento. E, despois, estamos definíndoo cos profesionais, coas asociacións de veciños e con veciños particulares —que poden por primeira vez, nun plan de espazos e nun plan funcional, intervir e dar as súas propostas, que van incorporar a través dunha páxina web e tamén presencial cunhas urnas que van ter á disposición para dicir o que eles cren—. De feito, en Pontevedra, o Hospital Montecelo é o primeiro de España que ten o que é un servizo para os pacientes osteomizados. E temos moitas posibilidades de mellora porque temos colectivos nesa área moi activos que queren mellorar as condicións, e, polo tanto, van ir incorporados, como digo. Non hai plan funcional nin de espazos en España que estea contando con eles.

E tamén, a continuación e sen perder un minuto, imos facer ese plan sectorial, onde vai ir a expropiación, pero onde vai ir o plan de impacto medioambiental e o proxecto de execución, tratando de acurtar todo o tempo posible para poder contar canto antes con todo iso.

Por iso creo que debemos felicitarlos todos —non o Partido Popular, creo que o Parlamento— de que a área de Pontevedra por fin se defina. E culpables pode haber moitos, pero o importante para min é que neste momento temos xa un proxecto en marcha, cunha posición favorable de todos. E desde logo imos seguir traballando para acurtar eses tempos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a garantía do cumprimento de todos os requisitos legais no concurso da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa garde de novo, señor conselleiro.

Recentemente fíxose público, ao levantarse o segredo, que o Xulgado de Instrución Número 2 de Santiago de Compostela está levando a cabo unha investigación sobre a adxudicación do concurso do 061 en 2014. Existen elevados indicios da existencia de prevaricación, tráfico de influencias e información privilexiada nun concurso onde se adxudicou un importe de 121 millóns de euros, seis dos lotes, a unha empresa, Ambuibérica, con sede en Valladolid, empresa presidida por un ex-alcalde e ex-deputado do Partido Popular, Carlos Magdaleno; Esta empresa estase facendo coa maioría do transporte sanitario das comunidades autónomas, abaratando os custos a custa da precariedade, algo que se ten denunciado en múltiples ocasións; unha empresa que mercou Ambulancias del Atlántico xusto uns meses antes de que se adxudicase o concurso, algo sumamente sospeitoso e que, segundo a investigación, podería coñecer previamente información privilexiada. Segundo o informe da policía xudicial, os adxudicatarios poderían ter recibido a información sobre as características que tiñan que ter as ambulancias, adaptando a frota de vehículos nun tempo récord. Tiñan xa os vehículos mercados e matriculados, e mesmo rotulados, antes de que se resolvese a concesión.

De confirmarse —o cal é bastante probable, aínda que non o sabemos, debido aos elevados indicios—, constituiría un caso de corrupción gravísimo, co beneficio dun empresario do Partido Popular; un insulto, cando se teñen denunciado as condicións laborais do 061, cando, ademais, recentemente na Comisión de Sanidade o Partido Popular votou en contra de implementar máis recursos, máis ambulancias asistenciais e ambulancias medicalizadas e, ademais, un insulto cando vostedes están nunha situación na que pretenden trasladar a base do 061 á Estrada, a decenas de quilómetros do lugar de residencia das persoas que teñen que traballar alí, facéndoo sen negociación, obrigando as persoas traballadoras a pagar do seu peto os desprazamentos, tanto do 061 coma do 112. Que, por certo, conseguiron que se retrasase ese traslado —aínda que no caso do 112 sexa, tememos, por pouco tempo— coas súas protestas; traslado a un edificio megalómano, cun sistema informático que non está preparado e cunha forma de proceder que pon en perigo a saúde de galegas e galegos e, obviamente, a nosa seguridade.

Nós consideramos que, finalmente, pagan os de sempre, as traballadoras, as persoas vulnerables, e gañan os de sempre, os empresarios, os grandes empresarios. Neste caso, se finalmente se confirma con sentenza, gañarán tendo, ademais, carné do Partido Popular.

Señor Almuíña —e remato xa— queremos que nos despexe dúbidas e que nos diga se vostede vai poñer tamén a man no lume neste caso, nesta investigación, e se pode a Xunta de Galicia

estar en disposición de garantir que o concurso que está baixo investigación xudicial foi realizado cumprindo con todos os requisitos legais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que o fai bastante ben. Une unha noticia por un lado, outra por outro, e ademais cunha argumentación moi boa para unha película. A verdade é que é unha argumentación moi boa. Pero eu creo que estamos na realidade, e aquí hai que facer o que son feitos, falar de feitos, e incluso a nivel xudicial —moi ben o di o señor xuíz en excedencia—.

Mire, na pregunta di vostede: ¿está en disposición de garantir que o concurso que está baixo investigación xudicial foi realizado cumprindo todos os requisitos legais? Dígoo nunha palabra: absolutamente, absolutamente. A resposta é fácil nese sentido.

O proceso de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, levado a cabo polo órgano de contratación da fundación pública Urgencias Sanitarias 061 loxicamente está de acordo e en conformidade coa Lei de contratos do sector público. Nós non podemos alterar a lei, imos segundo a lei.

Ata este momento, as resolucións de 11 recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, —foron 11 recursos— foron favorables á fundación pública. Este tribunal confirmou que se garantían os principios de igualdade, libre concorrència e non discriminación, con base nos requirimentos exixidos nos pregos, nos que se lles outorgaba ás empresas adxudicatarias un prazo de seis meses para adaptar as ambulancias ao requirido e así poder presentarse sen dispor dos vehículos no momento de licitación. Iso que vostede dixo, e que tamén outra compañeira doutro partido nalgunha ocasión tamén dixo sobre que o sabían porque tiñan todo rotulado, iso non dá puntos. En seis meses téñenos que ter preparados.

Ante o Xulgado do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia presentáronse tres demandas, unha delas por Ambulancias do Nordés, S.L. e Ambulancias Juan Rodríguez e Hijos, S.L., empresa licitadora ao lote 12 do concurso de transporte sanitario urxente terrestre, non resultando adxudicataria do mesmo, con sentenza favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que foi ditada en febreiro de 2017, hai uns días. As outras dúas demandas foron interpostas pola UTE Ambulancias Dorado, Transporte Sanitario Gallego, empresa que se presentou ao lote número 8 do concurso de transporte sanitario urxente terrestre, non resultando adxudicataria do mesmo ao ser excluída pola mesa de contratación do expediente por incumprir o requirido nos pregos ao incluír o sobre «b» información que permitía coñecer criterios de valoración automática no sobre «c». Co cal, como todo o mundo sabe, cando se confunde e se mete un sobre onde non é, queda excluída automaticamente.

A raíz desta exclusión presentáronse dúas demandas no Xulgado do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Fundación Pública Urgencias Sanitarias ten coñecemento oficial das dilixencias previas do procedemento abreviado polo requiri-

mento a esta fundación, con data de entrada do 5 de decembro de 2016, dos datos das persoas de contacto das empresas adxudicatarias, así como dos pregos de prescricións técnicas do contrato actual de servizo de transporte sanitario...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Un momentinho porque, se non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, dígoo porque, se queren, explícoo; se non, non o explico.

O señor PRESIDENTE: Concrete ese asunto, porque ten a súa importancia.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, si, ten importancia, ten.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Este procedemento séguese por instancia da mesma empresa que presentou dous recursos ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e dous recursos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non vai ben ese micrófono, xa antes non se escoitaba demasiado ben.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Ben, pois móvome, é que o meu escano é este.

O señor PRESIDENTE: Estame dicindo o letrado que o seu escano é o do lado.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Non.

O señor PRESIDENTE: A ver.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Non, estou no meu escano. Voume mover, pero este é o escano do meu compañeiro. Dá igual, non pasa nada. É este o que está posto, non pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Pois veña.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, agarrareime —e agardarei á sentenza— ás súas palabras, porque son as segundas. Xa o fixo tamén no caso da hepatitis C, precisamente defendendo a quen está sendo investigado. Pero eu, cando nós facemos a pregunta relativa ás condicións legais, non pido que me explique os procesos administrativos segundo

a lei de contratos. O que di a causa —que, por certo, non é recente, senón que leva dezaoto meses de investigación— é que os adxudicatarios poderían ter recibido información sobre as características que debían ter as ambulancias. Non o di esta portavoz, e non o di a portavoz de ningún outro grupo, limitámonos a trasladar a información que transcendeu despois de que se levantase o segredo.

Obviamente, aínda non hai sentenza. Pero hai uns indicios moi elevados e por iso precisamente facemos a pregunta. Porque estamos falando de que se están poñendo unhas condicións para os concursos que, como xa se ten denunciado, implican que só as grandes empresas —como é no caso desta— poidan acceder a este tipo de concursos, quedando fóra todas as pequenas empresas do país ou, na peor das sortes, sendo absorbidas —como aconteceu e como acabo de trasladarlle— só uns meses antes, curiosamente nunha zona que despois obtivo a adxudicación no ano 2014.

Polo tanto, señor Almuíña, independentemente de agardar o resultado da investigación, dende En Marea trasladámoslle que non comprendemos como vostedes o amparan e xustifican, aínda con estes indicios. E non hai ningún outro tipo de explicación. E, ademais, cando son as traballadoras as que teñen que sufrir, precisamente, os recortes derivados de adxudicar á baixa con esas contías e coas condicións dos pregos de condicións este tipo de concursos; que sofren, ademais —como xa lle trasladarei e debateremos seguramente moi pronto nesta Cámara—, tamén as consecuencias da falta de negociación e da precariedade que supón tamén neste caso o traslado da central do 061. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Turno de peche do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Mire, por moito que repita, vostede si que non ten datos concretos. Vostede fala de suposicións, de se alguén do Partido Popular... Isto sóltao así, sen dicir nada, porque aquí non ten que dar resposta a outras cousas.

O que lle digo é que a investigación xudicial non está centrada en se puido existir prevaricación, soamente se presenta contra un traballador concreto, en exclusiva, da fundación, e por tráfico de influencias. En ningún momento o 061 foi requirido como investigado, o 061, do que me pregunta vostede.

Mire, xa o comentei, nos diferentes recursos —gañados en todos os casos pola Fundación 061— non existiu durante o proceso ningunha irregularidade. Un dos recursos formulados referiuse a que os pregos de contratación favorecían as empresas galegas, o que resulta contradictorio co que din desde o Grupo Parlamentario En Marea, que din todo o contrario. Pero, ademais, non se pode falar de trato de favor a unha empresa que resultou adxudicataria da maioría dos lotes. De 14 lotes que había neste concurso, a empresa que obtivo máis obtivo 3; e nalgún caso despois da compra da anterior adxudicataria. Este factor non pode ser previsto pola Administración, que nunca intervéñ nas relacións particulares entre empresas privadas.

Chama a atención dos seus comentarios a falta de información sobre este particular. Por exemplo, nas provincias de Lugo e Ourense todas as empresas adjudicatarias foron galegas. En canto ao da información privilexiada non ten ningún sentido esta afirmación, xa que dispoñer dos vehículos antes do concurso non representaba vantaxe ningunha, como comentei anteriormente. Terían que telos nos seguintes seis meses da adjudicación do contrato. Os vehículos adaptaríanse á norma UNE, incluída no Decreto 836/212, e ao Decreto do transporte galego, que marca como deben ser as ambulancias de tipo B e C, as incluídas no concurso. As mínimas modificacións introducidas nos pregos tiveron que ser realizadas nos vehículos existentes, xa que non foron coñecidas ata a publicación dos mesmos.

En conclusión, o proceso de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, levado a cabo polo órgano de contratación da fundación pública Urxencias Sanitarias de Galicia, 061, realizouse de conformidade á normativa vixente, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da lexislación.

Quero deixar moi claro que en ningún momento o 061 foi requirido como investigado. A investigación xudicial non está centrada en se puido existir prevaricación, senón que se presenta en exclusiva contra un traballador da fundación. Non intentemos confundir. Non todo vale. E por iso vostede tamén mezcla o que é o traslado do 061. O traslado do 061 faise para mellorar o servizo, porque —xa o dixemos naquel momento— a día de hoxe non se produciu ese traslado, estase negociando co persoal polos problemas que poidan ter. Esa é unha negociación e imos ter meses por diante para poder facelo.

Pero, desde logo, con isto imos mellorar. Un centro único integrará as atencións de todas as emerxencias de Galicia. No mesmo edificio funcionarán de maneira conxunta e coordinada, ademais do 061 e o 112, as que representan as forzas e corpos de seguridade do Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A centralización dos servizos fará posible...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a atención conxunta das emerxencias comunitarias e por iso creo que é un dato positivo de mellora do servizo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

Debates agora de xeito acumulado a pregunta de dona Olalla Rodil Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e a de dona Ánxeles Cuña, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do mantemento da oferta pública de emprego anunciada para o ensino no ano 2017

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Ten, en primeiro lugar, a palabra a deputada señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe queremos darlle unha segunda oportunidade, conselleiro. Estamos espléndidas. É 8 de marzo e vimos así, con bo ánimo. Unha nova oportunidade a respecto da situación que atinxe ás persoas que están a agardar a respecto da convocatoria no noso país das oposicións en educación —falamos onte pola mañá disto—, non para que nos repita, precisamente, os mesmos argumentos que nos deu onte sobre unha seguridade xurídica que non ten vostede que procurar en ningún sitio. Xa llo dixemos, conta con ela desde que foron prorrogados os orzamentos de 2016 a comezos deste ano e despois tamén de que se aprobasen aquí na Galiza os correspondentes ao exercicio 2017.

Non queremos que nos reitere eses argumentos, dámoslle esta segunda oportunidade para que se desmarque do uso que o Ministerio de Facenda e, por extensión, tamén o Partido Popular no Estado español está a facer das persoas opositoras como moeda de cambio e como arma política —tamén llo dixen onte— nas negociacións dos orzamentos, e para que convoque esas oposicións, esa oferta de emprego público en educación, xa.

Lance —tamén llo comentaba onte pola mañá— unha mensaxe de confianza e tranquilidade convocando esa oferta pública de emprego. Amose con feitos e non con palabras o seu compromiso na defensa dos intereses de Galiza, do ensino público deste país. Responda ás demandas que ademais lle foron trasladadas polas organizacións sindicais, nomeadamente por algunhas delas, como CIG-ensino, na mesa sectorial que decorreu o pasado 2 de marzo.

Ten vostede o apoio —tamén llo sinalaba onte— das forzas políticas da oposición deste Parlamento. Non sabemos se goza do mesmo apoio na súa bancada. Pero, sobre todo, conta co apoio de todas esas persoas que pretenden concorrer a esas oposicións e que están agardando a que o Goberno da Xunta de Galiza publique a convocatoria e que non as manteña como reféns dunha chantaxe. Porque —insisto, díxenllo onte e vólvollo repetir— vemos o que está a acontecer coas oposicións que vostedes prometeron —por certo, e cómpre lembralo— durante a súa comparecencia na Comisión de Educación en decembro de 2016, no marco do debate orzamentario —ese foi o titular do día, buscou precisamente ese titular e conseguiron que o titular da xornada fose iso—; vemos agora o que está a acontecer agora precisamente diante desa chantaxe, pois non pode nomearse máis que desa maneira.

Ademais, cremos que non só se está a chantaxear as persoas que pretenden concorrer a esa oferta pública de emprego prometida e anunciada publicamente, senón tamén que dalgunha maneira a actitude que mantén o Partido Popular, o ministro de Facenda español e o propio Goberno español, está a deixalos a vostedes nunha mala situación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...toda vez que xa tiñan anunciado publicamente esa convocatoria.

Aí vai a segunda oportunidade, señor Rodríguez: ¿vai convocar as oposicións en educación, como lle reclaman opositores, sindicatos e as forzas da oposición?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten agora o turno para formular a pregunta a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Permítanme que comece cuns versos, aproveitando que é o Día contra a desigualdade laboral produtora e reprodutora e contra a violencia machista. «Muller, se che medraron as ideas, de ti van dicir cousas moi feas: que non es boa, que se tal cousa, que cando calas es moito máis fermosa. Muller, espiga aberta entre cueiros, cadea de elos ancestrais, ovario forte, di o que vales. A vida comeza cando todas somos iguais e todos. Cando non queiras ser incubadora, dirán: non serven estas mulleres de agora. Muller, semente, froito, flor, camiño. Pensar é altamente feminino. Hai no teu peito dous mananciais, fuxir brancos, non anuncios comerciais.» Como teño tamén —é moi importante— que dar resposta a esta postura, vanse repetir mesmo algúns adxectivos xa ditos aquí.

Cremos que a postura do Goberno, de entrada, cando o ministro di: sabemos da importancia que ten convocar oposicións, dicimos: ben, somos plenamente conscientes; ben, sabemos que hai que reducir a interinidade; dicimos: ben, hai que ver tamén que dotacións orzamentarias; ben, son mínimas, sabémolo tamén. Despois é cuestión de saber e de ver, ver como facelo correctamente. Ben. Ver como encaixa, tranquilizar os opositores. Ben. Pero debaixo de todo isto, nós cremos que hai un motivo serio e contundente. Que é ¿cal? É a aprobación dos orzamentos xerais, porque o ministro di tamén: fun a Bruxelas, a París ou a Francia e atopei incompreensión; non entende a xente como non se aproban os presupostos xerais.

Naturalmente, ese obxectivo de déficit que teñen que cumprir está debaixo desta —si— primeira chantaxe. Hai chantaxe; e hai chantaxe para que se aproben os orzamentos. Segundo, hai submisión por parte do Goberno galego. Terceiro, hai ameaza de impugnación; naturalmente, hai expertos en dereito administrativo especializado en procesos de acceso á función

pública que din que xuridicamente non acaban de ver os argumentos que utilizará a Avogacía do Estado ou a propia Xunta para rexeitar isto, porque se pode blindar.

Sabémolo e sábeno. O que pasa é que hai que facer presión. ¿Para que? Para que se aproben os orzamentos. Hai falta de liderado, a decisión trasládase a Facenda, fálase reiteradamente de seguridade xurídica.

Señor conselleiro, saben que a seguridade xurídica nos interesa. Falan de respecto aos opositores. Claro, pero os opositores senten ansiedade, por tempo, diñeiro e esforzos que están investidos; senten incerteza absoluta, son recéns; repito o substantivo, que é aprobar os orzamentos. Pasan dunha a outra vez a botar xerras de auga fría, xeran nerviosismo e ambigüidade, non certeza, non tranquilidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Polo tanto, a pregunta é que van facer, porque, respecto ao calendario, a oferta tería que saír en febreiro, a convocatoria en marzo, para facer as oposicións en xuño, e que os profesores e profesoras puideran ocupar as súas prazas en setembro.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes. Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, entenderán que o meu discurso non mude moito en vinte e catro horas, como tampouco mudou moito o seu; o seu tampouco mudou moito. En todo caso, agradezo a nova oportunidade para poder reiterar unha mensaxe que creo que a cidadanía galega xa coñece e creo que os opositores, que son miles de xoves que depositan as súas esperanzas vitais neste proceso, tamén coñecen.

Eu creo que está todo practicamente dito. A Xunta de Galicia ten a vontade de convocar a oferta de emprego público para o ano 2017, e queremos facer coas máximas garantías de seguridade xurídica, por dous motivos fundamentais: o primeiro, polo propio respecto aos opositores, e o segundo, porque haxa unhas garantías reais ao proceso.

Xa dixemos onte como estaban as cousas. Houbo anuncios, non por parte desta comunidade autónoma, por parte de todas as comunidades autónomas do Estado, con diferentes partidos políticos. Nos meses de decembro e xaneiro esta consellería, este goberno, na pasada mesa sectorial do 2 de marzo, ratificou a súa vontade de convocar oposicións, obviamente nas condicións de seguridade xurídica necesarias a nivel nacional para que se poidan facer.

Estamos traballando dentro das datas posibles, dentro das marxes posibles. As oposicións convocaranse, sen dúbida, cando estea desbloqueada a situación a nivel estatal e cando haxa certezas a nivel estatal para celebralas, como soe ser habitual, unha vez que rematen as clases e antes do verán, para que poidan comezar os traballadores en setembro a traballar no réxime de profesionais funcionarios.

E creo que os datos xa os dixemos; eu vou nos reiterar: 1.043 prazas, o 100 % da taxa de reposición: 540 prazas en secundaria, 80 en FP, 400 en mestres, en primaria, e 23 en música e artes escénicas.

Nós temos todo o traballo feito. Todo o traballo está feito e está supeditado a que haxa unha certeza no marco xurídico. E isto non é algo que faga só Galicia. Galicia faíno porque é un goberno responsable, como ten que ser, pero non é que só o faga Galicia. Outras comunidades autónomas tamén están agardando a que se desbloquee a situación; non só é Galicia; está Madrid, está Asturias, está Cantabria; é dicir, hai gobernos de diferentes cores. E estes —digamos— adxectivos cariñosos que vostedes din de submisión, de ser submisos, de chantaxes, etc., supoño que desas comunidades autónomas dirán o mesmo, aínda que sexan de gobernos moi parecidos a vostedes.

En todo caso, insistimos: un partido político, unha administración ten que decidir con responsabilidade, e queremos ter a certeza xurídica. ¿Por que? Porque non podemos meter nun calexón sen saída miles de xoves en Galicia, en España a centos de miles de xoves. E a mellor solución está clara, tense dito: a mellor solución é a aprobación dos orzamentos.

Tamén o propio Ministerio de Educación, que é o portavoz do Goberno, dixo que, en caso de que non se dese saído por esta vía, habería que buscar algún tipo de solución, habería que intentar buscar algunha habilitación xurídica que posibilitase que houbera unha certeza, unha seguridade xurídica.

Vostede dime: ¿por que non a facemos xa? Miren, no pasado houbo precedentes, moi preto no tempo, que xeran unha enorme frustración nas persoas, e que é un efecto e un traballo inútil. No ano 2012 en Andalucía convocouse unha OPE sen seguridade xurídica; chegou ao Constitucional e botouna abaixo. Imaxinen que frustración para as persoas e para as familias facer un proceso sen seguridade xurídica.

E claro, nós ¿que debemos facer? Queremos que haxa estabilidade, porque aí estamos todos de acordo, que haxa un respecto aos opositores, que van consumir unha parte importantísima da súa vida e depositar moitísimas esperanzas vitais nestes procesos, e eu creo que que menos que darlles certezas e garantías xurídicas.

E tamén noutras ocasións ten habido unha cousa parecida a esta, unha situación semellante a esta. Hai moi pouco tempo debatíase sobre a proba que viña substituír a antiga selectividade, a proba de segundo de bacharelato, e nós sempre dicíamos que había que ter tranquilidade, ter calma dentro dos prazos, ter tempo e traballar en positivo. E creo que se fixo. ¿Que pasou? Mentres que por unha parte se falaba de que ía ser un desastre, que estaba todo patas arriba, nós estivemos traballando, coa CIUG e coas tres universidades, para xerar cer-

tezas e tranquilidade e para deseñar un sistema de avaliación que servise para substituír a antiga selectividade que ao final cumprise os requisitos que todo o mundo pedía: que fosen moi semellantes á selectividade —así é—, que non fose necesaria para ter o título de bacharelato —así é— e que só tivese que ser para os alumnos que necesitaban acceder á universidade —e así foi—.

Houbo uns prazos legais, uns movementos políticos, derivados da inestabilidade, que, unha vez que se puideron solventar, fomos capaces de facelo dentro dos prazos legais e dos tempos legais, igual que estamos agora.

Polo cal, eu insisto no que dixen ao principio: creo que en relación coas oposicións o que demandamos é que haxa unha certeza e unha seguridade xurídica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e manifestar e reiterar a firme vontade da Xunta de Galicia de levalas a cabo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para réplica, en primeiro lugar, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Alédame que saque vostede o tema da selectividade. Coñeciamos onte, precisamente a través da prensa, os trazos fundamentais desa nova proba, uns problemas dos que vostede daba conta, de atrasos, de incertezas, de inseguridades, que creou precisamente o seu partido e o Partido Popular en Madrid cando se empeñou por activa e por pasiva en impoñernos as reválidas. (*Aplausos.*) ¿E logo que houbo que facer? Recuar, porque non lles quedou outra, e buscar algún parche co que saír do problema antes de que tivesen que acometerse esas probas de acceso á universidade.

Respecto da seguridade xurídica, que agora os preocupa tanto, eu non vexo que lles dese tanta preocupación no mes de decembro, que tiñamos practicamente as mesmas condicións xurídicas que temos hoxe, a excepción de que os orzamentos da Xunta aínda estaban en proceso de debate parlamentario, e daquela non lles tremeu a voz en ningún momento para anunciar case practicamente até o número de prazos que ían ser convocadas e as especialidades. É dicir, meteunos vostede nesa inseguridade, nesa inseguridade. (*Aplausos.*) Así que agora apee coas consecuencias.

A pregunta que eu lle fago —e a ver se me pode contestar na réplica— é que van facer vostedes entón se Montoro decide de novo non resolvern os problemas, porque estamos de maneira constante —díxenllelo onte— ollando para cando nos dan permiso para facer as cousas, nin sequera cando temos os cartos, temos os orzamentos aprobados e un goberno

que non ergue a voz absolutamente para contrariar en nada os intereses de España e do Partido Popular no Estado español.

Esa é unha constatación, e repito que isto vai para todas as forzas con representación nesta Cámara, a constatación de que a recentralización política non trae máis que problemas. Teñen capacidade, competencias e soberanía, aínda que pouca e estreita, para convocar esas oposicións. Fágano, porque nos meteron nesta lea, precisamente, vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra para réplica a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Con respecto ás outras comunidades, vostede nomeou varias, faltoulle —que eu saiba— Canarias. Son soamente cinco as comunidades que están pendentes de tomar decisións; o resto adiáronas, foron decisións tomadas xunto cos sindicatos, cousa que aquí non foi exactamente así; e despois hai catro que van para adiante. Eu non me vou deter nisto, porque vostede sabe ben cales son esas comunidades.

Con respecto a se teñen dúbidas sobre a seguridade xurídica das ofertas, pois poden buscar xeitos de blindarse; estamos falando de que saídas; por exemplo, metendo unha disposición transitoria onde se explicita que a oferta pública de emprego se executará na medida en que sexa respectada a taxa de reposición que se aprobe nos orzamentos para 2017.

Está vixente o artigo 20. ¿Que se pode dicir? Que xuridicamente non se acaban de ver os argumentos que vostedes barallan para que isto se anule no futuro. ¿Por que? Porque a oferta pública aprobada no 2017, co 100 % da taxa de reposición que se aprobou no 2016, pode pórse a andar; é dicir, se temos o 100 % das prazas, que, como ben di, son 1.043 prazas en Galicia, vostedes poden ter posibilidades de blindalo. Iso primeiro.

Segundo. Que o que dixi con respecto á substitución da selectividade, que eu saiba, vostede di que cumpren os prazos. Falta por decidir como van ser as probas de galego, se non me trabuco; polo menos faltaba hai tres días. Tamén me gustaría que nos contestase con respecto a isto, porque non se pechou, xusto outra vez máis, a lingua galega, que queda fóra.

Nada máis. Díganos, por favor —e estamos diante da mesma pregunta—: ¿que pasa se o ministro decide que non hai prórroga?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ¿Podemos seguir funcionando ou non? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a réplica por parte do Goberno o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que hai que ser realistas; se non somos realistas, pois realmente temos moitas dificultades. Pero todas as comunidades autónomas, arredor de decembro-xaneiro, anunciaron que iniciaban os trámites para convocar as prazas públicas de oferta de emprego no ensino, porque non é un procedemento que se faga dun día para outro; non é facer así e que apareza o procedemento; hai uns prazos legais e hai que empezar a facelo cuns tempos e uns prazos; e todas, todas, o fixemos.

E eu creo que aquí se fala de seguridade xurídica con moita alegría e, obviamente, vostedes pensan en Galicia —e eu enténdoo e é razoable—, pero, se un ve o mapa de España, pois aquí vemos que hai diferentes formas de abordar este problema. Ata agora só hai unha comunidade autónoma que convocara as oposicións, que é o País Vasco; precisamente as convocou o mesmo día que comezaba esta problemática; non sabemos que pasaría se non as tiveran xa no boletín, non o sabemos.

Hai outras, por certo, que levan anunciando que as van convocar pero ata o de agora non o fixeron: Cataluña, Baleares ou Andalucía, gobernos de diferentes cores. Outras por certo —Extremadura, Castilla-La Mancha— dixeron que non as convocaban, e ¿por que din que non as convocaban? Alegando precisamente que non había seguridade xurídica; están as súas respostas para negarse a convocar.

Co cal vostedes entenden que hai un mapa de seguridade xurídica en Galicia diferente ao que pode haber noutras comunidades autónomas onde os seus —digamos— socios ideolóxicos teñen responsabilidades políticas, co cal eu creo que hai que ser un pouquiño realista. E eu entendo que vostedes intenten xerar alarmismo, xerar problemática, xerar algún tipo de problema, pero eu digo e repito e insisto —digo, repito e insisto—: hai a firme vontade da Xunta de Galicia de convocar 1.043 prazas educativas, cando haxa certeza xurídica. ¿Por que? Para non meter os miles de opositores, xoves opositores que xogan unha baza na súa vida, por un camiño que non teña retorno. Porque vostedes falan moi alegremente, pero ¿que lles dirían vostedes, coa súa teoría, aos xoves que en Andalucía no ano 2012 se presentaron a unha oposición, en teoría porque había certeza xurídica, e posteriormente os xulgados a tombaron?

Estamos en tempo, estamos en prazo, temos a mesma vontade, queremos o mesmo. Vostedes queren precipitarse e nós queremos facelo con certeza xurídica. E insisto: na nosa situación laboral no eido educativo —díxeno onte e repíto— temos a taxa de interinos máis baixa do Estado, a máis baixa; a nosa é o 13 %, a media está nun vinte e pico por cento e algunhas comunidades autónomas están por riba do 30 %. Fíxese vostede en que hai centros educativos en España dalgunhas comunidades autónomas —que non vou dicir aquí, para que non me digan que estou alarmando— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) onde non hai nin un profesor funcionario, nin un; e nós temos... Non, en Andalucía, si, así sacan os resultados que sacan, si.

Eses son datos reais. E temos a ratio de profesores mellor do conxunto de España. Pero, aínda así, queremos xerar maior estabilidade no profesorado, porque entendemos que é unha das claves do funcionamento do sistema. Agora, somos responsables e creo que debemos ter tamén

un certo respecto institucional e non confundir o respecto institucional e o traballo positivo e con responsabilidade con deixarse chantaxear, como parece que intentan dicir vostedes.

Mire, nós queremos buscar solucións, queremos darlles certeza a miles de xoves que depositan as súas esperanzas neste proceso, e o que non podemos é metelos por un calexón no que non hai certeza xurídica, porque a min preocúpame moito, e moitísimo, que dentro dun tempo haxa que dicir: non, isto non valeu porque vostedes se precipitaron. E como non queremos facelo, temos o traballo feito, cóstanos que se está traballando para intentar desbloquear esta situación e ao final, como dixen onte, señorías, o tempo dá e quita razóns, e cando isto se poida facer con seguridade xurídica, agradezo que vostedes tamén o recoñezan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Moitas grazas e boa tarde.

Remata a sesión ás seis e cincuenta e dous minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25